

Estudo sobre condutas de violencia sexual e aproximación e intervención da administración local na materia



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de Recuperación,
Transformación y Resiliencia





Estudo sobre condutas de violencia sexual e aproximación e intervención da Administración local na materia. 1ª edición 2023.

Elaborado pola Federación Mujeres Jóvenes. Encargado pola Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP)

Coordinación Federación Mujeres Jóvenes

Mónica Saiz Martínez

Coordinación do equipo de investigación

Tania Sordo Ruz

Redacción

Violeta Assiego Cruz, Hebe Bonilla Rodríguez e Tania Sordo Ruz

Equipo de investigación

Violeta Assiego Cruz, Hebe Bonilla Rodríguez e Tania Sordo Ruz

Tradución

Raquel Senra Fernández, Árbore Azul

ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN	p. 15
2.	OBXECTIVOS	p. 19
3.	METODOLOXÍA	p. 26
4.	CONSIDERACIÓNS PREVIAS	p. 33
5.	SOBRE O SERVIZO ATENPRO	p. 36
6.	AS VIOLENCIAS SEXUAIS CONTRA AS MULLERES	p. 42
7.	DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN DAS VIOLENCIAS SEXUAIS EN ESPAÑA	p. 48
	a. CONTEXTO XERAL DOS DELITOS CONTRA A LIBERDADE E INDEMNIDADE SEXUAL 2019-2021	p. 49
	i. Actos delituosos sexuais coñecidos, delitos sexuais rexistrados e vitimizacións (2019-2021)	p. 49
	1. Actos delituosos sexuais coñecidos (2019-2021)	p. 49
	a. Representación territorial: actos delituosos sexuais coñecidos (2021)	p. 52
	2. Actos delituosos sexuais esclarecidos (2019-2021)	p. 55
	a. Representación territorial: delitos sexuais esclarecidos (2021)	p. 56
	3. Comparativa actos delituosos coñecidos e delituosos sexuais esclarecidos (2021)	p. 57
	4. Vitimizacións (2019-2021)	p. 58
	a. Representación territorial: vitimizacións (2021)	p. 63

ii. Agresións sexuais levadas a cabo por dúas ou máis persoas de sexo masculino (2021). Abuso e agresión	p. 64
1. Representación territorial dos actos de violencia sexual múltiple coñecidos e rexistrados (2016-2021)	p. 69
b. ACOSO SEXUAL, STALKING, AGRESIÓN E ABUSO SEXUAL 2019, 2021 E PERÍODO 2015-2019	p. 70
i. Perfil das vitimizacións de mulleres: abuso e agresión sexual (con ou sen penetración), acoso sexual e <i>stalking</i>	p. 70
1. Número de vitimizacións de mulleres por delitos contra a liberdade sexual: abuso e agresión sexual (con ou sen penetración) e acoso sexual (2021)	p. 70
a. Violencia sexual fóra do ámbito da parella. <i>Macroencuesta de Violencia contra la Mujer de 2019 (Macroenquisa de Violencia contra a Muller 2019, MVM 2019): prevalencia, frecuencia e formas de violencia (abuso e agresión sexual)</i>	p. 71
b. Acoso sexual. <i>Macroenquisa 2019: prevalencia, frecuencia e formas de acoso sexual</i>	p. 74
c. Acoso reiterado ou <i>stalking</i> . <i>Macroenquisa 2019: prevalencia, frecuencia e formas de <i>stalking</i></i>	p. 77
d. Violencia sexual exercida pola parella ou exparella. <i>Macroenquisa 2019: prevalencia, frecuencia e formas de violencia sexual</i>	p. 79
2. Idade de vitimizacións de mulleres por delitos contra	p. 84

a liberdade sexual: abuso e agresión sexual (con ou sen penetración), acoso sexual (2021) e *stalking* (2019)

- a. Idade das mulleres que sufriron violencia sexual fóra do ámbito da parella: *Macroenquisa 2019* (abuso e agresión sexual) p. 89
 - b. Idade das mulleres que sufriron acoso sexual: *Macroenquisa 2019* p. 90
 - c. Idade das mulleres que sufriron *stalking*: *Macroenquisa 2019* p. 90
 - d. Idade das mulleres que sufriron violencia sexual dentro da parella ou exparella: *Macroenquisa 2019* p. 91
3. Nacionalidade da vítima de violencia sexual: abuso e agresión sexual (con ou sen penetración), acoso sexual e mutilación xenital feminina (2015-2019) p. 92
- a. Mulleres vítimas de violencia sexual fóra e dentro da parella/exparella, acoso sexual e *stalking*. *Macroenquisa 2019*: país de nacemento p. 93
4. Resto de características do perfil sociodemográfico das mulleres que sufriron violencia sexual (abuso e agresión sexual). *Macroenquisa 2019* p. 94
- a. Violencia sexual (abuso e agresión). *Macroenquisa 2019*: nivel de estudos, «discapacidade acreditada» e tamaño do concello de residencia p. 94

- b. Acoso sexual. *Macroenquisa 2019*: nivel de estudos, «discapacidade acreditada» e tamaño do concello de residencia p. 96
 - c. *Stalking*. *Macroenquisa 2019*: nivel de estudos, «discapacidade acreditada» e tamaño do concello de residencia p. 97
 - d. Violencia sexual dentro da parella/exparella. *Macroenquisa 2019*: nivel de estudos, «discapacidade acreditada», tamaño do concello de residencia, situación legal coa parella actual e convivencia coa parella actual p. 99
- 5. Distribución de vitimizacións por lugar de comisión do acto: abuso e agresión sexual (con ou sen penetración) e acoso sexual (2019) p. 101
 - a. Lugar onde se produciu a violencia sexual segundo os datos da *Macroenquisa 2019*: abuso e agresión sexual (2019) p. 104
- 6. Relación coa autoría do acto delituoso: abuso e agresión sexual (con ou sen penetración), acoso sexual e *stalking* (2015-2019) p. 105
 - a. Vínculo coa persoa que exerceu/exerce a violencia sexual segundo os datos da *Macroenquisa 2019*: abuso e agresión sexual (2019) p. 107
 - b. Vínculo coa persoa que exerceu/exerce a violencia sexual segundo os datos da *Macroenquisa 2019*: acoso sexual (2019) p. 107
 - c. Vínculo coa persoa que exerceu/exerce p. 108

stalking segundo os datos da *Macroenquisa 2019: stalking* (2019)

ii. Distribución territorial autonómica das vitimizacións de mulleres: abuso e agresión sexual (con ou sen penetración) e acoso sexual (2019)	p. 108
iii. Tipo e intensidade da violencia denunciada: abuso e agresión sexual (con ou sen penetración) e acoso sexual (set. 2016-dec. 2019)	p. 109
iv. Agresións sexuais en grupo (2019): datos da <i>Macroenquisa 2019</i>	p. 111
v. Lesións físicas a consecuencia da violencia sexual (agresión e abuso sexual): <i>Macroenquisa 2019</i>	p. 112
vi. Buscas de axuda a raíz da violencia sexual, do acoso sexual e do <i>stalking</i> : <i>Macroenquisa 2019</i>	p. 113
c. VIOLENCIA DIXITAL (2021 e 2022)	p. 113
i. Contexto xeral da ciberdelincuencia sexual (2021)	p. 113
1. Contexto xeral da ciberdelincuencia sexual independentemente do sexo da vítima: actos coñecidos rexistrados. Ciberdelincuencia sexual (2021)	p. 115
2. Perfil das vitimizacións (idade e sexo): ciberdelincuencia sexual (2021)	p. 117
a. Vitimizacións por grupos de idade: ciberdelincuencia sexual (2021)	p. 117
3. Contexto xeral das vitimizacións a mulleres como consecuencia da ciberdelincuencia sexual (2021)	p. 118

a.	Vitimizacións a mulleres como consecuencia da cibercriminalidade sexual: nacionalidade (2021)	p. 120
ii.	Incidencia de diversas formas de acoso sexual online por idades (2019)	p. 121
iii.	Violencia sexual a través do uso de aplicacións de citas: Tinder (2022)	p. 122
d.	TRATA DE MULLERES CON FINS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL (2019-2021)	p. 123
i.	Contexto da trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual (2019-2021)	p. 123
1.	Número de vítimas de trata con fins de explotación sexual en España (2019-2021)	p. 123
2.	Posibles situacións de trata con fins de explotación sexual en España segundo entidades (2021)	p. 125
3.	Perfil das mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual en España: idade e nacionalidade (2021)	p. 126
4.	Recursos de atención a vítimas de trata con fins de explotación sexual en España (2020 e 2021)	p. 128
a.	Aloxamento e atención ambulatoria (2021)	p. 128
5.	Datos do Ministerio do Interior - Centro de Intelixencia contra o Terrorismo e o Crime Organizado (CITCO) - (2021)	p. 129
6.	Datos da Unidade de Estranxeiría da Fiscalía Xeral do Estado (2021)	p. 130
7.	Sentenzas (2021)	p. 133

a.	Proporción de sentenzas (2021) sobre o número de casos de trata con fins de explotación sexual detectados pola entidade (2021)	p. 133
e.	MUTILACIÓN XENITAL FEMININA EN ESPAÑA (2021)	p. 135
i.	Contexto da mutilación xenital feminina en España (2016-2021)	p. 135
1.	Poboación feminina en España procedente de países onde se practica a mutilación xenital feminina (2016-2021)	p. 136
2.	Poboación feminina procedente de países onde se practica a mutilación xenital feminina por comunidades autónomas (2016-2021)	p. 140
f.	MATRIMONIO FORZOSO EN ESPAÑA (2019)	p. 142
i.	Contexto das vítimas de matrimonios forzosos en España con sobrerrepresentación de Cataluña (2019)	p. 142
1.	Características sociodemográficas das vítimas de matrimonios forzosos en España con sobrerrepresentación de Cataluña (2019)	p. 142
a.	Características sociodemográficas das vítimas de matrimonios forzosos: idade (2019)	p. 142
b.	Características sociodemográficas das vítimas de matrimonios forzosos: nacionalidade (2019)	p. 143
c.	Características sociodemográficas das vítimas de matrimonios forzosos: comunidade ou etnia (2019)	p. 144

d.	Características sociodemográficas das vítimas de matrimonios forzosos: relixión (2019)	p. 144
e.	Características sociodemográficas das vítimas de matrimonios forzosos: estado civil no momento no que se detecta o caso de matrimonio forzoso (2019)	p. 145
ii.	Entidades que coñecen o volume de casos de vítimas de matrimonios forzosos en España con sobrerrepresentación de Cataluña (2019)	p. 145
1.	Ámbito de actividade da entidade que intervéu ou detecta os casos de matrimonios forzosos (2019)	p. 146
2.	Como chegan os casos de matrimonios forzosos a coñecemento das entidades (2019)	p. 146
3.	Detección do matrimonio forzoso por parte da entidade segundo o momento: antes ou despois de contraerse (2019)	p. 147
4.	Persoa que pon o matrimonio forzoso en coñecemento das entidades (2019)	p. 147
5.	Situación legal da vítima identificada no momento da intervención por parte da entidade (2019)	p. 148
g.	PERSOAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE ANTE AS VIOLENCIAS SEXUAIS	p. 148
i.	Violencias sexuais contra nenas, nenos e adolescentes (2021)	p. 148
1.	Violencia contra nenas, nenos e adolescentes: estatísticas do Ministerio do Interior (2021)	p. 150
a.	Evolución das vitimizacións (2019-2021)	p. 151

b. Territorio no que se producen os delitos: comunidades autónomas (2021)	p. 153
2. As violencias sexuais contra nenas e nenos a través do estudo das sentenzas ditadas en España durante o período 2010-2019	p. 154
a. Características sociodemográficas das nenas e nenos segundo as sentenzas (2010-2019)	p. 154
b. Sexo dos agresores segundo as sentenzas (2010-2019)	p. 155
c. Relación entre a vítima e o agresor ou agresores segundo as sentenzas (2010-2019)	p. 155
d. Tempo transcorrido entre os actos e a denuncia segundo as sentenzas (2010-2019)	p. 156
e. Persoa ou organismo que denuncia segundo as sentenzas (2010-2019)	p. 157
f. Lugar da agresión segundo as sentenzas (2010-2019)	p. 157
g. Continuidade da agresión segundo as sentenzas (2010-2019)	p. 157
ii. Violencias sexuais contra adolescentes (2021)	p. 158
iii. Violencias sexuais e mulleres novas (2019)	p. 162
1. Agresión e abuso sexual en mulleres novas fóra da parella ou exparella (2019)	p. 163
2. Acoso sexual en mulleres novas (2019)	p. 164
3. Acoso sexual reiterado ou <i>stalking</i> en mulleres novas (2019)	p. 164
iv. Violencias sexuais e mulleres maiores de 65 anos (2019-	p. 164

2021)

v. Violencias sexuais e mulleres con algún tipo e grao de diversidade funcional (2019-2020)	p. 168
1. Prevalencia da violencia sexual en mulleres con algún tipo de diversidade funcional dentro da parella ou exparella (2020)	p. 168
2. Agresión e abuso sexual en mulleres con algún tipo de diversidade funcional fóra da parella ou exparella (2019)	p. 169
3. Acoso sexual en mulleres con algún tipo de diversidade funcional (2019)	p. 170
4. Acoso sexual reiterado ou <i>stalking</i> en mulleres con algún tipo de diversidade funcional (2019)	p. 171
vi. Violencias sexuais e mulleres nadas no estranxeiro (2019)	p. 171
1. Agresión e abuso sexual en mulleres estranxeiras fóra da parella ou exparella (2019)	p. 171
2. Acoso sexual en mulleres estranxeiras (2019)	p. 172
3. Acoso sexual reiterado ou <i>stalking</i> en mulleres estranxeiras (2019)	p. 173
vii. Violencias sexuais e mulleres residentes en concellos pequenos (2019)	p. 173
1. Agresión e abuso sexual fóra da parella ou exparella en mulleres que residen en concellos pequenos (2019)	p. 173
2. Acoso sexual en mulleres que residen en concellos pequenos (2019)	p. 174
3. Acoso sexual reiterado ou <i>stalking</i> en mulleres que residen en concellos pequenos (2019)	p. 175
h. PERCEPCIÓN SOBRE AS VIOLENCIAS SEXUAIS CONTRA AS	p. 175

	MULLERES: AGRESIÓN E ABUSO SEXUAL, ACOSO SEXUAL, VIOLENCIA SEXUAL DIXITAL (2023) E MATRIMONIOS FORZOSOS (2018)	
	i. <i>Encuesta sobre cuestiones de actualidad: la violencia sexual contra las mujeres. Avance de resultados (xaneiro 2023):</i> Centro de Investigacións Sociolóxicas	p. 175
	ii. Enquisa «No acepto». <i>Aproximación a los matrimonios forzados en España desde la mirada de las profesionales y los profesionales de la Comunidad de Madrid y Cataluña. (2018):</i> Federación de Mujeres Progresistas	p. 180
	i. FEMINICIDIO SEXUAL (2022)	p. 181
	i. Comparativa entre feminicidios: feminicidio sexual (2022)	p. 181
8.	APROXIMACIÓN E INTERVENCIÓN DA ADMINISTRACIÓN LOCAL NAS VIOLENCIAS SEXUAIS	p. 182
	a. OBRIGAS LOCAIS SOBRE AS VIOLENCIAS SEXUAIS	p. 182
	b. SERVIZOS PROPIOS DE ATENCIÓN, INTERVENCIÓN E PROTECCIÓN DE MULLERES VÍTIMAS OU SUPERVIVENTES DE VIOLENCIAS SEXUAIS	p. 186
	c. PROPOSTAS PARA MELLORAR AS ACCIÓNS DE INTERVENCIÓN E PREVENCIÓN EN MATERIA DE VIOLENCIAS SEXUAIS	p. 199
	d. PROPOSTAS DUN SISTEMA DE AVALIACIÓN	p. 202
9.	INCORPORACIÓN DAS VIOLENCIAS SEXUAIS AO SERVIZO ATENPRO	p. 205
	a. CONTEXTO	p. 205
	b. SUXESTIÓNS XERAIS PARA A INCLUSIÓN DAS VIOLENCIAS SEXUAIS NO SERVIZO ATENPRO	p. 206
	c. SUXESTIÓNS ESPECÍFICAS	p. 213
	i. Proposta de protocolo de atención ás violencias sexuais	p. 213

ii.	Propostas de medidas concretas que favorezan a supervisión técnica e a formación continua e especialización do equipo profesional que asiste as usuarias de ATENPRO vítimas do obxecto do estudo	p. 214
	1. Itinerario formativo	p. 214
	2. Sistema de avaliación	p. 217
10.	CONCLUSIÓN	p. 219
11.	BIBLIOGRAFÍA	p. 222
12.	ANEXO 1 - CUESTIONARIO	p. 239

1. INTRODUCCIÓN

De acordo coa Organización Mundial da Saúde(OMS), a violencia sexual é: «todo acto sexual, a tentativa de consumir un acto sexual, os comentarios ou insinuacións sexuais non desexados, ou as accións para comercializar ou empregar de calquera outro modo a sexualidade dunha persoa mediante coacción por outra persoa, independentemente da relación desta coa vítima, en calquera ámbito, incluídos o fogar e o lugar de traballo»¹.

No caso da violencia sexual contra as mulleres, esta é unha manifestación da violencia por razón de xénero contra elas, polo tanto, constitúe unha forma de discriminación e unha vulneración dos dereitos humanos². Debido a que a violencia sexual ten distintas formas ou manifestacións, referirémonos a ela como violencias sexuais, en plural. Todas as mulleres teñen o dereito a unha vida libre de violencias sexuais, dereito que é interdependente e que conecta con outros dereitos humanos, ademais de que se vincula estreitamente co dereito á igualdade e á non discriminación, incluída a interseccional. As violencias sexuais afectan as mulleres por ser mulleres e/ou de forma desproporcionada³, tal e como acontece coa agresión sexual, o acoso sexual, a trata con fins de explotación sexual, a mutilación xenital feminina (MXF), o matrimonio forzoso (MF) e as violencias sexuais cometidas no ámbito dixital, o que comprende a difusión de actos de violencia sexual, a pornografía non consentida e a extorsión sexual a través de medios tecnolóxicos.

Como afondaremos neste estudo, en España, de acordo coa *Macroencuesta de Violencia contra la Mujer de 2019 (Macroenquisa de Violencia contra a Muller 2019, MVM 2019)*, 1 de cada 2 mulleres afrontou algún tipo de violencia machista ao longo da súa vida e, do total de mulleres de 16 anos ou máis que residen en España, 1 322 052 (o 6,5 %) afrontaron violencia sexual por parte dunha persoa coa que non manteñen nin mantiveron unha relación nalgún momento das súas vidas e 103 487 mulleres (o 0,5 %) nos últimos 12 meses⁴. Somos conscientes de que os datos en violencias sexuais contra as mulleres, polas características desta violencia, son unha aproximación. Así mesmo, como desenvolveremos neste estudo, existen manifestacións de violencia sexual ás que se prestou máis atención e outras ás que menos.

Estes datos amosan que aínda é preciso adoptar e desenvolver toda unha serie de medidas para erradicar as violencias sexuais contra as mulleres en todas as súas formas, manifestacións e ámbitos, tendo o Estado español a obriga de actuar coa dilixencia debida

¹ Organización Mundial da Saúde. s/d. «Violencia contra la mujer: violencia de pareja y violencia sexual contra la mujer». *Nota descriptiva n.º 239*.

² Empregamos «violencia por razón de xénero contra as mulleres» seguindo a *Recomendación xeral n.º 35 sobre a violencia por razón de xénero contra a muller, pola que se actualiza a Recomendación xeral n.º 19* (2017) do Comité para a Eliminación da Discriminación contra a Muller. Comité para a Eliminación da Discriminación contra a Muller. 2017. *Recomendación xeral n.º 35 sobre a violencia por razón de xénero contra a muller, pola que se actualiza a Recomendación xeral n.º 19*.

³ Ver: Comité para a Eliminación da Discriminación contra a Muller. 1992. *Recomendación xeral n.º 19 (1992) sobre a violencia contra a muller e Recomendación xeral n.º 35, op. cit.*

⁴ Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero. 2019. *Macroencuesta de Violencia contra la Mujer*. Ministerio de Igualdade. España.

para previr, protexer, investigar, sancionar e reparar de maneira integral as vítimas ou superviventes. Neste sentido, «para que a actuación dun estado se considere conforme á obriga da dilixencia debida, debe estar libre de mitos, prexuízos e estereotipos de xénero e de violencias machistas, así como aplicar unha perspectiva de xénero e interseccional, do contrario non se pode considerar como tal»⁵. Do mesmo xeito, os estados deben contar con servizos especializados e integrais para as vítimas ou superviventes de violencias sexuais, así como tamén deben recompilar datos, desenvolver investigacións e estudos sobre as violencias sexuais, levar a cabo campañas de prevención e ofrecer formación aos e ás profesionais que interveñan nestes casos. Como abordaremos nesta investigación, as obrigas fronte ás violencias sexuais non só involucran o ámbito estatal ou autonómico, senón tamén o local⁶. As administracións locais, como autoridades públicas, están obrigadas a cumprir os deberes que lles corresponden como consecuencia das obrigas internacionais do Estado en materia de dereitos humanos. Isto significa que as autoridades locais deben ter en conta e respectar as normas e estándares internacionais de dereitos humanos en todos os aspectos do seu labor, mesmo cando as súas competencias locais inclúan a responsabilidade directa de promover un dereito determinado.⁷

Malia que as lexislacións das comunidades autónomas (CC. AA.) adoitan incorporar as distintas formas da violencia machista, incluídas as violencias sexuais fóra da parella ou exparella, no ámbito estatal a Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero (LOMPIVX) estivo enfocada á violencia por razón de xénero exercida pola parella ou exparella, excluindo as violencias sexuais exercidas por coñecidos que non son parella ou exparella ou descoñecidos. No ámbito estatal, España carece dun marco axeitado para a protección de todas as vítimas ou superviventes de violencias sexuais, aínda que nos últimos anos tomáronse algunhas medidas enfocadas nas violencias sexuais, como detallamos nesta investigación (por exemplo, a ampliación do servizo 016 a distintas formas de violencia machista, a inclusión do feminicidio sexual como tipo de feminicidio para a súa contabilización ou o impulso e financiamento de recursos específicos 24/7/365 especializados e integrais para a atención das violencias sexuais).

Para cubrir este baleiro normativo a nivel estatal, entrou en vigor a Lei orgánica 10/2022, de 6 de setembro, garantía integral da liberdade sexual (LOGILS), para a que tivo moito que ver a reacción dos movementos feministas ante casos paradigmáticos de violencias sexuais contra as mulleres e a súa resposta xudicial, así como tamén que o Estado español ratificou en 2014 —mesmo ano no que entrou en vigor— o «Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica» (Convenio de Istambul, 2011).

⁵ Tania Sordo Ruz. 2022. *Prácticas de reparación de violencias machistas. Análisis y propuestas*. Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero. Ministerio de Igualdade, p. 25.

⁶ En relación coas obrigas locais sobre as violencias sexuais contra as mulleres, ver: María Naredo Molero. *La responsabilidad municipal frente a las violencias sexuales. La experiencia local a la luz del marco internacional de derechos humanos*. En María Freixanet Mateo (coord.). 2020. *Violències sexuals: política pública perseguint-ne l'erradicació*. Barcelona. Institut de Ciències Polítiques i Socials, p. 170-195.

⁷ Informe da Alta Comisionada das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos. 2022. *La administración local y los derechos humanos*.

A LOGILS, tal e como indica na súa Exposición de Motivos, pretende impulsar a prevención das violencias sexuais e garantir os dereitos das vítimas ou superviventes. Así mesmo, define as violencias sexuais no seu artigo 3.1 sobre o seu ámbito de aplicación da seguinte maneira:

«1. O ámbito de aplicación obxectivo desta lei orgánica inclúe as violencias sexuais, entendidas como calquera acto de natureza sexual non consentido ou que condicione o libre desenvolvemento da vida sexual en calquera ámbito público ou privado, incluído o ámbito dixital. Considérase incluído no ámbito de aplicación, a efectos estatísticos e de reparación, o feminicidio sexual, entendido como homicidio ou asasinato de mulleres e nenas vinculado a condutas definidas no parágrafo seguinte como violencias sexuais.

En todo caso, considéranse violencias sexuais os delitos previstos no Título VIII do Libro II da Lei orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal, a mutilación xenital feminina, o matrimonio forzoso, o acoso con connotación sexual e a trata con fins de explotación sexual. Prestarase especial atención ás violencias sexuais cometidas no ámbito dixital, no que se inclúe a difusión de actos de violencia sexual, a pornografía non consentida e a infantil en calquera caso, e a extorsión sexual por medios tecnolóxicos»⁸.

Neste contexto e co fin de xerar coñecemento sobre a situación das violencias sexuais en España dende unha perspectiva de xénero, interseccional e de dereitos humanos, con especial atención ao ámbito local, así como para a incorporación das violencias sexuais no Servizo Telefónico de Atención e Protección a vítimas da violencia de xénero (ATENPRO), dende a Federación Mujeres Jóvenes (FMJ), por encargo da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), realizamos este estudo titulado *Estudo sobre condutas de violencia sexual e aproximación e intervención da Administración local na materia*.

Para iso, en primeiro lugar establecemos os obxectivos, a metodoloxía e algunhas consideracións previas que cremos que se deben ter en conta cando se realizan traballos que abordan as violencias sexuais a partir do contexto que temos en España; a continuación, sinalamos en que consiste ATENPRO e abordamos as violencias sexuais contra as mulleres, prestando especial atención ás obrigas que teñen os estados dende o marco internacional e europeo de protección dos dereitos humanos, para logo levar a cabo un diagnóstico sobre a situación das violencias sexuais en España, un diagnóstico que consideramos único pola recompilación que realiza abordando as distintas formas de violencia sexual nas que nos centramos neste estudo: agresión sexual, acoso sexual, trata con fins de explotación sexual, MXF, MF e violencias sexuais cometidas no ámbito dixital.

Seguimos o estudo desenvolvendo a aproximación e intervención da Administración local en materia de violencias sexuais para o que indicamos as obrigas locais sobre as violencias sexuais; abordamos os servizos propios de atención, intervención e protección das mulleres vítimas ou superviventes de violencias sexuais; establecemos as propostas para mellorar as

⁸ Lei orgánica 10/2022, de 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, artigo 3.1.

accións de intervención e prevención en materia de violencias sexuais, así como as propostas para un sistema de avaliación. A continuación, levamos a cabo todo o relacionado coa incorporación das violencias sexuais a ATENPRO, incluíndo o contexto no que se produce esta incorporación, así como suxestións xerais e específicas, estas últimas enfocadas en propostas para un protocolo de atención ás violencias sexuais e medidas concretas que favorezan a supervisión técnica e formación continua e especialización do equipo profesional que asiste ás usuarias de ATENPRO, vítimas ou superviventes do obxecto deste estudo, con especial atención ao itinerario formativo e ao sistema de avaliación. Finalmente, expoñemos as conclusións do estudo.

Queremos concluír esta introdución dando as grazas a todas e todos os profesionais que responderon ao noso cuestionario deseñado para este estudo e ás persoas que foron tan xenerosas ao compartir a súa experiencia nas entrevistas en profundidade que realizamos para a análise dos servizos de atención, intervención e protección das mulleres vítimas ou superviventes de violencias sexuais, así como as entidades e asociacións que o fixeron posible, entre as que se atopan: Inmaculada Moreno, Laura Ocaña e Macarena Repetto da Asociación AMUVI; Goizane Mota Gago do Concello de Bilbao, Programa Muller, Saúde e Violencia; Silvia Pauls do Servizo de Igualdade e Diversidade Cidadá (CIRD), do Concello de Mataró; Ester Pagès Arenas e Naxheli Beas da Asociación de Asistencia a Mulleres Agredidas Sexualmente (AADAS), Barcelona; Blanca Torres Ecay e Pilar Baigorri Lerga do Servizo Municipal de Atención á Muller (SMAM), Concello de Pamplona; Inmaculada Sánchez do Concello de Albacete; Natalia Alcázar Ruiz do Centro de Atención Integral contra a Violencia Sexual Benita Pastrana, Concello de Madrid e Fundación ASPACIA; Yolanda Ibáñez Gómez do Concello de Portugaleta; Ana García Barbeito e Constanza Funez do Centro de Emerxencia Mariana Pineda para vítimas de trata e outros abusos de dereitos humanos en contextos de prostitución, Concello de Madrid e Asociación TRABE; Mar Calle Pomar do Concello de Boadilla del Monte, Punto Municipal do Observatorio Rexional contra a Violencia de Xénero; María José Álvarez Martínez da Mancomunidade Comarca de la Sidra, Centro Asesor da Muller; Belén Martín do Centro de Crises contra a Violencia Sexual Pilar Estébanez, Concello de Madrid e Fundación ASPACIA; Ana Gaspar Cabrero do Concello de Zaragoza, Servizo de Igualdade; Silvia García Varona do Centro de Atención a Mulleres Concepción Arenal, Concello de Madrid e Asociación TRABE; Mariti Pereira do Centro de Atención a Vítimas de Agresións Sexuais e Malos Tratos CAVASYM-Asturias; Carolina Conrado Medina e Lina Esther Ramos Carrillo do Centro de Atención a Vítimas de Violencia Sexual de Tenerife (CAVIS); María Francisca Tray Botiri e Dunia Suárez Rodríguez do Servizo Insular de Prevención e Intervención Integral a Vítimas de Violencia Sexual; Gemma Uix Carrión do SARA, Servizo de Atención, Recuperación e Acollida do Concello de Barcelona; María Paz Amores Sepúlveda do Centro da Muller de Campo de Criptana; Ana Laura Iglesias do Concello de Vigo e Mar Rodríguez do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller; Victoria Carbajal Fernández do Centro de Crises para Vítimas de Agresións Sexuais de Asturias; María Pilar Fernández Jiménez e Cristina Cuevas do Programa Instituto da Muller de Castela-A Mancha-Programa Contigo, Programa de Atención Psicolóxica a mulleres vítimas de agresións sexuais fóra do ámbito da parella ou exparella; Marina Cobas do Centro de Información da Muller do

Consello Insular de Mallorca; Ana Lidia Fernández-Layos Fernández de Opciónate, Servizo Insular de Prevención e Atención ás Ciberviolencias Machistas (SIPACM), Cabido de Gran Canaria; Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero; ATENPRO; Servizo 016; Instituto Andaluz da Muller; Deputación de Sevilla; Concello de Madrid; Cruz Vermella; Fundación ASPACIA; Asociación TRABE; Observatorio Español de Delitos Informáticos; Marta González Manchón e Carmen Bruñó Moya do Proxecto ESPERANZA-Adoratrices; Nerea Sancho Sánchez de UNAF-Unión de Asociacións Familiares, Servizo de Prevención e Atención Integral a Mulleres Superviventes de MXF; Hodan Sulaman Youssouf de Médicos do Mundo; Carme Vinyoles de Casas da Asociación Valentes e Acompañadas, Xirona; Ana Delgado Hernando de APRAMP; Beatriz Escaño Valentí da Fundación Wassu-Universidad Autónoma de Barcelona (UAB); Laia Serra, avogada experta en violencias sexuais; Noemí Pereda, doutora en Psicoloxía Clínica e da Saúde e profesora titular de Vitimoloxía na UAB, especialista en violencia sexual infantil; María Naredo, xurista experta en violencia machista e asesora do Ministerio de Igualdade, e Maria Barcons, integrante do Grupo Antígona da UAB e doutora en Dereito coa tese titulada *Los matrimonios forzados en el Estado español: un análisis socio-jurídico desde la perspectiva de género* (2018).

2. OBXECTIVOS

O *Estudo sobre condutas de violencia sexual e aproximación e intervención da Administración local na materia* ten como **obxectivo xeral** levar a cabo un diagnóstico sobre as violencias sexuais contra as mulleres en España, nas formas de agresión sexual, acoso sexual, trata con fins de explotación sexual, MXF, MF e violencias sexuais cometidas no ámbito dixital, así como realizar unha aproximación e analizar a intervención da Administración local na materia, tendo en conta as obrigas sobre as violencias sexuais, para establecer unha serie de propostas, con especial atención á incorporación das violencias sexuais a ATENPRO.

Os **obxectivos específicos** do estudo son os que a aparecen a continuación:

- Establecer o marco internacional e europeo sobre as obrigas que ten o Estado español en canto ás violencias sexuais contra as mulleres, con especial atención ás obrigas no ámbito local, tendo en conta de maneira particular a dilixencia debida para previr, protexer, investigar, sancionar e reparar de maneira integral nestes casos.
- Expoñer en que consiste ATENPRO e as súas características.
- Realizar un diagnóstico sobre as violencias sexuais en España, tendo en conta as seguintes formas de violencia sexual: agresión sexual, acoso sexual, trata con fins de explotación sexual, MXF, MF e violencias sexuais cometidas no ámbito dixital.
- Levar a cabo unha análise sobre os servizos locais de atención, intervención e protección das mulleres vítimas ou superviventes de violencias sexuais para estudar como están cumprindo as súas obrigas nesta materia e aprender das súas experiencias.

- Desenvolver propostas para a mellora das accións de intervención e prevención en violencias sexuais e sobre un sistema de avaliación.
- Determinar o contexto no que se dá a incorporación das violencias sexuais a ATENPRO, así como suxestións xerais e específicas, estas últimas que consideren as propostas para un protocolo de atención ás violencias sexuais no servizo e medidas concretas que fortalezan a supervisión técnica e formación continua e especialización do equipo profesional que asiste ás usuarias de ATENPRO, vítimas ou superviventes da violencia obxecto do estudo, con especial atención á formación e á avaliación.

Entre as **accións** que se levaron a cabo dende o 17 de marzo de 2023, atópanse as seguintes:

- Desenvolvemento dun estado da cuestión sobre as violencias sexuais en España a partir dunha análise das diferentes fontes de diversas disciplinas sobre a materia.
- Revisión e análise da normativa internacional, europea, estatal e autonómica sobre as violencias sexuais contra as mulleres.
- Revisión e análise das obrigas locais sobre as violencias sexuais contra as mulleres.
- Análise sobre en que consiste ATENPRO e que características ten.
- Revisión e análise de fontes primarias e secundarias de información e consulta, entre as que se atopan:
 - Datos estatísticos oficiais actualmente dispoñibles sobre violencia de xénero, da *MVM 2019*, do *Informe Anual del Observatorio Estatal de Violencia sobre la Mujer 2018*, dos últimos estudos promovidos pola Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero, polo European Institute for Gender Equality (EIGE) ou organismos internacionais ou do ámbito académico nesta materia, de organismos internacionais especializados en dereitos humanos, e de organizacións e asociacións feministas, que permitan a análise da violencia sexual.
 - Boletín estatístico mensual e anual, estatísticas, enquisas, estudos e investigacións da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero, Ministerio de Igualdade.
 - Estatística de Recursos Autonómicos en Materia de Violencia contra a Muller (DERA 2020) da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero, Ministerio de Igualdade.

- Datos sobre violencia contra a muller do Consello Xeral do Poder Xudicial, así como estatísticas xudiciais e estudos e informes do Poder Xudicial de España.
- Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero.
- Datos do Observatorio Nacional de Tecnoloxía e Sociedade (ONTSI), adscrito ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital a través da Secretaría de Estado de Dixitalización e Intelixencia Artificial, e os datos publicados nun informe dentro da serie *Policy Brief*, sobre violencia dixital de xénero.
- Datos do Portal Estatístico de Criminalidade, *Informe sobre violencia contra la mujer (2015-2019)*, *Informe sobre delitos contra la libertad e indemnidad sexual (2021)*, así como outros arquivos e documentación do Ministerio do Interior.
- Publicacións e noticias do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.
- Publicacións e Sanidade en datos, Ministerio de Sanidade.
- Observatorio de Saúde das Mulleres, Ministerio de Sanidade. Desta fonte, entre outras:
 - Boas prácticas no Sistema Nacional de Saúde (SNS) en materia de actuación sanitaria ante a violencia de xénero, dende 2012.
 - Informes anuais de actuación sanitaria ante a violencia de xénero no SNS, dende 2005.
 - Protocolos, guías e instrumentos comúns do SNS para a actuación sanitaria ante a violencia de xénero, dende 2007.
 - Indicadores e criterios comúns de calidade no SNS para a actuación sanitaria ante a violencia de xénero, dende 2008.
- Informe de seguimento dos fondos Next Generation EU. Anexo 3: Proxecto para a modernización e ampliación dos dispositivos de atención e protección ás vítimas de violencia machista no marco do PRTR. Servizo ATENPRO. Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España.
- *Catálogo de referencia de políticas y servicios en materia de violencia contra las mujeres conforme a los estándares internacionales de derechos humanos*, aprobado na Conferencia Sectorial de Igualdade e que é o Anexo 1 da Resolución de 16 de marzo de 2023, da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de

Xénero, polo que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade, de 3 de marzo de 2023, polo que se aproba o plan conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres (2023-2027).

- Instituto Nacional de Estatística (INE).
- Centro de Investigacións Sociolóxicas (CIS).
- Estudos e publicacións do Sindicato Comisións Obreiras (CCOO).
- Observatorio de acoso sexual e por razón de sexo de CCOO.
- Programa mundial de «Ciudades Seguras Libres de Violencia contra las Mujeres y las Niñas» (ONU MULLERES) cunha perspectiva comparativa que elabora, aplica e avalía enfoques integrais para previr e responder ao acoso sexual e outras formas de violencia sexual contra as mulleres e as nenas en zonas públicas.
- Observatorio de Violencia Dixital.
- Observatorio Español de Delitos Informáticos.
- Observatorio Violencia de la Fundación Mujeres.
- Informe cuantitativo da investigación *Apps sin violencia* (2022) sobre as violencias sexuais online que sofren as mulleres nas aplicacións de citas, da Federación Mujeres Jóvenes.
- I e II Informe *Noches Seguras Para Todas* (2020 y 2021). Sobre as violencias sexuais que sofren as mulleres en contextos de lecer nocturno, da Federación Mujeres Jóvenes.
- Calala Fondo de Mujeres.
- Femicidio.net.
- FemBloc.
- Fundación ANAR (Ayuda a Niños y Adolescentes en Riesgo).
- Fundación CERMI Mujeres.
- Fundación ASPACIA.

- Fundación Fernando Pombo.
- Fundación Wassu, UAB.
- Geoviolencia Sexual.
- Hybridas.
- Inter-Parliamentary Union.
- Médicos do Mundo.
- *Pikara Magazine*.
- Save a Girl Save a Generation.
- Save the Children.
- Themis.
- Diferentes estatísticas dispoñibles en artigos, estudos e publicacións relacionados coa materia, así como as investigacións realizadas previamente por institucións públicas ou privadas.
- Dialnet.
- Epdata, Europa Press.
- Eurostat – European Statistics.
- Statista.
- UAB.
- Barcons Campmajó, Maria. 2018. *Los matrimonios forzados en el Estado español: un análisis socio-jurídico desde la perspectiva de género*. Tese doutoral. UAB.
- Estudio *Frequency, Types, and Manifestations of Partner Sexual Violence, Non-Partner Sexual Violence and Sexual Harassment: A Population Study in Spain*. 2022. Consorcio Centro de Investigación Biomédica en Red de Epidemioloxía e Saúde Pública (CIBERESP) e a Escola Andaluza de Saúde Pública, en colaboración coa Universidade Complutense de Madrid.

- Federación de Mujeres Progresistas. 2018. «NO ACEPTO». *Aproximación a los matrimonios forzados en España desde la mirada de las y los profesionales de la Comunidad de Madrid y Cataluña.*
- Save a Girl Save a Generation. 2022. *Intervención en casos de mutilación genital femenina y matrimonio forzado. Orientaciones para profesionales que aborden la prevención de las MGF y los MF.* Proxecto CHAIN.
- Informe do EIGE *Estimación de las niñas en riesgo de mutilación genital femenina en la Unión Europea*, Dinamarca, España, Luxemburgo e Suecia. 2021.
- Investigación e artigos científicos, Sexviol. Grupo de Trabajo para el estudio de las Violencias Sexuales, Universidade Complutense de Madrid (UCM).
- Asociación Saúde e Familia. 2018. *ESCOGE: Evolución Intercultural de las Mujeres Jóvenes Pakistanís y sus familias.*
- Naredo Molero, Maria. *La responsabilidad municipal frente a las violencias sexuales. La experiencia local a la luz del marco internacional de derechos humanos.* En Maria Freixanet Mateo (coord.). 2020. *Violències sexuals: política pública perseguint-ne l'erradicació.* Barcelona. Institut de Ciències Polítiques i Socials, p. 170-195.
- Villacampa Estiarte, Carolina. 2019. *Aproximación al matrimonio forzados desde la óptica de las víctimas.*
- Villacampa, Carolina e Torres, Nuria. 2019. «El matrimonio forzado en España».
- Portal de Revistas Científicas, Universidade do País Vasco-Euskal Herriko Unibersitatea (UPV-EHU).
- *Revista CIDOB d'Afers Internacionals.*
- *Revista Electrónica de Ciencia Penal y Criminología.*
- *Revista Española de Investigación Criminológica.*
- Naciones Unidas.
- Consello de Europa.
- Unión Europea.
- Parlamento Europeo.

- Unicef.
- Mapeo de polo menos 25 entidades locais que dispoñan de servizos propios de atención, intervención e protección das mulleres vítimas de violencias sexuais, incluídas as entidades pertencentes ao tecido asociativo, civil, social e universitario, co obxectivo de recoller información en materia de atención a mulleres vítimas de violencias sexuais. Así como a reelaboración e axuste do mapeo das entidades locais, tras entrar en contacto con elas, ver se respondían, cumprían cos requisitos e a súa dispoñibilidade, modificándoo e ampliándoo para que puidesen participar, como mínimo, 25 entidades locais que cumprisen cos requisitos aliñados cos obxectivos do estudo. No caso de que houbo que pedir permiso a algún concello ou instituto para participar, así o fixemos.
- Deseño dun cuestionario con 60 preguntas dirixido ás entidades locais e a súa elaboración nunha ferramenta que permitise enviar as respostas en liña e de forma fácil dende o ordenador ou o móbil (previa análise de diversas ferramentas para seleccionar a máis axeitada) —Anexo 1—, así como o contacto e seguimento coas entidades para que respondesen o cuestionario.
- Deseño da entrevista en profundidade para aprender da experiencia das entidades, recoller información e valorar, entre outros, os seguintes indicadores: procedemento de atención en casos de violencias sexuais; procedemento de atención urxente de violencias sexuais; primeira intervención e acompañamento; seguimento e finalización do proceso de intervención; procedementos de atención en casos de agresións sexuais non recentes; revisión e actualización dos procedementos de actuación e información dos concellos ante os casos de violencias sexuais; procedementos de avaliación; indicadores sobre a calidade dos servizos, e análises da coordinación interinstitucional. Ademais do guión para as entrevistas, que consistía nunha guía que se foi adaptando dependendo de cada entrevista e da información que ía xurdindo no transcurso desta, elaboráronse os documentos correspondentes ás autorizacións e protección de datos.
- Identificación, ademais das entidades, de expertas ás que consideramos que era necesario realizar entrevistas en profundidade adicionais. Do mesmo xeito, identificamos que era relevante poder falar coa Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero, co propio ATENPRO e co Servizo 016 para coñecer a súa experiencia na ampliación deste servizo a outras formas de violencia contra as mulleres, máis alá da exercida pola parella ou exparella.
- Realización das entrevistas coas entidades, expertas e outras identificadas.
- Análise de toda a información obtida.
- Deseño e redacción do estudo e do seu Resumo executivo.

- Tradución do estudo ao inglés, francés, catalán, galego e éuscaro.

3. METODOLOXÍA

Para o estudo empregamos unha metodoloxía cuantitativa, cualitativa e triangulada. Cuantitativa para a abordaxe das violencias sexuais contra as mulleres con especial atención ás obrigas que teñen os estados, en particular dende o ámbito local, dende o marco internacional e europeo de protección dos dereitos humanos; para a descrición e establecemento das características de ATENPRO; e para elaborar o diagnóstico da situación das violencias sexuais en España mediante a revisión, recompilación e, nalgúnhas ocasións, elaboración propia do material estatístico vixente en materia de violencias sexuais en España, co fin de poder realizar un compendio de información estatística que reflicta o estado da cuestión en datos. Así como tamén nalgúnhas das preguntas do cuestionario e, polo tanto, na información obtida a través das respostas. Cualitativa mediante as entrevistas en profundidade. E triangulada coa intención de obter unha imaxe máis holística do obxecto de estudo, na que os datos cuantitativos recollidos dialogan cos achados cualitativos obtidos mediante a realización de entrevistas en profundidade, que achegan comprensión e humanidade á xeneralidade que outorgan os datos estatísticos.

Ademais, aplicamos unha perspectiva de xénero, interseccional e de dereitos humanos tanto para a recollida de información cuantitativa e cualitativa, como para o deseño e realización deste estudo, que significan que:

- **Perspectiva de xénero:** Recoñece as relacións de poder asimétricas históricas e identifica os papeis, comportamentos, actividades e atribucións socialmente construídos en cada sociedade, procurando transformalos⁹. Elimina os nesgos existentes que se traducen en vulneracións dos dereitos humanos das mulleres, en particular o seu dereito á igualdade e á non discriminación, así como o seu dereito a unha vida libre de violencias sexuais.
- **Enfoque interseccional:** Ter en conta que non todas as mulleres teñen as mesmas experiencias, riscos e impactos fronte ás violencias sexuais, así como de vulneracións dos seus dereitos humanos, debido á intersección dos diferentes sistemas de opresión ou eixes de desigualdade (machismo, racismo, clasismo, capacitismo, adultocentrismo, cisheterosexismo, entre outros) que provoca que algunhas mulleres afronten certos

⁹ Ver o artigo 3 do Convenio de Istambul.

obstáculos para exercer o seu dereito a unha vida libre de violencias sexuais, estereotipos de xénero específicos sobre elas e discriminación interseccional¹⁰.

- **Enfoque de dereitos humanos:** Coloca no centro as mulleres vítimas ou superviventes da violencia sexual en todas as súas formas, manifestacións ou ámbitos, respectando, protexendo e garantindo o seu dereito á igualdade e á non discriminación, incluída a interseccional; aplica unha perspectiva de xénero e interseccional, e ten en conta a dilixencia debida para previr, protexer, investigar, sancionar e reparar integralmente os casos de violencias sexuais, así como o marco internacional e europeo para a protección dos dereitos humanos.

Como parte da nosa metodoloxía, analizamos distintas fontes, como as indicadas previamente nos Obxectivos deste estudo (*supra.*) e seguimos as seguintes **fases de traballo**:

- **Fase 1:** Para contextualizar e situarnos, desenvolvemos un estado da cuestión sobre as violencias sexuais en España a partir dunha análise de distintas fontes de diversas disciplinas na materia; revisamos e analizamos a normativa internacional, europea, estatal e autonómica sobre as violencias sexuais contra as mulleres, así como as obrigas locais relacionadas coas violencias sexuais contra as mulleres. A continuación, revisamos e analizamos fontes primarias e secundarias de información e consulta e, con toda esta información e recollida de datos, elaboramos un diagnóstico sobre as violencias sexuais en España. Tamén investigamos sobre as características de ATENPRO. Nesta primeira fase, igualmente, levamos a cabo un mapeo de 25 entidades locais, como mínimo, que dispoñan de servizos propios de atención, intervención e protección de mulleres vítimas de violencia sexual, entre as que se inclúen as entidades que pertencen ao tecido asociativo, civil, social e universitario. Así como tamén reelaboramos e axustamos o mapeo das entidades locais modificándoo e ampliándoo para que puidesen participar, como mínimo, 25 entidades locais que cumprisen cos requisitos aliñados cos obxectivos do estudo.
- **Fase 2:** Nesta fase deseñamos un cuestionario con 60 preguntas dirixido ás entidades e materializámolo nunha ferramenta que permitise enviar as respostas en liña dunha maneira sinxela dende o ordenador ou o móbil, así como tamén solicitamos ás entidades

¹⁰ Consideramos oportuno destacar que o enfoque interseccional é diferente do enfoque múltiple, así como a discriminación interseccional e a discriminación múltiple. Sobre a distinción entre o múltiple e o interseccional, ver: Tania Sordo Ruz. 2021. *La interseccionalidad en el derecho de las mujeres a una vida libre de violencias por razón de género y discriminación*. En Karlos A. Castilla Juárez (coord.). *Derechos humanos desde una perspectiva interseccional*. Institut de Drets Humans de Catalunya, p. 90-101. Da mesma maneira, a Lei 15/2022, de 12 de xullo, integral para a igualdade de trato e a non discriminación, establece que: «Prodúcese a discriminación múltiple cando unha persoa é discriminada de forma simultánea ou consecutiva por dúas ou máis causas das previstas nesta lei.

b) Prodúcese discriminación interseccional cando concorren ou interactúan diversas causas das previstas nesta lei, xerando unha determinada forma de discriminación» (artigo 6.3).

Este catálogo establece estándares mínimos e políticas de referencia para reforzar a prevención e resposta a todas as formas de violencia contra as mulleres, incluídas as sexuais, en colaboración, se é o caso, coas entidades locais. Inclúe os seguintes puntos: (1) prevención e sensibilización fronte a todas as formas de violencia contra as mulleres, que inclúe o relacionado con datos, estatísticas, enquisas, estudos e traballos de investigación, educación en igualdade, información, sensibilización e toma de conciencia, comunicación, formación e sensibilización de profesionais e prevención secundaria: detección temperá; (2) a asistencia social integral e reparación que inclúe os servizos especializados de apoio, asistencia e recuperación integral, autonomía económica e emprego, servizos de saúde e reparación integral; (3) a protección e o acceso á xustiza que teña en conta a protección e o acceso á xustiza; e (4) a coordinación, participación e impulso da transversalidade que englobe a coordinación e colaboración, os órganos de coordinación e colaboración, os instrumentos ou ferramentas de coordinación e protocolos sectoriais, mecanismos de transversalización e mecanismos de participación. O catálogo conta cun sistema de información e avaliación³⁴.

7. DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN DAS VIOLENCIAS SEXUAIS EN ESPAÑA

A continuación presentamos os resultados da recollida de datos sobre as seguintes condutas de violencia sexual: agresión sexual (tamén incluímos o abuso sexual porque a maioría dos datos son anteriores á aprobación da LOGILS que elimina o abuso sexual), o acoso sexual e

³³ Fundación ASPACIA. 2022. *Violadas y discriminadas. Protección, Atención y Justicia de las Mujeres migrantes Supervivientes de Violencia Sexual en España*, p. 23 e 24.

³⁴ Ver: https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2023-7326

stalking, a trata con fins de explotación sexual, a MXF, o MF, a violencia sexual dixital e os feminicidios sexuais establecendo: a) o contexto xeral dos delitos contra a liberdade e indemnidade sexual 2019-2021; (b) o acoso sexual, o *stalking*, a agresión e o abuso sexual 2019, 2021 e período 2015-2019; (c) a violencia dixital (2021 e 2022); (d) a trata de mulleres con fins de explotación sexual (2019-2021); (e) a MXF; (f) o MF en España (2019); (g) as persoas en situación de vulnerabilidade ás violencias sexuais; e (h) a percepción das violencias sexuais contra as mulleres: agresión e abuso sexuais, acoso sexual, violencia sexual dixital (2023) e MF (2018).

As datas deste diagnóstico débense a que o Balance de Criminalidade, elaborado pola Secretaría de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior, publica un balance trimestral dos delitos acontecidos en España. A categoría de delitos contra a liberdade sexual aparece dividida en «delitos de agresión sexual con penetración» e «outros delitos contra a liberdade sexual», sen máis desagregación que a mencionada. Ademais de non publicar datos relativos a outras tipoloxías penais, como por exemplo o abuso sexual que, entre outros, aparece recollido nos informes publicados polo propio Ministerio para 2021, 2022 e 2023, ningunha das dúas subcategorías mencionadas aparece desagregada por sexo ou idade, polo que este informe considerou oportuno elaboralo cos datos de 2021, xa que é a información estatística máis recente que contabiliza o abuso sexual (tipoloxía solicitada para a análise deste informe), así como a análise da violencia sexual desagregada por sexo, a fin de poder estudar as violencias sexuais dirixidas ás mulleres. Con todo, a continuación móstranse as cifras relativas a 2022 e as do primeiro trimestre de 2023 sobre os «delitos de agresión sexual con penetración» e o «resto de delitos contra a liberdade sexual» relativos a ambos sexos: No primeiro trimestre de 2023, o total de delitos contra a liberdade sexual foi de 4303, 112 máis que no primeiro trimestre de 2022, con 4191 delitos. En canto ás «agresións sexuais con penetración», no primeiro trimestre de 2023 o Ministerio do Interior rexistrou un total de 1021, 477 máis que no primeiro trimestre de 2022, que rexistrou un total de 544. Por último, para a subcategoría de «outros delitos contra a liberdade sexual», o primeiro trimestre de 2023 rexistrou unha cifra de 3282, 365 menos que no primeiro trimestre de 2022, cunha cifra de 3647.

a. CONTEXTO XERAL DOS DELITOS CONTRA A LIBERDADE E INDEMNIDADE SEXUAL 2019-2021

i. Actos delituosos sexuais coñecidos, delitos sexuais rexistrados e vitimizacións (2019-2021)

1. Actos delituosos sexuais coñecidos (2019-2021)

Os seguintes datos estatísticos amosan o contexto da violencia sexual en España e están formulados de forma xenérica e introdutoria sen ter en conta o sexo das persoas implicadas tal e como se presenta no primeiro apartado «Evolución global» e no segundo apartado «Representación territorial» do *Informe sobre delitos contra la libertad e indemnidad sexual de 2021* (IDLIS 2021) do Ministerio do Interior que, pola súa banda, sistematiza a través das seguintes tipoloxías penais, as incluídas antes de que a LOGILS reformase o Código Penal no Título VIII de Libro II do Código Penal (art. 178 ao 194) que inclúen os delitos contra a liberdade e indemnidade sexual, polo que a violencia sexual tratada conceptúase tendo en conta: a agresión sexual (178 e 183.2), a agresión sexual con penetración (179), o abuso sexual (181, 183.1), o abuso sexual con penetración (182), os delitos por contacto mediante tecnoloxía con menores de 16 anos con fins sexuais (183 ter, 189 bis), o acoso sexual (184), o exhibicionismo (185, 189 bis), a provocación sexual (186, 189 bis), a corrupción de menores ou de persoas con discapacidade (183 bis, 189 bis), os delitos relacionados coa prostitución (187 e 188, 189 bis) e a pornografía de menores (189.1, 2, 3, 4, 5, 189 bis).

Segundo o Sistema Estatístico de Criminalidade (SEC) encargado de elaborar o *IDLIS 2021* do Ministerio do Interior, «por actos coñecidos enténdese o conxunto de infraccións penais e administrativas, que foron coñecidas polas distintas Forzas e Corpos de Seguridade, ben mediante denuncia interposta ou por actuación policial realizada *motu proprio* (labor preventivo ou de investigación)».

A distribución do delito segundo o lugar onde se cometeron os feitos coñecidos amosa que, durante o ano 2021, algo máis da metade dos actos coñecidos rexistrados (56,2 %) producíronse nas vivendas ou anexos. Pola contra, os medios de transporte apenas parecen representados.

En canto aos feitos delituosos sexuais coñecidos rexistrados segundo a tipoloxía delituosa (clasificación empregada polo Ministerio do Interior), o abuso sexual con e sen penetración e a agresión sexual con e sen penetración son as catro tipoloxías definidas no *IDLIS 2021* máis representadas. En conxunto, as catro tipoloxías constitúen o 81,4 % das once tipoloxías estudadas na devandita publicación.

Por CC. AA. e cidades autónomas, Cataluña, xunto con Andalucía, a Comunidade de Madrid e a Comunidade Valenciana, son os territorios con maior proporción de actos rexistrados do total destes: un 19,5 %, xunto cun 15,8 %, un 14,2 % e un 12,8 %, respectivamente. En cambio, se atendemos á taxa³⁵ de actos delituosos coñecidos, as Illas Baleares e Ceuta son os dous territorios que acumulan en 2021 maiores taxas referidas ao conxunto de tipoloxías penais estudadas no devandito informe³⁶: un 6,6 % e un 5,6 %, respectivamente.

³⁵A taxa fai referencia á relación existente entre o número de delitos coñecidos e a poboación total da xurisdición por cada 10 000 habitantes.


³⁶ Abuso sexual, agresión sexual, agresión sexual con penetración, abuso sexual con penetración, pornografía de menores, exhibicionismo, corrupción de menores e persoas con discapacidade, «contacto tecnoloxía con persoa menor de 16 anos», acoso sexual, así como delitos relativos á prostitución e provocación sexual.

T1. DISTRIBUCIÓN POR LUGAR DOS DELITOS SEXUAIS (SERIE ANUAL)

(%)

	2019	2020	2021
VIVENDAS E ANEXOS	41,5 %	58,8 %	56,2 %
ESPAZOS ABERTOS	24,3 %	6,1 %	6,5 %
VÍAS COMUNICACIÓN	15,9 %	17,0 %	18,8 %
INSTALAC. E RECINTOS	8,7 %	9,8 %	9,5 %
ESTABLECEMENTOS	7,8 %	6,7 %	7,6 %
MEDIOS TRANSPORTE	1,7 %	1,6 %	1,5 %
TOTAL	100 %	100 %	100 %

*ELABORACIÓN PROPIA a partir do *IDLIS 2021*. SEC. Ministerio do Interior.



*ELABORACIÓN PROPIA a partir do *IDLIS 2021*. SEC. Ministerio do Interior.


T2. DELITOS SEXUAIS ESCLARECIDOS REGISTRADOS POR TIPOLOXÍA PENAL (SERIE ANUAL)

(%)

	2019	2020	2021
ABUSO SEXUAL	44,6 %	42,6 %	45,5 %

AGRESIÓN SEXUAL	13,4 %	12,6 %	13,6 %
AGRESIÓN SEXUAL CON PENETRACIÓN	12,2 %	12,1 %	12,6 %
ABUSO SEXUAL CON PENETRACIÓN	7,9 %	9,0 %	9,7 %
PORNOGRAFÍA DE MENORES	5,7 %	5,8 %	4,3 %
EXHIBICIONISMO	4,5 %	4,6 %	4,0 %
CORR.MENORES/PERS.CON DISCAPAC.	2,4 %	2,7 %	2,0 %
CONTACTO TECNOLOXÍA MENOR 16 ANOS	3,4 %	4,4 %	3,1 %
ACOSO SEXUAL	3,5 %	3,6 %	3,1 %
DELITOS RELATIVOS Á PROSTITUCIÓN	1,6 %	1,6 %	1,3 %
PROVOCACIÓN SEXUAL	0,8 %	0,9 %	0,6 %
TOTAL	100 %	100 %	100 %

*ELABORACIÓN PROPIA a partir do *IDLIS 2021*. SEC. Ministerio do Interior.



*ELABORACIÓN PROPIA a partir do *IDLIS 2021*. SEC. Ministerio do Interior.


a. Representación territorial: actos delituosos sexuais coñecidos (2021)

T3. PROPORCIÓN DE ACTOS REXISTRADOS: CC. AA. CON MAIOR N.º DE CASOS REXISTRADOS

(%)

	2021
CATALUNYA/CATALUÑA	19,5 %
ANDALUCÍA	15,8 %
COMUNIDADE DE MADRID	14,2 %
COMUNITAT VALENCIANA/COM. VALENCIANA	12,8 %
CANARIAS	5,6 %
ILLES BALEARS/ILLAS BALEARES	4,6 %
EUSKADI/PAÍS VASCO	4,2 %
GALICIA	4,2 %
REXIÓN DE MURCIA	3,6 %
CASTELA-A MANCHA	3,3 %
TOTAL	88 %

*ELABORACIÓN PROPIA a partir do *IDLIS 2021*. SEC. Ministerio do Interior.



*ELABORACIÓN PROPIA a partir do *IDLIS 2021*. SEC. Ministerio do Interior.

T4. TAXA³⁷ DE DELITOS COÑECIDOS: CC. AA. CON MAIOR N.º DE CASOS REXISTRADOS

(%)

	2021
ILLES BALEARS/ILLAS BALEARES	6,6 %
CEUTA	5,6 %
MELILLA	4,5 %
CANARIAS	4,4 %
COMUNITAT VALENCIANA/COM. VALENCIANA	4,3 %
CATALUNYA/CATALUÑA	4,3 %
REXIÓN DE MURCIA	4,0 %
COMUNIDADE FORAL DE NAVARRA	4,0 %
COMUNIDADE DE MADRID	3,6 %
TAXA ESTATAL*	3,6 %

**IDLIS 2021*. SEC. Ministerio do Interior.

³⁷ A taxa de delitos é a relación existente entre o número de delitos coñecidos e a poboación total da xurisdición por cada 10 000 habitantes.

2. Actos delituosos sexuais esclarecidos (2019-2021)

Segundo o SEC, «os actos esclarecidos clasifícanse como tales cando no acto hai algunha destas circunstancias: a) detención do autor “en flagrante”; b) identificación plena do autor, ou dalgún dos autores, sen necesidade de que estea detido, aínda que se atope en situación de liberdade provisional, fuxido ou morto; c) cando exista confesión verificada, probas sólidas ou cando haxa unha combinación de ambos os elementos; d) cando a investigación revele que, en realidade, non houbo infracción». E engade que «non conta con datos sobre os actos esclarecidos pola Ertzaintza, polo que para obter a porcentaxe de actos esclarecidos non se tiveron en conta os actos coñecidos por este corpo policial», producindo unha infrarrepresentación dos actos esclarecidos no País Vasco. Por este motivo téñense en conta os actos esclarecidos e rexistrados pola Policía Nacional, Garda Civil, Mossos d'Esquadra, Policía Foral de Navarra e Corpos da Policía Local» (p.60).

Do mesmo xeito que os actos coñecidos rexistrados expostos no apartado anterior, os actos esclarecidos volven mostrar proporcións máis elevadas nas tipoloxías penais de abuso sexual con e sen penetración e de agresión sexual con e sen penetración, que supoñen un total do 84,3 % dos casos rexistrados.

Segundo a súa distribución territorial, Cataluña, Andalucía, a Comunidade de Madrid e a Comunidade Valenciana volven ser os territorios autonómicos con maior número de actos esclarecidos en relación cos delitos de violencia sexual.


T5. DELITOS SEXUAIS ESCLARECIDOS REXISTRADOS POR TIPOLOXÍA PENAL (SERIE ANUAL)

(%)

	2019	2020	2021
ABUSO SEXUAL	45,9 %	45,1 %	47,2 %
AGRESIÓN SEXUAL	13,2 %	12,9 %	13,5 %
AGRESIÓN SEXUAL CON PENETRACIÓN	12,8 %	13,1 %	13,1 %
ABUSO SEXUAL CON PENETRACIÓN	8,7 %	9,9 %	10,5 %
PORNOGRAFÍA DE MENORES	5,2 %	4,4 %	3,8 %
EXHIBICIONISMO	4,4 %	4,2 %	3,7 %
CORR.MENORES/PERS.CON DISCAPAC.	2,3 %	2,4 %	1,8 %
CONTACTO TECNOLOXÍA MENOR 16 ANOS	1,7 %	2,2 %	1,4 %
ACOSO SEXUAL	3,2 %	3,3 %	3,0 %

DELITOS RELATIVOS Á PROSTITUCIÓN	1,9 %	1,8 %	1,5 %
PROVOCACIÓN SEXUAL	0,7 %	0,8 %	0,5 %
TOTAL	100 %	100 %	100 %

*ELABORACIÓN PROPIA a partir do *IDLIS 2021*. SEC. Ministerio do Interior.



*ELABORACIÓN PROPIA a partir do *IDLIS 2021*. SEC. Ministerio do Interior.

a. Representación territorial: delitos sexuais esclarecidos (2021)

T6. ACTOS ESCLARECIDOS: CC. AA. CON MAIOR N.º DE CASOS REXISTRADOS

(N)

	2021
CATALUNYA/CATALUÑA	2494
ANDALUCÍA	2202
COMUNIDADE DE MADRID	1918
COMUNITAT VALENCIANA/COM. VALENCIANA	1775
CANARIAS	815
GALICIA	615
ILLES BALEARS/ILLAS BALEARES	557

REXIÓN DE MURCIA	545
CASTELA-A MANCHA	490
CASTELA E LEÓN	476
TOTAL ³⁸	13 253

*IDLIS 2021. SEC. Ministerio do Interior.

3. Comparativa actos delituosos coñecidos e delituosos sexuais esclarecidos (2021)

As catro tipoloxías penais que rexistran un maior número de actos esclarecidos e de actos coñecidos (a saber, as tipoloxías xa comentadas: abuso sexual con e sen penetración e agresión sexual con e sen penetración) suman un total de 11 180 actos esclarecidos e un total de 13 856 actos coñecidos, o que deixa unha cifra de 2676 actos coñecidos que non se chegaron a esclarecer.

T7. ACTOS SEXUAIS DELITUOSOS COÑECIDOS E DELITOS SEXUAIS ESCLARECIDOS (2021)

	(N)	
	ESCLARECIDOS	COÑECIDOS
ABUSO SEXUAL	6260	7748
AGRESIÓN SEXUAL	1792	2313
AGRESIÓN SEXUAL CON PENETRACIÓN	1735	2143
ABUSO SEXUAL CON PENETRACIÓN	1393	1652
PORNOGRAFÍA DE MENORES	502	739
EXHIBICIONISMO	487	683
CORR.MENORES/PERS.CON DISCAPAC.	239	347
CONTACTO TECNOLOXÍA MENOR 16 ANOS	186	534
ACOSO SEXUAL	396	528
DELITOS RELATIVOS Á PROSTITUCIÓN	196	229

³⁸ O IDLIS 2021 só amosa os datos relativos ás CC. AA. aquí presentadas: o resto das CC. AA. non presentadas aquí supoñen 1366 casos (10,3 % dos rexistros).

PROVOCACIÓN SEXUAL

67

100

TOTAL

13 253

17 016

*IDLIS 2021. SEC. Ministerio do Interior.



*ELABORACIÓN PROPIA a partir do IDLIS 2021. SEC. Ministerio do Interior.

4. Vitimizacións (2019-2021)

Segundo o SEC, «o concepto de vitimización refírese ao número de actos denunciados polas persoas nos que manifestan ser vítimas ou prexudicadas por algunha infracción penal. Diferénciase do concepto de vítima, xa que este refírese a persoas individuais. Nunha denuncia poden darse varios actos conxuntamente, e mesmo pode haber varias vítimas ou prexudicados, sendo as vitimizacións o termo que engloba os distintos actos que afectan a unha determinada vítima. (...) Os datos de vitimizacións corresponden aos mesmos corpos policiais descritos para os actos coñecidos e esclarecidos, é dicir, non se computan os datos da Ertzaintza» (p. 61).

Como no resto de apartados, durante o ano 2021, así como no resto dos anos do período analizado na táboa 8, o maior número de vitimizacións rexístrano as tipoloxías delituosas de abuso sexual con e sen penetración e agresión sexual con e sen penetración, que constitúen o 82,9 % do total das vitimizacións.

En canto á idade, obsérvase que a maior franxa de idade na que se producen estas vitimizacións sitúase entre os 18 e os 30 anos de idade (28,3 %), tras a que diminúen

significativamente para as franxas posteriores, rexistrándose un descenso de 18 puntos na franxa dos 31 aos 40 anos (10,2 %), que se acentúa no último tramo de idade (65 anos ou máis). Cabe sinalar que a franxa de idade de 41 a 64 anos presenta unha porcentaxe similar (11,2 %) ao tramo de idade comprendido entre os 31 e os 40 anos, pero hai que ter en conta que dita franxa de idade comprende 23 anos, mentres que a última citada comprende 9 anos, polo que o peso relativo das vitimizacións acontecidas entre os 41 e os 63 anos é menor que o que se produciu entre os 31 e os 40 anos.

Por último, as vitimizacións correspondentes ás persoas con idades inferiores aos 18 anos representan o 22,4 % entre os 0 e os 13 anos, e o 26,6 % entre os 14 e os 17 anos, porcentaxes moi próximas ás rexistradas no tramo de 18 a 30 anos (28,3 %). Se o criterio que se establece nunha posible interpretación dos datos é o da minoría idade, é dicir, a contabilización do número de vitimizacións correspondentes a nenas, nenos e adolescentes menores de 18 anos, a proporción representaría o 49 % das vitimizacións, a metade das rexistradas durante o ano 2021.

Do total de vitimizacións rexistradas a persoas de nacionalidade española, o 85,37 % pertence a mulleres. Mentres que, do total das vitimizacións relativas a persoas de nacionalidades distintas da española, o 88,37 % pertence a mulleres. Do total de vitimizacións, o 78,6 % delas recae en mulleres de nacionalidade española e o 21,4 % en mulleres de distinta nacionalidade. Entre as nacionalidades estranxeiras, a rexión americana presenta a maior proporción de vitimizacións cun 10,3 % do total.

En canto á relación coa autoría dos actos delituosos sexuais, a maior proporción está representada pola falta de relación coa autoría dos feitos no 61,6 % das vitimizacións. O resto das categorías representan porcentaxes moi inferiores que se suceden da seguinte forma: «outra relación» (6 %), seguida de «amizade» (4,4 %) e «resto de familiares» (4,2 %). Se combinamos as categorías que fan referencia á relación coa autoría segundo o estado civil da muller, o 4 % corresponde á relación sexoafectiva que comprende o ámbito da parella (cónxuxe, parella, exparella e separada/divorciada).

En relación á territorialidade das vitimizacións, a distribución é moi similar á dos apartados anteriores: por CC. AA. e cidades autónomas: Cataluña (3188), Andalucía (2768), Comunidade de Madrid (2363) e Comunidade Valenciana (2163) son as que máis vitimizacións contabilizan.


T8. VITIMIZACIONES (2019-2021)

(%)

	2019	2020	2021
ABUSO SEXUAL	47,2 %	44,5 %	47,9 %
AGRESIÓN SEXUAL	13,4 %	12,6 %	13,6 %
AGRESIÓN SEXUAL CON PENETRACIÓN	11,1 %	11,2 %	11,5 %

ABUSO SEXUAL CON PENETRACIÓN	8,1 %	8,9 %	9,9 %
PORNOGRAFÍA DE MENORES	5,4 %	5,6 %	4,4 %
EXHIBICIONISMO	3,6 %	4,8 %	3,4 %
CORR.MENORES/PERS.CON DISCAPAC.	3,7 %	3,9 %	3,3 %
CONTACTO TECNOLOXÍA MENOR 16 ANOS	3,0 %	3,0 %	2,5 %
ACOSO SEXUAL	2,2 %	2,9 %	1,7 %
DELITOS RELATIVOS Á PROSTITUCIÓN	1,4 %	1,7 %	1,2 %
PROVOCACIÓN SEXUAL	0,8 %	1,0 %	0,7 %
TOTAL	100 %	100 %	100 %

*ELABORACIÓN PROPIA a partir do *IDLIS 2021*. SEC. Ministerio do Interior.



T9. IDADE VITIMIZACIÓNS (2019-2021)


ESPAÑOLA	78,6 %	79,1 %
ESTRANXEIRA	21,4 %	20,9 %
ÁFRICA	3,4 %	3,6 %
Marrocos	2,6 %	2,7 %
Nixeria	0,2 %	0,2 %
Resto	0,7 %	0,7 %
AMÉRICA	10,3 %	9,7 %
Colombia	2,4 %	2,2 %
Honduras	1,0 %	1,0 %
Venezuela	1,0 %	0,9 %
Ecuador	0,9 %	0,8 %
Bolivia	0,7 %	0,7 %
Brasil	0,7 %	0,6 %
Resto	3,7 %	3,5 %
UNIÓN EUROPEA	5,3 %	5,1 %
Romanía	1,8 %	1,8 %
Francia	0,6 %	0,6 %
Italia	0,5 %	0,5 %
Bulgaria	0,4 %	0,4 %
Alemaña	0,4 %	0,4 %
Portugal	0,3 %	0,3 %
Holanda	0,2 %	0,2 %
Resto	1,0 %	0,9 %
ASIA	0,6 %	0,6 %
China	0,2 %	0,2 %
Filipinas	0,1 %	0,1 %
Resto	0,2 %	0,2 %
RESTO DE PAÍSES	1,9 %	1,9 %

*ELABORACIÓN PROPIA a partir do *IDLIS 2021*. SEC. Ministerio do Interior.

T11. VITIMIZACIÓNS DE MULLERES E A SÚA RELACIÓ CO AUTOR

	(%) MULLERES	TOTAL
CÓNXUXE	0,3 %	0,3 %
PARELLA	1,5 %	1,6 %
EXPARELLA	1,9 %	1,9 %
SEPARADA/DIVORCIADA	0,2 %	0,2 %
NAI/PAI	0,9 %	1,1 %
FILLA/FILLO	1,9 %	2,4 %
RESTO FAMILIARES	4,2 %	4,7 %
COÑECIDO/VECIÑANZA	0,8 %	0,9 %
AMIZADE	4,4 %	4,9 %
LABORAL	1,6 %	1,8 %
ESCOLAR	0,8 %	0,9 %
OUTRA RELACIÓN	6,0 %	6,9 %
NINGUNHA RELACIÓN	61,6 %	72,5 %

*IDLIS 2021. SEC. Ministerio do Interior.



*ELABORACIÓN PROPIA a partir do IDLIS 2021. SEC. Ministerio do Interior.

a. Representación territorial: vitimizacións (2021)

T12. VITIMIZACIONES REGISTRADAS: CC. AA. CON MAIOR N.º DE CASOS REGISTRADOS

(N)

	2021
CATALUNYA/CATALUÑA	3188
ANDALUCÍA	2768
COMUNIDADE DE MADRID	2363
COMUNITAT VALENCIANA/COM. VALENCIANA	2163
CANARIAS	930
ILLES BALEARS/ILLAS BALEARES	803
GALICIA	701
EUSKADI/PAÍS VASCO	685
REXIÓN DE MURCIA	643
CASTELA-A MANCHA	574
TOTAL*	16.986

*IDLIS 2021. SEC. Ministerio do Interior.

ii. Agresións sexuais levadas a cabo por dúas ou máis persoas de sexo masculino (2021). Abuso e agresión

A tipoloxía penal con maior representación de actos rexistrados é o abuso sexual sen penetración en case a metade dos casos (43,3 %).

Os actos coñecidos rexistrados revelan que o 95,7 % dos abusos sexuais con e sen penetración e as agresións sexuais con e sen penetración foron cometidos por un único responsable, mentres que o 3 % foi por dous responsables e o 1,3 % por tres ou máis.


A representación territorial das agresións sexuais múltiples distribúese de maneira análoga ás anteriores distribucións territoriais descritas, sendo Andalucía (con 583 casos de agresións sexuais múltiples), a Comunidade de Madrid (con 460), a Comunidade Valenciana (con 404) e Cataluña (con 328), as comunidades autónomas con maior número de casos. Agora ben, segundo a taxa que expresa a relación entre o número de delitos sexuais cometidos por dous ou máis responsables e a poboación total da xurisdición por cada 10 000 habitantes, Ceuta (0,69 %), Melilla (0,58 %) e Baleares (0,30 %) son os territorios autonómicos máis representativos.

T13. ACTOS COÑECIDOS REXISTRADOS: VIOLENCIA SEXUAL MÚLTIPLE (2019-2021)

(% sobre total anual)

	2019	2020	2021
ABUSO SEXUAL	41,8 %	39,8 %	43,3 %
AGRESIÓN SEXUAL	28,0 %	27,0 %	23,9 %
AGRESIÓN SEXUAL CON PENETRACIÓN	20,5 %	23,4 %	23,4 %
ABUSO SEXUAL CON PENETRACIÓN	9,7 %	9,9 %	9,4 %
TOTAL	100 %	100 %	100 %

*ELABORACIÓN PROPIA a partir do *IDLIS 2021*. SEC. Ministerio do Interior.




T14. ACTOS COÑECIDOS REXISTRADOS: VIOLENCIA SEXUAL MÚLTIPLE (2019-2021)

(% sobre total actos coñecidos segundo tipo penal anual)

	2019	2020	2021	TOTAL
ABUSO SEXUAL	32,8 %	26,8 %	40,3 %	100 %
AGRESIÓN SEXUAL	35,2 %	29,2 %	35,7 %	100 %
AGRESIÓN SEXUAL CON PENETRACIÓN	30,0 %	29,4 %	40,6 %	100 %
ABUSO SEXUAL CON PENETRACIÓN	33,1 %	28,9 %	38,0 %	100 %

*ELABORACIÓN PROPIA a partir do *IDLIS 2021*. SEC. Ministerio do Interior.



*ELABORACIÓN PROPIA a partir do *IDLIS 2021*. SEC. Ministerio do Interior.

T15. ACTOS COÑECIDOS REXISTRADOS: VIOLENCIA SEXUAL MÚLTIPLE SOBRE TOTAL DELITOS REXISTRADOS POR TIPOLOXÍA PENAL (2019-2021)

	2019	2020	2021
ABUSO SEXUAL (TOTAL)	6559	5413	7453
AS múltiple	202	170	248
% AS múltiple sobre total tipoloxía	3,1 %	3,1 %	3,3 %
ABUSO SEXUAL CON PENETRACIÓN (TOTAL)	1159	1110	1559
AS múltiple con pen.	47	41	54
% AS múltiple con pen. sobre total tipoloxía	4,1 %	3,7 %	3,5 %
AGRESIÓN SEXUAL (TOTAL)	1985	1595	2247
AS múltiple	135	114	137
% AS múltiple sobre total tipoloxía	6,8 %	7,1 %	6,1 %
AGRESIÓN SEXUAL CON PENETRACIÓN (TOTAL)	1751	1518	2023
AS múltiple con pen.	99	90	134
% AS múltiple con pen. sobre total tipoloxía	5,7 %	5,9 %	6,6 %

*IDLIS 2021. SEC. Ministerio do Interior.

**T16. ACTOS COÑECIDOS REXISTRADOS: TIPOLOXÍA PENAL E N.º DE AUTORES
(2019-2021)**

	(N)		
	2019	2020	2021
ABUSO SEXUAL (TOTAL)	6559	5413	7453
Cometido por un responsable	6357	5248	7205
Cometido por dous responsables	132	113	176
Cometido por tres ou máis responsables	70	52	72
ABUSO SEXUAL CON PENETRACIÓN (TOTAL)	1159	1110	1559
Cometido por un responsable	1112	1069	1505
Cometido por dous responsables	37	34	38
Cometido por tres ou máis responsables	10	7	16
AGRESIÓN SEXUAL (TOTAL)	1985	1595	2247
Cometido por un responsable	1850	1483	2110
Cometido por dous responsables	95	79	93
Cometido por tres ou máis responsables	40	33	44
AGRESIÓN SEXUAL CON PENETRACIÓN (TOTAL)	1751	1518	2023
Cometido por un responsable	1652	1421	1889
Cometido por dous responsables	63	70	90
Cometido por tres ou máis responsables	36	27	44
TOTAL	11 454	9636	13282
Cometido por un responsable	10 971	9221	12 709
Cometido por dous responsables	327	296	397
Cometido por tres ou máis responsables	156	119	176

*IDLIS 2021. SEC. Ministerio do Interior.

T.17. ACTOS COÑECIDOS REXISTRADOS: TIPOLOXÍA PENAL E N.º DE AUTORES (2019-2021)

(% sobre total actos coñecidos segundo tipo penal anual)

	2019	2020	2021	MEDIA PERÍODO SEGUNDO TIPOLOXÍA
Cometido por un responsable	95,8 %	95,7 %	95,7 %	95,7 %
Cometido por dous responsables	2,9 %	3,1 %	3,0 %	3,0 %
Cometido por tres ou máis responsables	1,4 %	1,2 %	1,3 %	1,3 %
TOTAL	100 %	100 %	100 %	100 %

*ELABORACIÓN PROPIA a partir do *IDLIS 2021*. SEC. Ministerio do Interior.



*ELABORACIÓN PROPIA a partir do *IDLIS 2021*. SEC. Ministerio do Interior.

1. Representación territorial dos actos de violencia sexual múltiple coñecidos e rexistrados (2016-2021)

T18. DELITOS SEXUAIS COMETIDOS POR 2 OU MÁIS RESPONSABLES: CC. AA. E TIPOLOXÍA PENAL (2016-2021)

	TOTAL	TAXA POR 10 000 HAB.	ABUSO SEXUAL	ABUSO SEXUAL CON PENETRACIÓN	AGRESIÓN SEXUAL	AGRESIÓN SEXUAL CON PENETRACIÓN
ANDALUCÍA	583	0,15 %	232	41	187	123
ARAGÓN	81	0,16 %	32	5	25	19
ASTURIAS	41	0,08 %	15	4	10	12
ILLES BALEARS/ILLAS BALEARES	146	0,30 %	59	13	41	33
CANARIAS	144	0,15 %	63	16	39	26
CANTABRIA	20	0,02 %	8	3	5	4
CASTELA E LEÓN	78	0,08 %	36	10	20	12
CASTELA-A MANCHA	76	0,09 %	29	4	25	18
CATALUNYA/CATALUÑA	328	0,08 %	94	50	83	101
COMUNITAT VALENCIANA/COM. VALENCIANA	404	0,18 %	178	26	98	102
EXTREMADURA	48	0,11 %	24	1	11	12
GALICIA	95	0,08 %	43	9	29	14
COMUNIDADE DE MADRID	460	0,13 %	185	42	123	110
REXIÓN DE MURCIA	106	0,15 %	52	4	28	22
NAVARRA	14	0,03 %	3	3	4	4
EUSKADI/PAÍS VASCO	1	0,00 %	1	0	0	0
A RIOXA	16	0,03 %	9	1	3	3
CEUTA	18	0,60 %	6	1	9	2
MELILLA	19	0,58 %	11	1	5	2
NO ESTRANXEIRO	13	-	3	2	1	7

*IDLIS 2021. SEC. Ministerio do Interior.

b. ACOSO SEXUAL, STALKING, AGRESIÓN E ABUSO SEXUAL 2019, 2021 E PERÍODO 2015-2019

i. Perfil das vitimizacións de mulleres: abuso e agresión sexual (con ou sen penetración), acoso sexual e *stalking*

1. Número de vitimizacións de mulleres por delitos contra a liberdade sexual: abuso e agresión sexual (con ou sen penetración) e acoso sexual (2021)

En 2021, o 54,4 % das vitimizacións de mulleres como consecuencia dos delitos de agresión sexual (agresión con ou sen penetración e abuso sexual con ou sen penetración) e acoso sexual incorreron na tipoloxía penal rexistrada polo Ministerio do Interior de abuso sexual. O resto das tipoloxías aquí publicadas e seleccionadas presentan proporcións moi inferiores (dende 40 e ata 50 puntos porcentuais menos), sendo o acoso sexual a tipoloxía penal coa proporción máis baixa.

T19. VITIMIZACIÓNS REXISTRADAS A MULLERES SOBRE TOTAL VITIMIZACIÓNS DE MULLERES (2021)

(%)

	MULLERES
ABUSO SEXUAL	54,4 %
AGRESIÓN SEXUAL	16,2 %
AGRESIÓN SEXUAL CON PENETRACIÓN	13,8 %
ABUSO SEXUAL CON PENETRACIÓN	11,6 %
ACOSO SEXUAL	4,1 %
TOTAL	100 %

*ELABORACIÓN PROPIA a partir do *IDLIS 2021*. SEC. Ministerio do Interior.

- a. Violencia sexual fóra do ámbito da parella. *Macroenquisa 2019*: prevalencia, frecuencia e formas de violencia (abuso e agresión sexual)

Segundo a seguinte nota do apartado introdutorio do Capítulo 16. Violencia sexual fóra do ámbito da parella da *MVM 2019* elaborada pola Delegación do Goberno Contra a Violencia de Xénero (DGCVG) do Ministerio de Igualdade, as violencias sexuais aquí entendidas comprenden as tipoloxías penais de agresión sexual con e sen penetración e o abuso sexual con e sen penetración empregadas polo Ministerio do Interior nas súas publicacións estatísticas. Así o demostran os oito ítems recollidos pola *MVM 2019*, que sinalan que «para cribar as mulleres que sufriron esta forma de violencia (violencia sexual fóra da parella ou exparella), o cuestionario preguntaba o seguinte: 1. Obrigouna a manter relacións sexuais ameazándoa, suxeitándoa ou mancándoa dalgunha maneira. Por relacións sexuais, queremos dicir penetración vaxinal ou anal co pene ou obxectos, ou sexo oral; 2. Fíxolle manter relacións sexuais cando era incapaz de rexeitalas debido a que vostede estaba baixo os efectos do alcol ou das drogas; 3. Mantivo relacións sexuais sen desexalo porque tiña medo do que lle podería facer se se negaba; 4. Obrigouna a ter relacións sexuais cando vostede non quería; 5. Tratou de obrigala a ter relacións sexuais contra a súa vontade sen éxito; 6. Tocoulle as súas partes íntimas —xenitais ou peito— ou realizou calquera outra clase de tocamento de tipo sexual cando vostede non quería; 7. Nalgunha ocasión obrigouna a tocarlle as súas partes íntimas —xenitais ou peito— ou obrigouna a realizar algunha outra clase de tocamento de tipo sexual cando vostede non quería; 8. Obrigouna a realizar algunha outra práctica de tipo sexual que eu non comentei» (p. 152 e 153).

Dunha mostra de 9557 mulleres —mostra empregada pola *MVM 2019*—, 620 mulleres (o 6,5 % do total) aseguran ter sufrido algún tipo de violencia sexual ao longo da súa vida en relacións non adscritas ao ámbito da parella (ou exparella) e un 2,2 %, unha violación.

Así, o número estimado de mulleres de 16 anos ou máis que sufriron violencia sexual ao longo da súa vida sitúase en 1 322 052 e o número estimado de mulleres de 16 anos ou máis que sufriron algunha violación en 453 371.

Entre as mulleres que sufriron algún tipo de violencia sexual ao longo da súa vida, a forma máis habitual que adoptou esta violencia aparece relacionada co feito de experimentar tocamentos por parte doutra persoa nas súas partes íntimas —xenitais ou peito— ou algún outro tipo de tocamento de tipo sexual cando a muller non quería (70,5 %). Entre o resto das formas consideradas, as catro seguintes presentan índices máis baixos, pero seguen tendo unha importante representación: intentaron manter relacións sexuais contra a vontade da muller nun 39,2 % dos casos; a muller tivo que realizar tocamentos das partes íntimas —xenitais ou peito— ou algún outro tipo de contacto sexual cando esta non quería no 24,8 % dos casos; a muller viuse obrigada a manter relacións sexuais mediante o uso de ameazas ou da forza física, causándolle dano nun 22,9 % dos casos; e a muller viuse obrigada a manter relacións sexuais cando esta non quería nun 19,7 % dos casos.

En canto á frecuencia, das 620 mulleres que sufriron algunha forma de violencia sexual, o 49,7 % afirma que a sufriu máis dunha vez.

T20. PREVALENCIA DA VIOLENCIA SEXUAL FÓRA DA PARELLA (2019)³⁹

	AO LONGO DA VIDA		ÚLTIMOS 4 ANOS		ÚLTIMOS 12 MESES		NA INFANCIA, < 15 ANOS		VIOLACIÓN ALGUNHA VEZ NA VIDA	
	(N)	% SOBRE TOTAL VIDA	(N)	% SOBRE TOTAL 4 ANOS	(N)	% SOBRE TOTAL 12 MESES	(N)	% SOBRE TOTAL INFANCIA	(N)	% SOBRE TOTAL VIOLACIÓN
SI	620	6,5 %	134	1,4 %	49	0,5 %	330	3,5 %	213	2,2 %
NON	8937	93,5 %	9423	98,6 %	9507	99,5 %	9227	96,5 %	9347	97,8 %
TOTAL	9557	100 %	9557	100 %	9556	100 %	9557	100 %	9560	100 %

*ELABORACIÓN PROPIA a partir da *MVM 2019*. DGCVG.

T21. PREVALENCIA DA VIOLENCIA SEXUAL FÓRA DA PARELLA: N.º ESTIMADO (2019)

	AO LONGO DA VIDA	ÚLTIMOS 4 ANOS	ÚLTIMOS 12 MESES	NA INFANCIA, < 15 ANOS	VIOLACIÓN ALGUNHA VEZ NA VIDA
N.º ESTIMADO DE MULLERES DE 16 OU MÁIS QUE SUFRIRON VIOLENCIA SEXUAL	13 22 052	285 823	103 487	703 925	453 371

**MVM 2019*. DGCVG.

T22. FORMAS DE VIOLENCIA SEXUAL FÓRA DA PARELLA AO LONGO DA VIDA (2019)

	(N)	% SOBRE TOTAL MULLERES DE 16 OU MÁIS	% SOBRE TOTAL MULLERES QUE SUFRIRON ALGÚN TIPO DE VIOLENCIA
Obrigouna a manter relacións sexuais ameazándoa, suxeitándoa ou mancándoa	142	1,5 %	22,9 %

³⁹ As táboas (n.º 20 á 23) presentes no apartado a. Violencia sexual fóra do ámbito da parella. *Macroenquisa 2019*: prevalencia, frecuencia e formas de violencia (abuso e agresión sexual) deste informe non inclúen a mostra relativa ao Non Contesta (NC) pola súa escasa representatividade. Por esta razón, os sumatorios de control da mostra aquí representados non se corresponden cos publicados na *MVM 2019*.

Fíxolle manter relacións sexuais cando era incapaz de rexeitalas debido a que vostede estaba baixo os efectos do alcol ou das drogas	85	0,9 %	13,7 %
Mantivo relacións sexuais sen desexalo porque tiña medo do que lle podería facer se se negaba	92	1,0 %	14,8 %
Obrigouna a ter relacións sexuais cando non quería	122	1,3 %	19,7 %
Tratou de obrigala a ter relacións sexuais contra a súa vontade sen éxito	243	2,5 %	39,2 %
Tocoulle a vostede as súas partes íntimas —xenitais ou peito— ou realizou calquera outra clase de tocamento de tipo sexual cando vostede non quería	437	4,6 %	70,5 %
Obrigouna a tocarlle as súas partes íntimas —xenitais ou peito— ou obrigouna a realizar algunha outra clase de tocamento de tipo sexual cando vostede non quería	154	1,6 %	24,8 %
Obrigouna a realizar algunha outra práctica de tipo sexual non mencionada	48	0,5 %	7,7 %

*MVM 2019. DGCVG.

T23. FRECUENCIA DA VIOLENCIA SEXUAL FÓRA DA PARELLA AO LONGO DA VIDA (2019)

	(N)	% SOBRE TOTAL MULLERES RESIDENTES EN ESPAÑA 16 OU MÁIS QUE SUFRIRON VS
UNHA VEZ	312	50,3 %
MÁIS DUNHA VEZ	308	49,7 %
TOTAL	620	100 %

*MVM 2019. DGCVG.

b. Acoso sexual. *Macroenquisa 2019*: prevalencia, frecuencia e formas de acoso sexual

No referente ao acoso sexual que sofren as mulleres que participaron na *MVM 2019*, obsérvase que é experimentado por un maior número de mulleres debido a unha maior frecuencia producida na interacción da vida social, tal e como a información estatística aquí tratada parece expresar. A este motivo, tamén cabe considerar a posibilidade de que quizais o acoso sexual pareza identificarse con máis facilidade que a agresión sexual ou que a violencia sexual exercida fóra do ámbito da parella expresada no apartado anterior.

En concreto, o 40,4 % das enquisadas sosteñen que o experimentaron polo menos unha vez ao longo da súa vida e o 18,5 % polo menos nunha ocasión ao longo da súa infancia⁴⁰. A estimación realizada contabiliza en 8 240 537 o número de mulleres de 16 anos ou máis que sufriron acoso sexual ao longo da súa vida e en 3 778 356 as mulleres que sufriron acoso sexual ao longo da súa infancia.

A forma de acoso sexual que adopta un maior peso porcentual entre as mulleres enquisadas é o feito de sufrir miradas insistentes ou lascivas que provocaron intimidación na muller nun 74,9 % dos casos, seguido do feito de ter contacto físico non desexado como, por exemplo, proximidade innecesaria, tocamientos de partes do seu corpo, bicos ou apertas, ou calquera outro acto non desexado pola muller nun 43,4 % dos casos.

Por outro lado, o 75,2 % considera que sufriu acoso sexual en máis dunha ocasión ao longo da súa vida.

T24. PREVALENCIA DO ACOSO SEXUAL (2019)

	AO LONGO DA VIDA		ÚLTIMOS 4 ANOS		ÚLTIMOS 12 MESES		NA INFANCIA, < 15 ANOS	
	(N)	% SOBRE TOTAL VIDA	(N)	% SOBRE TOTAL 4 ANOS	(N)	% SOBRE TOTAL 12 MESES	(N)	% SOBRE TOTAL INFANCIA
SI	3864	40,4 %	1736	18,1 %	971	10,1 %	1772	18,5 %
NON	5636	58,9 %	7748	81,0 %	8514	89,0 %	7707	80,5 %
NC	68	0,7 %	84	0,9 %	82	0,9 %	89	0,9 %
TOTAL	9568	100 %	9568	100 %	9567	100 %	9568	100 %

*ELABORACIÓN PROPIA a partir da *MVM 2019*. DGCVG.

⁴⁰ O tramo da infancia aparece operacionalizado na franxa de idade entre 0 e 15 anos segundo publica a *MVM 2019*.

T25. PREVALENCIA DO ACOSO SEXUAL: N.º ESTIMADO (2019)

	AO LONGO DA VIDA	ÚLTIMOS 4 ANOS	ÚLTIMOS 12 MESES	NA INFANCIA, ANTES DOS 15 ANOS
N.º ESTIMADO MULLERES DE 16 OU MÁIS QUE SUFRIRON ACOSO SEXUAL	8 240 537	3 703 252	2 071 764	3 778 356

*MVM 2019. DGCVG.

T26. FORMAS DE ACOSO SEXUAL AO LONGO DA VIDA (2019)

	(N)	% SOBRE TOTAL MULLERES DE 16 OU MÁIS (N = 9568)	% SOBRE TOTAL MULLERES QUE SUFRIRON ALGÚN TIPO DE ACOSO SEXUAL (N = 3864)
Sufriu miradas insistentes ou lascivas que fixeron que se sentise intimidada	2895	30,3 %	74,9 %
Alguén lle amosou ou enviou imaxes ou fotos sexualmente explícitas que fixeron que se sentise ofendida, humillada ou intimidada	688	7,2 %	17,8 %
Recibiu bromas sexuais ou comentarios ofensivos sobre o seu corpo ou vida privada	1495	15,6 %	38,7 %
Tivo suxestións inapropiadas para ter unha cita ou para calquera actividade de tipo sexual que fixo que se sentise ofendida, humillada ou intimidada	1342	14,0 %	34,7 %
Tivo contacto físico non desexado como: proximidade innecesaria, tocamentos de partes do seu corpo, bicos/apertas ou calquera cousa que non quixese	1678	17,5 %	43,4 %
Recibiu insinuacións inapropiadas, humillantes, intimidatorias ou ofensivas nas redes sociais	710	7,4 %	18,4 %

Recibiu correos electrónicos, WhatsApp ou mensaxes de texto sexualmente explícitas inapropiadas que fixeron que se sentise ofendida, humillada ou intimidada	615	6,4 %	15,9 %
Recibiu ameazas con consecuencias desagradables no traballo, como despedimento, se rexeitaba propostas ou avances sexuais	204	2,1 %	5,3 %
Alguén exhibiuse indecentemente	1172	12,2 %	30,3 %
Obrigárona a ver material pornográfico contra a súa vontade	65	0,7 %	1,7 %
Outros comportamentos similares con connotacións sexuais que fixeron que se sentise ofendida, humillada ou intimidada.	363	3,8 %	9,4 %

*MVM 2019. DGCVG.

T27. FRECUENCIA DO ACOSO SEXUAL AO LONGO DA VIDA (2019)

	(N)	% SOBRE TOTAL MULLERES QUE SUFRIRON AS (N = 3864)
UNHA VEZ	930	24,1 %
MÁIS DUNHA VEZ	2905	75,2 %
NC	29	0,7 %
TOTAL	3864	100 %

*MVM 2019. DGCVG.

c. Acoso reiterado ou *stalking*. *Macroenquisa 2019*: prevalencia, frecuencia e formas de *stalking*

Respecto ao acoso sexual reiterado ou *stalking*, o 15,2 % das mulleres o sufriu nalgún momento ao longo da súa vida e o 3,7 % nalgún momento ao longo da súa infancia. A maneira máis habitual na que se presenta é mediante o envío de mensaxes non desexadas, chamadas telefónicas, correos electrónicos, cartas ou agasallos nun 52,5 % dos casos; na realización de chamadas telefónicas obscenas, ameazantes, molestas ou silenciosas nun 47,2 % dos casos; no feito de espiar a muller nun 40,6 % dos casos; e no feito de estar esperando ou deambulando polos arredores da casa, colexio ou traballo da muller nun 37,1 % dos feitos vividos polas enquisadas. Ademais, a cuarta parte das enquisadas que sufriron *stalking* ou acoso sexual reiterado sostén que o devandito acoso durou máis dun ano (24,7 %) e unha quinta parte menos de dúas semanas (20,1 %).

T28. PREVALENCIA DE STALKING (2019)

	AO LONGO DA VIDA		ÚLTIMOS 4 ANOS		ÚLTIMOS 12 MESES		NA INFANCIA, < 15 ANOS	
	(N)	% SOBRE TOTAL VIDA	(N)	% SOBRE TOTAL 4 ANOS	(N)	% SOBRE TOTAL 12 MESES	(N)	% SOBRE TOTAL INFANCIA
SI	1451	15,2 %	626	6,5 %	288	3,0 %	356	3,7 %
NON	8081	84,5 %	8898	93,0 %	9235	96,5 %	9172	95,9 %
NC	35	0,4 %	45	0,5 %	45	0,5 %	40	0,4 %
TOTAL	9568	100 %	9568	100 %	9568	100 %	9568	100 %

*MVM 2019. DGCVG.

T29. FORMAS DE STALKING AO LONGO DA VIDA (2019)

(N)	% SOBRE TOTAL MULLERES DE 16 OU MÁIS (N = 9568)	% SOBRE TOTAL MULLERES QUE SUFRIRON ALGÚN TIPO DE STALKING
-----	---	--

(N = 1451)

Envioulle mensaxes non desexadas, chamadas telefónicas, correos electrónicos, cartas ou agasallos	762	8,0 %	52,5 %
Fíxolle chamadas telefónicas obscenas, ameazantes, molestas ou silenciosas	685	7,2 %	47,2 %
Esperouna ou estivo deambulando fóra da súa casa, colexio ou traballo	538	5,6 %	37,1 %
Seguiu espiándoa	589	6,2 %	40,6 %
Danou intencionadamente as súas cousas (coche, caixa de correo, etc.) ou propiedades de persoas que lle importan ou dos seus animais	193	2,0 %	13,3 %
Fixo comentarios ofensivos ou vergoñentos sobre vostede, propostas inapropiadas en Internet ou nas redes sociais	361	3,8 %	24,9 %
Publicou fotos, vídeos ou información moi persoal sobre vostede en lugares como o seu barrio, traballo, escola, Internet ou redes sociais, ou enviou esta información a outras persoas a través de teléfonos móbiles ou aplicacións	63	0,7 %	4,3 %

*MVM 2019. DGCVG.

T30. FRECUENCIA DO STALKING AO LONGO DA VIDA (2019)

	(N)	% SOBRE TOTAL MULLERES QUE SUFRIRON STALKING (N = 1451)
MENOS DE 2 SEMANAS	292	20,1 %
2 A 4 SEMANAS	180	12,4 %
MÁIS DE 1 MES ATA 3 MESES	224	15,5 %
MÁIS DE 3 MESES ATA 6	163	11,2 %
MÁIS DE 6 MESES ATA 1 ANO	202	13,9 %
MÁIS DE 1 ANO	359	24,7 %
	31	2,1 %

NC

1451

100 %

TOTAL

*MVM 2019. DGCVG.

d. Violencia sexual exercida pola parella ou exparella. *Macroenquisa 2019*: prevalencia, frecuencia e formas de violencia sexual

Segundo a seguinte nota do apartado introdutorio do Capítulo 2. Violencia sexual na parella da *MVM 2019* a violencia sexual aquí entendida comprende as tipoloxías penais de agresión sexual con e sen penetración e o abuso sexual con e sen penetración empregadas polo Ministerio do Interior nas súas publicacións estatísticas. Así o demostran os oito ítems recollidos pola *MVM 2019*, que sinalan que «para cribar as mulleres que sufriron esta forma de violencia (violencia sexual fóra da parella ou exparella), o cuestionario preguntaba o seguinte: 1. Obrigouna a manter relacións sexuais ameazándoa, suxeitándoa ou mancándoa dalgunha maneira. Por relacións sexuais, queremos dicir penetración vaxinal ou anal co pene ou obxectos, ou sexo oral; 2. Fíxolle manter relacións sexuais cando era incapaz de rexeitalas debido a que vostede estaba baixo os efectos do alcol ou das drogas; 3. Mantivo relacións sexuais sen desexalo porque tiña medo do que lle podería facer se se negaba; 4. Obrigouna a ter relacións sexuais cando vostede non quería; 5. Tratou de obrigala a ter relacións sexuais contra a súa vontade sen éxito; 6. Tocoulle as súas partes íntimas —xenitais ou peito— ou realizou calquera outra clase de tocamento de tipo sexual cando vostede non quería; 7. Nalgunha ocasión obrigouna a tocarlle as súas partes íntimas —xenitais ou peito— ou obrigouna a realizar algunha outra clase de tocamento de tipo sexual cando vostede non quería; 8. Obrigouna a realizar algunha outra práctica de tipo sexual que eu non mencionara.

O 8,9 % das mulleres enquisadas experimentou violencia sexual exercida pola súa parella ou exparella ao longo da súa vida; o 2,9 % padeceuna nos últimos catro anos anteriores ao momento de realizar a enquisa e o 1,3 % nos últimos doce meses. Segundo estima a *MVM 2019*, 1 810 948 mulleres sufriron violencia sexual por parte da súa parella ou exparella ao longo da súa vida, 585 629 sufrírona nos últimos catro anos anteriores á realización da enquisa e 269 852. nos últimos doce meses.

En canto á forma que adopta a violencia sexual exercida pola parella ou exparella, do total de mulleres residentes en España de 16 anos ou máis, o 6,5 % delas afirma que a súa parella ou exparella as obrigou nalgún momento a ter relacións sexuais contra a súa vontade; o 5,2 % afirma que a súa parella ou exparella as obrigou nalgún momento a tocar as súas partes íntimas —xenitais ou peito— ou algún outro tipo de tocamento de tipo sexual cando a muller non quería facelo e o 5 % das mulleres afirma que mantivo relacións sexuais coa súa parella ou exparella sen desexalo porque tiña medo do que a súa parella podería facerlle se se negaba.


Das mulleres que sufriron violencia sexual coa súa parella actual, o 86,2 % padeceuna en máis dunha ocasión e das mulleres que sufriron violencia sexual con algunha ou varias das súas parellas anteriores, o 88,8 % padeceuna en máis dunha ocasión.

T31. VIOLENCIA SEXUAL EXERCIDA POR PARELLA ACTUAL/ANTERIOR (2019)⁴¹

	PARELLA ACTUAL		PARELLAS ANTERIORES		CALQUERA PARELLA		TOTAL MULLERES		
	(N)	% SOBRE TOTAL PARELLA ACTUAL	(N)	% SOBRE TOTAL PARELLAS ANTERIORES	(N)	% SOBRE TOTAL CALQUERA PARELLA	(N)	% SOBRE TOTAL MULLERES QUE RESIDEN EN ESPAÑA CON 16 OU MÁIS	N.º ESTIMADO MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA
<i>Ao longo da vida</i>									
Si	124	1,9 %	742	13,4 %	849	9,3 %	849	8,9 %	1 810 948
Non	6368	98,1 %	4798	86,6 %	8319	90,7 %	8676	91,1 %	
TOTAL	6492	100 %	5540	100 %	9168	100 %	9525	100 %	
<i>Nos últimos catro anos</i>									
Si	88	1,4 %	188	3,4 %	275	3,0 %	275	2,9 %	585 629
Non	6403	98,6 %	5352	96,6 %	8892	97,0 %	9249	97,1 %	
TOTAL	6491	100 %	5540	100 %	9167	100 %	9524	100 %	
<i>Nos últimos doce meses</i>									
Si	71	1,1 %	56	1,0 %	127	1,4 %	127	1,3 %	269 852
Non	6420	98,9 %	5483	99,0 %	9039	98,6 %	9396	98,6 %	
TOTAL	6491	100 %	5539	100 %	9166	100 %	9523	100 %	

*ELABORACIÓN PROPIA a partir da MVM 2019. DGCVG.

⁴¹ As táboas (n.º 31 á 43) presentes no apartado d. *Violencia sexual exercida pola parella ou exparella. Macroenquisa 2019*: prevalencia, frecuencia e formas de violencia sexual deste informe non inclúen a mostra relativa ao Non Contesta (NC) pola súa escasa representatividade. Por esta razón, os sumatorios de control da mostra aquí representados non se corresponden cos publicados na MVM 2019.




*ELABORACIÓN PROPIA a partir da MVM 2019. DGCVG.

T32. FORMAS VIOLENCIA SEXUAL EXERCIDA POR ALGUNHA PARELLA ACTUAL/ANTERIOR (2019)

PARELLA ACTUAL	PARELLAS ANTERIORES	CALQUERA PARELLA	TOTAL MULLERES
(N)	(N)	(N)	(N)
% SOBRE TOTAL PARELLA ACTUAL	% SOBRE TOTAL PARELLAS ANTERIORES	% SOBRE TOTAL CALQUERA PARELLA	% SOBRE TOTAL MULLERES QUE RESIDEN EN ESPAÑA CON 16 OU MÁIS

Obrigouna a manter relacións sexuais ameazándoa, suxeitándoa ou mancándoa dalgunha maneira	23	0,4 %	351	6,3 %	373	4,1 %	373	3,9 %
Fíxolle manter relacións sexuais cando era incapaz de rexeitalas debido a que vostede estaba baixo os efectos do alcol ou das drogas	10	0,2 %	162	2,9 %	170	1,8 %	170	1,8 %
Mantivo relacións sexuais sen desexalo porque tiña medo do que lle podería facer se se negaba	36	0,6 %	449	8,0 %	482	5,2 %	482	5,0 %
Obrigouna a ter relacións sexuais cando non quería	77	1,2 %	553	9,9 %	622	6,7 %	622	6,5 %
Tratou de obrigala a ter relacións sexuais contra a súa vontade sen éxito	40	0,6 %	390	7,0 %	426	4,6 %	426	4,4 %
Tocoulle as súas partes íntimas — xenitais ou peito— ou realizou calquera outra clase de tocamento de tipo sexual cando vostede non quería	59	0,9 %	445	8,0 %	495	5,4 %	495	5,2 %
Obrigouna a tocarlle as súas partes íntimas —xenitais ou peito— ou obrigouna a realizar algunha outra clase de tocamento	31	0,5 %	335	6,0 %	362	3,9 %	362	3,8 %



T33. FRECUENCIA VIOLENCIA SEXUAL: PARELLA/ANTERIOR (2019)

	PARELLA ACTUAL		PARELLAS ANTERIORES	
	(N)	% SOBRE TOTAL PARELLA ACTUAL	(N)	% SOBRE TOTAL PARELLAS ANTERIORES
UNHA VEZ	12	10,0 %	83	11,1 %
MÁIS DUNHA VEZ	107	86,2 %	659	88,8 %
NC	5	3,8 %	1	0,1 %
TOTAL	124	100 %	742	100 %

*MVM 2019. DGCVG.

2. Idade de vitimizacións de mulleres por delitos contra a liberdade sexual: abuso e agresión sexual (con ou sen penetración), acoso sexual (2021) e *stalking* (2019)

O 61,8 % das vitimizacións rexistradas a mulleres pertencen a nenas e adolescentes de 0 a 17 anos, que se contabilizan en 5507 vitimizacións durante 2021: 2253 pertencen a nenas de 0 a 13 anos e 3254 a adolescentes de 14 a 17 anos.

En canto ás vitimizacións a mulleres de 18 anos ou máis, o tramo de idade máis numeroso é o que recolle as idades comprendidas entre os 18 e os 30 anos, no que se atopa a violencia sexual (analizada mediante tipoloxías penais publicadas polo Ministerio do Interior e aquí

seleccionadas: agresión sexual con e sen penetración e abuso sexual con e sen penetración, así como acoso sexual) rexistra 4255 vitimizacións que aconteceron durante 2021.

A) VITIMIZACIONES REGISTRADAS A MULLERES MENORES (2021)

T₃₄. VITIMIZACIONES REGISTRADAS A MULLERES DE 0 A 17 ANOS SOBRE TOTAL VITIMIZACIONES DE MULLERES (2021)

(%)

	MULLERES	TOTAL
ABUSO SEXUAL	61,8 %	63,1 %
AGRESIÓN SEXUAL	14,5 %	14,1 %
AGRESIÓN SEXUAL CON PENETRACIÓN	10,2 %	9,6 %
ABUSO SEXUAL CON PENETRACIÓN	11,3 %	11,2 %
ACOSO SEXUAL	2,2 %	2,0 %
TOTAL	100 %	100 %


*ELABORACIÓN PROPIA a partir do *IDLIS 2021*. SEC. Ministerio do Interior.

T₃₅. N.º VITIMIZACIONES REGISTRADAS A MULLERES MENORES DE EDADE (2021)

(N)

	0-13	14-17	TOTAL
ABUSO SEXUAL	1631	1774	3405
AGRESIÓN SEXUAL	219	579	798
AGRESIÓN SEXUAL CON PENETRACIÓN	125	434	559
ABUSO SEXUAL CON PENETRACIÓN	228	396	624
ACOSO SEXUAL	50	71	121
TOTAL	2253	3254	5507

**IDLIS 2021*. SEC. Ministerio do Interior.



*ELABORACIÓN PROPIA a partir do *IDLIS 2021*. SEC. Ministerio do Interior.

B) VITIMIZACIÓNS REXISTRADAS A MULLERES MAIORES DE IDADE (2021)

T36. VITIMIZACIÓNS REXISTRADAS A MULLERES DE 18 A 30 SOBRE TOTAL VITIMIZACIÓNS DE MULLERES (2021)

(%)

	MULLERES	TOTAL
MULLERES NOVAS (16-24 ANOS)	110	11,0 %	79	7,9 %	32	3,2 %	48	4,8 %
RESTO MULLERES (> 25 ANOS)	510	6,0 %	55	0,6 %	17	0,2 %	282	3,3 %

*MVM 2019. DGCVG. Ministerio de Igualdade.

T142. VIOLACIÓN FÓRA DA PARELLA: IDADE (2019)

	SI		NON		NC		TOTAL	
	(N)	(%)	(N)	(%)	(N)	(%)	(N)	(%)
MULLERES NOVAS (16-24 ANOS)	35	3,5 %	961	96,5 %	0	0,0 %	995	100 %
RESTO MULLERES (> 25 ANOS)	178	2,1 %	8386	97,8 %	8	0,1 %	8573	100 %

*MVM 2019. DGCVG. Ministerio de Igualdade.

T143. FRECUENCIA DA VIOLENCIA SEXUAL FÓRA DA PARELLA AO LONGO DA VIDA: IDADE (2019)

	MULLERES NOVAS (16-24 ANOS)		RESTO MULLERES (> 25 ANOS)	
	(N)	% sobre mulleres que sufriron VS fóra da parella	(N)	% sobre mulleres que sufriron VS fóra da parella
UNHA VEZ	50	45,2 %	263	51,5 %
MÁIS DUNHA VEZ	60	54,8 %	248	48,5 %
NC	0	0,0 %	0	0,0 %
TOTAL	110	100 %	510	100 %

*MVM 2019. DGCVG. Ministerio de Igualdade.

2. Acoso sexual en mulleres novas (2019)

T144. ACOSO SEXUAL: IDADE (2019)

	AO LONGO DA VIDA		ÚLTIMOS 4 ANOS		ÚLTIMOS 12 MESES		NA INFANCIA, < 15 ANOS	
	(N)	(%)	(N)	(%)	(N)	(%)	(N)	(%)
MULLERES NOVAS (16-24 ANOS)	602	60,5 %	562	56,5 %	387	38,9 %	345	34,7 %
RESTO MULLERES (> 25 ANOS)	3262	38,0 %	1174	13,7 %	584	6,8 %	1426	16,6 %

*MVM 2019. DGCVG. Ministerio de Igualdade.

3. Acoso sexual reiterado ou *stalking* en mulleres novas (2019)

T145. ACOSO SEXUAL REITERADO OU STALKING: IDADE (2019)

	AO LONGO DA VIDA		ÚLTIMOS 4 ANOS		ÚLTIMOS 12 MESES		NA INFANCIA, < 15 ANOS	
	(N)	(%)	(N)	(%)	(N)	(%)	(N)	(%)
MULLERES NOVAS (16-24 ANOS)	261	26,2 %	210	21,1 %	108	10,9 %	129	13,0 %
RESTO MULLERES (> 25 ANOS)	1190	13,9 %	416	4,8 %	180	2,1 %	227	2,6 %

*MVM 2019. DGCVG. Ministerio de Igualdade.

iv. Violencias sexuais e mulleres maiores de 65 anos (2019-2021)

As vitimización pertencentes a mulleres maiores de 65 anos atinxen principalmente á categoría analítica denominada «outros delitos contra a liberdade e indemnidade sexual», usada polo PEC do Ministerio do Interior, que representa o 68,2 % das mesmas durante o ano 2021.

O *Estudio sobre las mujeres mayores de 65 años víctimas de violencia de género* elaborado pola DGCVG mostra que o 56 % das mulleres maiores de 65 anos mantiveron relacións sexuais contra a súa vontade nalgún momento ao longo da súa vida porque tiñan medo do que as súas exparellas podían facerlles se se negaban.

A raíz da xubilación, o 25 % das mulleres considera que experimentou unha maior intensidade na agresividade sexual que sufriu e o 32 % que sufriu condutas sexuais potencialmente perigosas para elas mesmas.

T146. VITIMIZACIÓNS DELITOS CONTRA A LIBERDADE E INDEMNIDADE SEXUAL: MULLERES > 65 ANOS (2021)

	(N)	
	MULLERES > 65	TOTAL MULLERES
2021	100	100

Agresión sexual	34	2079
Agresión sexual con penetración	8	1774
Outros delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	90	10 358
TOTAL 2021	132	14 608

2020

Agresión sexual	20	1456
Agresión sexual con penetración	10	1314
Outros delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	62	7646
TOTAL 2020	92	10 798

2019

Agresión sexual	23	1603
Agresión sexual con penetración	6	1279
Outros delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	73	7660
TOTAL 2019	102	10 891

*Victimizaciónes penales por período, comunidade autónoma, tipoloxía penal, grupo de idade y sexo (2021). PEC.
Ministerio do Interior. Ministerio de Igualdade.

T147. VITIMIZACIÓNES DELITOS CONTRA A LIBERDADE E INDEMNIDADE SEXUAL: MULLERES > 65 ANOS (2021)

(%)

MULLERES > 65
SOBRE TOTAL 2021

MULLERES > 65 SOBRE
TOTAL TIPOLOXÍA PENAL

2021

Agresión sexual	25,8 %	1,6 %
Agresión sexual con penetración	6,1 %	0,5 %

Outros delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	68,2 %	0,9 %
TOTAL 2021	-	0,9 %
2020		
Agresión sexual	21,7 %	1,4 %
Agresión sexual con penetración	10,9 %	0,8 %
Outros delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	67,4 %	0,8 %
TOTAL 2020	-	0,9 %
2019		
Agresión sexual	22,5 %	1,4 %
Agresión sexual con penetración	5,9 %	0,5 %
Outros delitos contra a liberdade e indemnidade sexual	71,6 %	1,0 %
TOTAL 2019	-	0,9 %

*ELABORACIÓN PROPIA a partir do *Portal estatístico de criminalidade sobre vitimizacións penais por período, comunidade autónoma, tipoloxía penal, grupo de idade e sexo* (2021). PEC. Ministerio do Interior.

T14.8. MULLERES > 65 ANOS: VIOLENCIA SEXUAL SUFRIDA NALGÚN MOMENTO DA SÚA VIDA (2019)

	NOS ÚLTIMOS 12 MESES	
	NALGÚN MOMENTO DA VIDA	NOS ÚLTIMOS 12 MESES
Ao longo da súa vida, coa súa exparella, mantivo relacións sexuais, contra a súa vontade por medo ao que lle puidese facer se se negaba	56 %	4 %
Ao longo da súa vida, a súa exparella obrigouna a realizar algunha outra práctica sexual en contra da súa vontade ou algunha práctica que lle	29 %	3 %

resultase degradante/humillante

Ao longo da súa vida, a súa exparella intentou obrigala a manter relacións sexuais en contra da súa vontade, suxeitándoa/mancándoa

4,2 %

3 %

*Estudio sobre las mujeres mayores de 65 años víctimas de violencia de género. 2019. DGCVG. Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade.

T149. MULLERES > 65 ANOS: INCREMENTO DA VIOLENCIA VINCULADA Á XUBILACIÓN (2019)

(%)

	MAIOR AGRESIVIDADE SEXUAL	CONDUTAS SEXUAIS POTENCIALMENTE PERIGOSAS PARA VOSTEDE
SI	25 %	32 %
NON	65 %	61 %
EN OCASIÓNS	7 %	7 %
DESCOÑECIDO	3 %	-
TOTAL	100 %	100 %

*Estudio sobre las mujeres mayores de 65 años víctimas de violencia de género. 2019. DGCVG. Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade.

v. Violencias sexuais e mulleres con algún tipo e grao de diversidade funcional (2019-2020)

De acordo co estudo *Mujer, discapacidad y violencia de género* publicado en 2020 pola DGCVG, o 96,4 % das mulleres con diversidade funcional experimentou violencia psicolóxica de control, seguido do 81,8 % das mulleres con diversidade funcional que sufriu violencia psicolóxica emocional e do 62,7 % e do 60,9 % que foi vítima de violencia sexual e violencia física, respectivamente.

Por outra banda, a *MVM 2019* sinala que o 10,3 % das mulleres con diversidade funcional foi obxecto de violencia sexual (diferente a violación) nalgún momento da súa vida, mentres que o 4,7 % foi obxecto de violación.

A *MVM 2019* tamén indica que o 40,2 % das mulleres con diversidade funcional sufriu acoso sexual ao longo da súa vida e que o 16,9 % foi vítima de acoso sexual reiterado.

1. Prevalencia da violencia sexual en mulleres con algún tipo de diversidade funcional dentro da parella ou exparella (2020)

T150. MULLERES CON DIVERSIDADE FUNCIONAL: PREVALENCIA DA VIOLENCIA DE XÉNERO POR TIPO DE VIOLENCIA (2020)

	(%)	
	SI, SUFRIU ESTA VIOLENCIA	NON ESTA, PERO SI OUTRA
VIOLENCIA PSICOLÓXICA DE CONTROL	96,4 %	3,6 %
VIOLENCIA PSICOLÓXICA EMOCIONAL	81,8 %	18,2 %
VIOLENCIA SEXUAL	62,7 %	37,3 %
VIOLENCIA FÍSICA	60,9 %	39,1 %
VIOLENCIA ECONÓMICA	57,3 %	42,7 %

**Mujer, discapacidad y violencia de género. 2020. DGCVG. Ministerio de Igualdade.*

2. Agresión e abuso sexual en mulleres con algún tipo de diversidade funcional fóra da parella ou exparella (2019)

T151. PREVALENCIA DA VIOLENCIA SEXUAL FÓRA DA PARELLA: DIVERSIDADE FUNCIONAL (2019)

	AO LONGO DA VIDA		ÚLTIMOS 4 ANOS		ÚLTIMOS 12 MESES		NA INFANCIA, < 15 ANOS	
	(N)	(%)	(N)	(%)	(N)	(%)	(N)	(%)
DIVERSIDADE F. (N = 556)	57	10,3 %	6	1,1 %	1	0,1 %	35	6,3 %
SEN DIVERSIDADE F. (N = 9012)	563	6,2 %	128	1,4 %	48	0,5 %	295	3,3 %

*MVM 2019. DGCVG. Ministerio de Igualdade.

T152. VIOLACIÓN FÓRA DA PARELLA: DIVERSIDADE FUNCIONAL ACREDITADA (2019)

	SI		NON		NC		TOTAL	
	(N)	(%)	(N)	(%)	(N)	(%)	(N)	(%)
DIVERSIDADE F. (N = 556)	26	4,7 %	528	95,0 %	2	0,3 %	556	100 %
SEN DIVERSIDADE F. (N = 9012)	563	2,1 %	8819	97,9 %	7	0,1 %	9012	100 %

*MVM 2019. DGCVG. Ministerio de Igualdade.

T153. LESIÓNS COMO CONSECUCENCIA DA VIOLENCIA SEXUAL FÓRA DA PARELLA: DIVERSIDADE FUNCIONAL ACREDITADA (2019)

	SI		NON		NC		TOTAL	
	(N)	(%)	(N)	(%)	(N)	(%)	(N)	(%)
DIVERSIDADE F.	12	20,9 %	45	79,1 %	0	0,0 %	57	100 %
SEN DIVERSIDADE F. (N = 9012)	88	15,7 %	472	83,9 %	2	0,4 %	563	100 %

*MVM 2019. DGCVG. Ministerio de Igualdade.

T154. DIVERSIDADE FUNCIONAL COMO CONSECUCENCIA DA VIOLENCIA SEXUAL FÓRA DA PARELLA(2019)

	(N)	% SOBRE MULLERES CON DF QUE SUFRIRON VS FÓRA DA PARELLA (N = 185)
SI	26	14,3 %
NON	155	84,2 %
NC	3	1,4 %
TOTAL	185	100 %

*MVM 2019. DGCVG. Ministerio de Igualdade.

3. Acoso sexual en mulleres con algún tipo de diversidade funcional (2019)

T155. ACOSO SEXUAL: DIVERSIDADE FUNCIONAL ACREDITADA (2019)

	AO LONGO DA VIDA		ÚLTIMOS 4 ANOS		ÚLTIMOS 12 MESES		NA INFANCIA, < 15 ANOS	
	(N)	(%)	(N)	(%)	(N)	(%)	(N)	(%)
DIVERSIDADE F. (N = 556)	224	40,2 %	53	9,6 %	28	5,0 %	92	16,5 %
SEN DIVERSIDADE F. (N = 9012)	3640	40,4 %	1683	18,7 %	943	10,5 %	1680	18,6 %

*MVM 2019. DGCVG. Ministerio de Igualdade.

T156. FRECUENCIA DO ACOSO SEXUAL AO LONGO DA VIDA: DIVERSIDADE FUNCIONAL ACREDITADA (2019)

	UNHA VEZ		MÁIS DUNHA VEZ		NC		TOTAL	
	(N)	(%)	(N)	(%)	(N)	(%)	(N)	(%)
DIVERSIDADE F. (N = 556)	66	29,5 %	156	69,8 %	2	0,7 %	224	100 %
SEN DIVERSIDADE F. (N = 9012)	864	23,7 %	2749	75,5 %	27	0,7 %	3640	100 %

*MVM 2019. DGCVG. Ministerio de Igualdade.

4. Acoso sexual reiterado ou *stalking* en mulleres con algún tipo de diversidade funcional (2019)

T157. ACOSO SEXUAL REITERADO OU *STALKING*: DIVERSIDADE FUNCIONAL ACREDITADA (2019)

	AO LONGO DA VIDA		ÚLTIMOS 4 ANOS		ÚLTIMOS 12 MESES		NA INFANCIA, < 15 ANOS	
	(N)	(%)	(N)	(%)	(N)	(%)	(N)	(%)
DIVERSIDADE F. (N = 556)	94	16,9 %	30	5,4 %	15	2,7 %	18	3,3 %

SEN DIVERSIDADE F.

(N = 9012)

1358 15,1 % 596 6,6 % 273 3,0 % 338 3,8 %

*MVM 2019. DGCVG. Ministerio de Igualdade.

vi. Violencias sexuais e mulleres nadas no estranxeiro (2019)

De acordo coa *MVM 2019*, o 9,8 % das mulleres nadas no estranxeiro foi vítima de violencia sexual exercida fóra da parella, entendida como agresión sexual (agresión con ou sen penetración e abuso sexual con ou sen penetración) producida fóra da parella e o 5,2 % de violación sexual. Ademais, o 27,8 % sufriu lesións como consecuencia da violencia que se exerceu contra elas.

En canto ao acoso sexual experimentado, o 44,1 % das mulleres asegura que o sufriu nalgún momento da súa vida, xunto co 19,3 % que afirma que sufriu acoso sexual reiterado ou *stalking* ao longo da súa vida.

1. **Agresión e abuso sexual en mulleres estranxeiras fóra da parella ou exparella (2019)**

T158. PREVALENCIA DA VIOLENCIA SEXUAL FÓRA DA PARELLA: MULLERES ESTRANXEIRAS (2019)

	AO LONGO DA VIDA		ÚLTIMOS 4 ANOS		ÚLTIMOS 12 MESES		NA INFANCIA, < 15 ANOS	
	(N)	(%)	(N)	(%)	(N)	(%)	(N)	(%)
ESPAÑA	496	6,0 %	111	1,3 %	37	0,4 %	257	3,1 %
OUTRO PAÍS	123	9,8 %	23	1,8 %	11	0,9 %	73	5,8 %

*MVM 2019. DGCVG. Ministerio de Igualdade.

T159. VIOLACIÓN FÓRA DA PARELLA: MULLERES ESTRANXEIRAS (2019)

	SI		NON		NC		TOTAL	
	(N)	(%)	(N)	(%)	(N)	(%)	(N)	(%)
ESPAÑA	147	1,8 %	8160	98,1 %	7	0,1 %	8314	100 %
OUTRO PAÍS	66	5,2 %	1187	94,7 %	1	0,1 %	1254	100 %

*MVM 2019. DGCVG. Ministerio de Igualdade.

T160. LESIÓNS COMO CONSECUCENCIA DA VIOLENCIA SEXUAL FÓRA DA PARELLA: MULLERES ESTRANXEIRAS (2019)

	SI		NON		NC		TOTAL	
	(N)	(%)	(N)	(%)	(N)	(%)	(N)	(%)
ESPAÑA	66	13,3 %	430	86,6 %	1	0,1 %	496	100 %
OUTRO PAÍS	34	27,8 %	88	71,0 %	1	1,2 %	123	100 %

*MVM 2019. DGCVG. Ministerio de Igualdade.

2. Acoso sexual en mulleres estranxeiras (2019)

T161. ACOSO SEXUAL: MULLERES ESTRANXEIRAS (2019)

	AO LONGO DA VIDA		ÚLTIMOS 4 ANOS		ÚLTIMOS 12 MESES		NA INFANCIA, < 15 ANOS	
	(N)	(%)	(N)	(%)	(N)	(%)	(N)	(%)
ESPAÑA	3310	39,8 %	1461	17,6 %	810	9,7 %	1496	18,0 %
OUTRO PAÍS	554	44,1 %	276	22,0 %	161	12,8 %	275	22,0 %

*MVM 2019. DGCVG. Ministerio de Igualdade.

T162. FRECUENCIA DO ACOSO SEXUAL AO LONGO DA VIDA: MULLERES ESTRANXEIRAS (2019)

	UNHA VEZ		MÁIS DUNHA VEZ		NC		TOTAL	
	(N)	(%)	(N)	(%)	(N)	(%)	(N)	(%)
ESPAÑA	805	24,3 %	2479	74,9 %	27	0,8 %	3310	100 %
OUTRO PAÍS	125	22,6 %	426	77,0 %	2	0,4 %	554	100 %

*MVM 2019. DGCVG. Ministerio de Igualdade.

3. Acoso sexual reiterado ou *stalking* en mulleres estranxeiras (2019)

T163. ACOSO SEXUAL REITERADO OU STALKING: MULLERES ESTRANXEIRAS (2019)

	AO LONGO DA VIDA		ÚLTIMOS 4 ANOS		ÚLTIMOS 12 MESES		NA INFANCIA, < 15 ANOS	
	(N)	(%)	(N)	(%)	(N)	(%)	(N)	(%)
ESPAÑA	1210	14,5 %	499	6,0 %	224	2,7 %	296	3,6 %
OUTRO PAÍS	242	19,3 %	127	10,1 %	64	5,1 %	60	4,8 %

*MVM 2019. DGCVG. Ministerio de Igualdade.

vii. Violencias sexuais e mulleres residentes en concellos pequenos (2019)

Polo tamaño do concello no que se atopa a residencia, as mulleres que viven en concellos de menos de 10 000 habitantes sufriron ao longo da súa vida polo menos unha agresión sexual (agresión sexual con ou sen penetración e abuso sexual con ou sen penetración) fóra da parella ou exparella nun 5,6% dos casos. Destas, o 40,3 % viviuno en repetidas ocasións.

No 69,8 % dos casos, as mulleres afirman que viviron situacións de acoso sexual, a metade destas mulleres (33,4 %) vive en concellos de menos de 2000 habitantes. Ademais, o 72,6 % das mulleres asegura que o viviu repetidamente ao longo do tempo.

En canto ao acoso sexual reiterado ou *stalking*, o 10,1 % das mulleres experimentouno nalgún momento da súa vida.

1. Agresión e abuso sexual fóra da parella ou exparella en mulleres que residen en concellos pequenos (2019)

T164. PREVALENCIA DA VIOLENCIA SEXUAL FÓRA DA PARELLA SEGUNDO TAMAÑO DO CONCELLO DE RESIDENCIA (2019)

	AO LONGO DA VIDA		ÚLTIMOS 4 ANOS		ÚLTIMOS 12 MESES		NA INFANCIA, < 15 ANOS	
	N	%	N	%	N	%	N	%
< 10 000	105	5,6 %	12	0,6 %	6	0,3 %	56	3,0 %
> 10 000	515	6,7 %	122	1,6 %	42	0,5 %	274	3,6 %

*MVM 2019. DGCVG. Ministerio de Igualdade.

T165. FRECUENCIA DA VIOLENCIA SEXUAL FÓRA DA PARELLA AO LONGO DA VIDA:

TAMAÑO DO CONCELLO RESIDENCIA (2019)

	MULLERES CON RESIDENCIA CONCELLOS < 10 000 HAB.		MULLERES CON RESIDENCIA CONCELLOS > 10 000 HAB.	
	N	% sobre mulleres que sufriron VS fóra da parella	N	% sobre mulleres que sufriron VS fóra da parella
UNHA VEZ	62	59,7 %	250	48,5 %
MÁIS DUNHA VEZ	42	40,3 %	265	51,5 %
NC	0	0,0 %	0	0,0 %
TOTAL	105	100 %	515	100 %

*MVM 2019. DGCVG. Ministerio de Igualdade.

2. Acoso sexual en mulleres que residen en concellos pequenos (2019)

T166. ACOSO SEXUAL: TAMAÑO DO CONCELLO DE RESIDENCIA (2019)

	AO LONGO DA VIDA		ÚLTIMOS 4 ANOS		ÚLTIMOS 12 MESES		NA INFANCIA, < 15 ANOS	
	N	%	N	%	N	%	N	%
< 2000	173	33,4 %	56	10,8 %	38	7,2 %	84	16,2 %
2001-10 000	494	36,4 %	222	16,4 %	123	9,1 %	220	16,3 %
> 10 000	3197	41,6 %	1459	19,0 %	811	10,5 %	1467	19,1 %

*MVM 2019. DGCVG. Ministerio de Igualdade.

T167. FRECUENCIA DO ACOSO SEXUAL AO LONGO DA VIDA: TAMAÑO DO CONCELLO DE RESIDENCIA (2019)

	UNHA VEZ		MÁIS DUNHA VEZ		NC		TOTAL	
	N	%	N	%	NC	%	N	%
< 10 000	177	26,5 %	484	72,6 %	6	0,9 %	667	100 %
> 10 000	753	23,6 %	2421	75,7 %	23	0,7 %	3197	100 %

*MVM 2019. DGCVG. Ministerio de Igualdade.

3. Acoso sexual reiterado ou *stalking* en mulleres que residen en concellos pequenos (2019)

T168. ACOSO SEXUAL REITERADO OU STALKING: TAMAÑO DO CONCELLO DE RESIDENCIA (2019)

	AO LONGO DA VIDA		ÚLTIMOS 4 ANOS		ÚLTIMOS 12 MESES		NA INFANCIA, < 15 ANOS	
	N	%	N	%	N	%	N	%
< 2000	52	10,1 %	23	4,4 %	9	1,8 %	15	2,9 %
2001-10 000	173	12,8 %	84	6,2 %	41	3,0 %	34	2,5 %
> 10 000	1226	15,9 %	519	6,7 %	237	3,1 %	307	4,0 %

*MVM 2019. DGCVG. Ministerio de Igualdade.

h. PERCEPCIÓN SOBRE AS VIOLENCIAS SEXUAIS CONTRA AS MULLERES: AGRESIÓN E ABUSO SEXUAL, ACOSO SEXUAL, VIOLENCIA SEXUAL DIXITAL (2023) E MATRIMONIOS FORZOSOS (2018)

i. Encuesta sobre cuestiones de actualidad: la violencia sexual contra las mujeres. Avance de resultados (xaneiro 2023): Centro de Investigaci3n Sociol3gicas

De acordo coa *Encuesta sobre cuestiones de actualidad: la violencia sexual contra las mujeres. Avance de resultados* (xaneiro 2023) do CIS, as seguintes condutas son percibidas pola sociedade espa3ola como se indica a continuaci3n:

- O env3o de correos electr3nicos ou mensaxes de texto con contido sexual non desexado 3 considerado como inaceptable polo 80,6 % e sempre debe ser castigado pola lei (un 82,7 % das mulleres e un 78,3 % dos homes); por idades, os valores mant3ense m3is ou menos estables, oscilando entre o 71 % no grupo de m3is idade e o 84,6 % entre os 35 e os 44 anos.
- Compartir fotograf3as ou v3deos de car3cter sexual a trav3s das redes sociais 3 valorado polo 96 % como inaceptable e sempre debe ser castigado pola lei (o 97,4 % das mulleres e o 94,5 % dos homes); por idades, hai certo consenso na proporci3n, xa que os 3ndices var3an entre o 91,7 % para o tramo de m3is idade e o 97 % para o tramo de 25 a 34 anos.

- Apremiar a unha persoa para que envíe fotos de si mesma espida é visto polo 92,7 % como inaceptable e sempre debe ser castigado pola lei (o 94,6 % das mulleres e o 90,7 % dos homes); por idades, o 85,8 % representa o valor máis baixo (de 18 a 24 anos) e o 95,8 % o máis alto (de 45 a 54 anos).
- Chantaxear a unha persoa con difundir fotografías ou vídeos seus de carácter sexual considérase inaceptable e sempre debe ser castigado pola lei nun 97,5 % do total (o 98 % das mulleres e o 96,9 % dos homes); por idades, a distribución porcentual mostra valores similares en todos os tramos de idade, oscilando entre o 92,2 % (entre os 75 anos ou máis) e o 99 % (entre os 45 e 54 anos).

Como se pode observar en todas as preguntas analizadas, as mulleres presentan porcentaxes máis altas aos homes en canto á inaceptabilidade e o castigo por lei do acto sobre o que se pregunta, polo que se observa un menor grao de aceptación pola súa parte respecto das condutas estudadas.

En canto á crenza sobre o grao de extensión dos comportamentos recentemente citados no uso de Internet e das redes sociais en España, o 73,7 % das persoas enquisadas considera que están bastante estendidos (52,7 %) ou moi estendidos (21 %). Por sexo, as mulleres (82 %) aprecian unha maior extensión (entre bastante ou moi estendidas) destas condutas que os homes, dos que case unha cuarta parte (23,3 %) considera que están pouco estendidas.

A percepción da violencia sexual contra as mulleres en relación co acoso, a agresión e o abuso sexual é a que segue sinalando que:

- Obrigar a parella a manter relacións sexuais non desexadas é percibido pola maioría (76 %) como inaceptable e sempre debe ser castigado pola lei: por sexos os valores son moi próximos, considerándoo así o 76,5 % das mulleres e o 75,5 % dos homes. O segundo valor en importancia está representado pola quinta parte do total (20,3 %), que o considera como inaceptable, pero que non debe ser castigado pola lei (neste caso a tendencia marcada nas cuestións precedentes nas que as mulleres se mostran en índices porcentuais máis elevados invértese, sendo a porcentaxe maioritaria a dos homes cun 21,2 % seguida de preto polo 19,4 % das mulleres). Mentres, segundo as franxas de idade, o 64,9 % de entre 75 anos ou máis, considera que ademais de ser inaceptable debe ser castigado pola lexislación vixente, isto supón 20 puntos porcentuais menos que o índice máis alto que representa o 84,8 % das persoas de entre 35 e 44 anos.
- Facer comentarios e suxestións de tipo sexual non desexados a unha muller é inaceptable no 48,8 % dos casos, pero non debe ser castigado pola lei (así o cre un 50,1 % das mulleres e un 47,5 % dos homes). Moi preto, cun 43,9 %, están as persoas que, por consideralo inadmisibile, opinan que debe ser un acto castigado pola lei (un 43,3 % de mulleres e un 44,4 % de homes). Por outro lado, as persoas de entre 75 anos ou máis son as que se amosan máis favorables á idea de penalizar de acordo coa norma o acto en cuestión

(53,9 %); pola contra, as persoas de entre 25 e 34 anos son as que se amosan máis favorables á idea de non penalizalo (54,2 %).

- Bicar a unha muller contra a súa vontade é inaceptable e debe ser castigado pola lei no 68,9 % dos casos, sendo maioritario o grupo de homes que así o cre (72,7 %) e minoritario o das mulleres (65,3 %). O maior volume de persoas que así o considera atópase en idades comprendidas entre os 18 e os 24 anos (79 %), índice que descende progresivamente co aumento do tramo de idade.
- Tocar a unha muller de forma non desexada é inaceptable e debe ser castigado pola lei no 88,1 % dos casos: mulleres (88,7 %) e homes (87,8 %) apenas difiren nun 0,9 %. Por grupos de idade, as persoas novas de entre 18 e 24 anos son en maior proporción as que apoian esta idea (93,8 %), mentres que as de 65 a 74 anos, así como as de 75 anos ou máis, son as que menos apoian a súa punición (77,4 % e 78,7 %, respectivamente).
- Dar alcohol ou drogas deliberadamente a unha muller, sen que ela o saiba, para poder manter relacións sexuais con ela é valorado nun 98,3 % como inaceptable e sempre debe ser castigado pola lei (así o expresan o 98,6 % das mulleres e o 97,8 % dos homes). Por idades, os valores distribúense entre o 94,8 % das persoas de 75 anos ou máis e o 99,4 % das persoas de entre 45 e 54 anos.
- Pagar a unha muller por ter relacións sexuais valórase en tramos relativos ao 30 %, sendo o maioritario case un terzo da opinión que o considera inaceptable, pero que non debe ser sancionado pola lei (32,2 %), porcentaxe case idéntica ao consecutivo 32 % que considera que, ademais de inaceptable, debe ser castigado pola lei e preto do 28,1 % que o considera aceptable nalgunhas circunstancias. Segundo o sexo, a distribución porcentual varía e difire en orde de peso: mentres que a maioría das mulleres (35,7 %) considera que debe ser un acto punible (seguido do 28,7 % que non o considera así, aínda que o considera inaceptable, e o 27,4 % que o considera aceptable nalgunhas ocasións), a maioría dos homes (35,9 %) considéranlo inaceptable, pero non punible (seguidamente, o 28,1 % considéralo aceptable e o 28,1 % inaceptable con castigo normativo). Por idade, os valores permanecen circunscritos en maior ou menor distancia porcentual ao 30 % dos casos.

O motivo que está detrás do maior volume de noticias sobre violencia sexual exercida contra as mulleres que existe na actualidade é, en máis da metade dos casos (65,8 % do total), a percepción dunha maior visibilidade nos medios de comunicación: o 70,3 % dos homes e o 61,6 % das mulleres. Mentres, algo máis da cuarta parte (26,7 %) opina que a causa é o aumento das agresións sexuais: o 30,4 % das mulleres e o 22,7 % dos homes.

A crenza entre as mulleres sobre a causa principal pola que algúns homes agriden sexualmente as mulleres débese nun 11 % das enquisadas aos problemas de saúde mental que ten o agresor, seguido dun 10 % que considera que se debe a unha falta de educación,

carencia de principios e valores do home que agride e dun 9,4 % que considera que se debe a un sentimento de superioridade, poder e dereitos.

Respecto das crenzas sobre se existe ou non acoso sexual no ámbito laboral, as persoas enquisadas valoran que:

- Facer chistes ou bromas insultantes sobre a muller no ámbito laboral percíbese como un motivo de acoso sexual no 49 % dos casos (o 54,1 % das mulleres e o 43,7 % dos homes). En cambio, o 46,7 % considera o contrario (o 51,6 % dos homes e o 42 % das mulleres). Segundo a idade, as persoas novas de entre 18 e 24 anos son as que máis distinguen a existencia de acoso sexual, mentres que as persoas de 45 a 54 anos son as que maioritariamente distinguen o contrario.
- Facer comentarios sexuais sobre unha traballadora (sobre o seu corpo, a súa forma de vestir ou a súa sexualidade) é visto como un acto de acoso sexual polo 83,8 % do total, é dicir, polo 88,6 % das mulleres e polo 78,8 % dos homes. Neste caso, as persoas novas de entre 25 e 34 anos son as que máis observan a existencia de acoso nun 90,9 %, dezasete puntos máis que as persoas de 75 anos ou máis.
- Propinar piropos ofensivos ás mulleres no ámbito laboral é entendido polo 80,3 % do total como un exercicio de acoso sexual, sobre todo entre as mulleres, que o aprecian así nun 80,9 %, moi preto dos homes cun 79,8 %. Significativamente, así o observan tamén as persoas de entre 18 e 24 anos, cun 87,4 %, lonxe do 67,5 % que representan as persoas de 75 anos ou máis.
- Levar a cabo insinuacións ou indirectas sexuais amósase como algo relativo ao acoso sexual no 78,8 % das persoas enquisadas, cunha diferenza crecente de 14 puntos porcentuais entre as mulleres, que o consideran acoso sexual nun 85,6 %, mentres que os homes valóranos así nun 71,6 %. Por idade, un 84,3 % das persoas de 18 a 24 anos así o consideran, vinte puntos máis que as persoas de 75 anos ou máis.
- Preguntarlle á muller sobre cuestións privadas da súa vida sexual é considerado polo 72,1 % como un acto de acoso sexual: así o cre o 76,3 % das mulleres e o 67,6 % dos homes. Por idade, un 76,3 % das persoas de 18 a 24 anos así o consideran, vinte puntos máis que as persoas de 75 anos ou máis.
- Facer xestos e miradas obscenas cara a unha muller no traballo é denunciado polo 78,4 % como un feito relacionado co acoso sexual: así o expresan o 82,3 % das mulleres e o 74,3 % dos homes. Dependendo das franxas de idade, os valores oscilan entre o 81,8 % das persoas de 45 a 54 anos e o 68 % das persoas de 75 anos ou máis.
- Pedir ter relacións sexuais sen presións nin ameazas en repetidas ocasións considérase acoso sexual nun 75,9 % dos casos: así o reiteran, con porcentaxes practicamente idénticas, os homes no 76 % dos casos e as mulleres no 75,9 % dos casos. Hai que engadir que unha cuarta parte (21 %) de mulleres e homes non o consideran unha forma de acoso sexual. Por idade, o 79,5 % das persoas de 25 a 34 anos cre que pedir ter relacións sexuais

sen presións nin ameazas en repetidas ocasións é un acto de acoso sexual, doce puntos porcentuais por enriba que as persoas de 75 anos ou máis.

- Realizar tocamientos, beliscar e acurralar é percibido como un acto de acoso sexual polo 97,5 % do total de persoas enquisadas, cun gran consenso entre a percepción que adoptan as mulleres (97,5 %) e a que adoptan os homes (97,4 %). Segundo a idade, os valores mantéñense máis ou menos estables entre o 99,3 % das persoas novas de 18 a 24 anos e o 93,9 % das persoas de 75 anos ou máis.
- Dar apertas ou bicos non desexados é concibido polo 94,5 % como un exercicio de acoso sexual no ámbito laboral: así o considera o 95 % das mulleres e o 93,9 % dos homes. Igual que no punto anterior, a distancia porcentual que se refire á idade redúcese, presentando valores relativamente próximos cun 96,6 % das persoas de 45 a 54 anos e un 92,3 % das persoas de 75 anos ou máis que así o considera.
- Apremar para obter favores sexuais a cambio de melloras laborais ou baixo ameaza de despedimento é visto no 98,8 % dos casos como un acto de acoso sexual: así o considera o 98,9 % das mulleres e o 98,9 % dos homes. Segundo as franxas de idade, a distancia entre os valores redúcese, sendo percibido así polo 100 % das persoas novas de 18 a 24 anos e polo 96,5 % das persoas de 65 a 74 anos.

Sobre as crenzas existentes en relación ás denuncias interpostas por mulleres como consecuencia dunha agresión sexual, sinálase o seguinte:

- O 59,6 % das persoas enquisadas considera que as mulleres que sofren unha agresión sexual, denuncian o feito de que foron vítimas en poucas ocasións. Esta proporción é idéntica entre mulleres (59,6 %) e homes (59,6 %). Seguidamente, con valores moi próximos, o 18,3 % do total opina que a denuncia lévase a cabo na maior parte das ocasións e o 15,2 % que case nunca.
- O 37,5 % cre que estas mulleres agardan un tempo, pero non demasiado, e en especial os homes son os que o cren cun 41,1 %, 7 puntos máis que as mulleres, cun 34 %. A esta percepción séguelle o 22,1 % que interpreta que as mulleres, despois de sufrir unha agresión, agardan un tempo, pero non demasiado, para denunciala. Cabe sinalar que, en máis da cuarta parte das mulleres, nunha proporción do 23,5 %, cobra forza a crenza de que as mulleres que sofren unha agresión sexual case nunca ou nunca denuncian.
- Case a metade das persoas enquisadas (45,1 %) opina que o motivo polo que non se denuncia débese principalmente ao medo ao agresor. Esta percepción é maior entre os homes, que o cren nun 48,6 %, sete décimas máis que as mulleres, que así o consideran nun 41,8 %. A vergoña, cun 15,7 %, é a segunda crenza en adoptar relevancia e o medo a que non a crean, cun 14,5 % do total, a terceira, que é percibida principalmente polas mulleres (17,5 %, mentres que os homes considéranla nunha proporción do 11,4 %).

Por outra banda, máis dunha terceira parte da mostra (35,1 %) coñece persoalmente a unha ou varias mulleres vítimas dunha agresión sexual no seu círculo familiar ou de amizades e, especialmente as mulleres, xa que o 39,5 % coñece a unha ou varias mulleres vítimas dunha

agresión sexual nos devanditos ámbitos. Ademais, o 27,2 % afirma que as coñece da súa zona de residencia ou do seu barrio, e o 17,5 % do seu lugar de traballo. Por último, o 21,7 % das mulleres enquisadas afirma que foi vítima de polo menos unha agresión sexual ao longo da súa vida.

ii. Enquisa «No acepto». Aproximación a los matrimonios forzados en España desde la mirada de las profesionales y los profesionales de la Comunidad de Madrid y Cataluña. (2018): Federación de Mujeres Progresistas

Para o 91,62 % da mostra elaborada polo estudo «No acepto». *Aproximación a los matrimonios forzados en España desde la mirada de las y los profesionales de la Comunidad de Madrid y Cataluña* levada a cabo pola Federación de Mujeres Progresistas, o MF é aquel matrimonio no que polo menos un dos cónxuxes foi coaccionado física ou emocionalmente a contraer matrimonio en contra da súa vontade.

En relación á súa existencia, case tres cuartas partes (73,74 %) opinan que existen e que constitúen unha manifestación de violencia cara as mulleres que xera desigualdade, incorrendo na capacidade das mulleres para exercer os seus dereitos de forma efectiva. Ademais, indican que un 96,09 % das vítimas de MF son tanto mulleres como homes, pero que son as mulleres e as nenas quen se ven obrigadas en maior medida.

O 71,51 % considera tamén que a idade mínima para contraer matrimonio en España é de 16 anos previa autorización da nai e/ou pai, e que a idade mínima para o consentimento sexual sitúase nos 16 anos cun 62,01 % que así o pensa.

Por último, o 61,45 % expresa que o MF é un delito en España, xa que en 2015 se introduciu por primeira vez no Código Penal o delito específico de MF, ao que engaden no 97,77 % dos casos, que debe existir unha intervención do Estado para loitar pola prevención e erradicación desta práctica máis aló de considerar o MF como un delito.

i. FEMINICIDIO SEXUAL (2022)

i. Comparativa entre feminicidios: feminicidio sexual (2022)

Os datos recollidos pola DGCVG están divididos entre feminicidios producidos pola parella ou exparella e outros feminicidios, que engloban: feminicidio social, sexual, vicario e familiar. En relación ao feminicidio sexual, a súa primeira recollida realizouse en 2022, tras a súa recente conceptualización como unha nova categoría dentro do feminicidio, polo que actualmente é o único dato do que dispoñemos. A continuación móstrase a definición das categorías analizadas dende 2022 segundo o Ministerio de Igualdade:


- Femicidio familiar: asasinato dunha muller por homes do seu ámbito familiar.
- Femicidio sexual: asasinato dunha muller sen relación de parella nin familiar vinculado ás violencias sexuais incluídas no entón Proxecto da LOGILS. Tamén se inclúen os feminicidios relacionados coa explotación sexual, a trata ou a prostitución, a MXF e o MF.
- Femicidio social: asasinato dunha muller por unha agresión, de carácter non sexual, por parte dun home co que non tiña unha relación de parella nin era un familiar (un descoñecido, un compañeiro de traballo, un veciño, un amigo, un empregador, etc.).
- Femicidio vicario: asasinato dunha muller ou fillos/as menores de idade por parte dun home como instrumento para causar prexuízo ou dano a outra muller. Recóllense exclusivamente mulleres e menores (nenos e nenas).

Durante 2022 producíronse un total de 83 feminicidios, dos cales 49 foron executados pola parella ou exparella da vítima, 21 por un home dun ámbito familiar distinto ao da parella (femicidio familiar), 9 por parte dun home co que a muller non tiña unha relación familiar nin de parella ou exparella (femicidio social) e, por último, 4 asasinatos levados a cabo por un home ou homes sen relación de parella ou exparella nin tampouco familiares relacionados coa violencia sexual incluída no Proxecto de Lei orgánica de garantía integral da liberdade sexual (femicidio sexual).

T169. FEMINICIDIOS (2022)

	MULLERES
FEMINICIDIO PARELLA/EXPARELLA	49
FEMINICIDIO SOCIAL	9
FEMINICIDIO SEXUAL	4
FEMINICIDIO VICARIO	0
FEMINICIDIO FAMILIAR	21
TOTAL	83

Otros feminicidios en España. Ano 2022. Datos provisionais e mulleres vítimas mortais por violencia de xénero en España a mans das súas parellas ou exparellas. Datos provisionais. DGCVG. Ministerio de Igualdade.



*ELABORACIÓN PROPIA a partir de *Otros femicidios en España*. Ano 2022. Datos provisionais e mulleres vítimas mortais por violencia de xénero en España a mans das súas parellas ou exparellas. Datos provisionais. DGCVG. Ministerio de Igualdade.

Cabe anotar que Femicidio.net sinala que en España producíronse en 2021: 82 femicidios, en 2022: 100 e no que vai do 2023: 42⁵⁶.

8. APROXIMACIÓN E INTERVENCIÓN DA ADMINISTRACIÓN LOCAL NAS VIOLENCIAS SEXUAIS

Para expoñer a aproximación e intervención da Administración local en materia de violencias sexuais, en primeiro lugar, imos establecer as obrigas locais na materia (a); en segundo lugar, analizaremos os servizos propios de atención, intervención e protección das mulleres vítimas ou superviventes de violencias sexuais (b); realizaremos propostas para mellorar as accións de intervención e prevención en materia de violencias sexuais (c); e por último elaboraremos as propostas para un sistema de avaliación (d).

a. OBRIGAS LOCAIS SOBRE AS VIOLENCIAS SEXUAIS

O Comité Asesor do Consello de Dereitos Humanos das Nacións Unidas sinalou que, para garantir a protección e promoción dos dereitos humanos, é necesario que as autoridades locais adopten un enfoque de goberno local baseado nos dereitos humanos⁵⁷. Trátase dun marco conceptual para o goberno que dende o punto de vista normativo baséase nas normas internacionais de dereitos humanos e dende o punto de vista operativo está orientado á promoción e protección dos dereitos humanos. Pola súa banda, a Alta Comisionada das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos expuxo o marco normativo internacional que regula os deberes compartidos e complementarios das autoridades nacionais e locais de respectar, protexer e facer efectivos os dereitos humanos, que serve de base para comprender

⁵⁶ Ver: <https://femicidio.net/>

⁵⁷ Informe final do Comité Asesor do Consello de Dereitos Humanos. 2015. *Papel de la administración local en la promoción y protección de los derechos humanos*.

que principios deberían guiar as administracións locais e nacionais: a universalidade e a inalienabilidade; a indivisibilidade; a interdependencia e a interrelación; a igualdade e a non discriminación; a participación e a inclusión; a rendición de contas e o estado de dereito⁵⁸.

Neste sentido, tal e como manifestamos no apartado 6 sobre as violencias sexuais contra as mulleres (*supra.*), existe un amplo desenvolvemento das obrigas que teñen os estados como o español en canto ás violencias sexuais contra as mulleres, obrigas dadas polo marco internacional e europeo para a protección dos dereitos humanos e que afectan tamén ao ámbito local. Así, a obriga da dilixencia debida para previr, protexer, investigar, sancionar e reparar integralmente as mulleres vítimas ou superviventes de violencias sexuais tamén involucra as administracións autonómicas e locais. Como sinala María Naredo nun dos poucos artigos que analiza a responsabilidade municipal fronte ás violencias sexuais (2020) titulado *La responsabilidad municipal frente a las violencias sexuales. La experiencia local a la luz del marco internacional de derechos humanos*, as entidades locais teñen «amplas responsabilidades na prevención e resposta fronte ás diferentes manifestacións da violencia contra as mulleres, incluídas as violencias sexuais», establecendo nos estándares internacionais e europeos non só obrigas como a prevención, atención, protección e reparación, senón tamén «de enfoque e transversais»⁵⁹.

A partir da análise realizada por Naredo no devandito artigo, elaboramos a continuación un resumo das obrigas locais na loita contra as violencias sexuais:

- Obrigas de enfoque e transversais:
 - Enfoque: perspectiva de xénero e interseccional, «o que non só implica identificar e combater os factores de discriminación que reproducen a violencia sexual, senón tamén poñer en marcha procesos de apoderamento e autonomía das vítimas e superviventes»⁶⁰.
 - Transversais:
 - Formación das e dos profesionais. Os contidos deben atender, polo menos, a «igualdade de xénero, necesidades e dereitos das vítimas, como previr a vitimización secundaria, estratexias de prevención e detección da devandita violencia e mecanismos de cooperación coordinada e interinstitucional», de acordo co artigo 15 do Convenio de Istambul⁶¹.

⁵⁸ *Ibidem*.

⁵⁹ María Naredo Molero. *La responsabilidad municipal...*, *op. cit.*, p. 175.

⁶⁰ *Ibidem*, p. 176.

⁶¹ *Ibidem*, p. 176 e 177.

- Mecanismos de coordinación. Tanto «entre administracións públicas a través de foros interinstitucionais» como «a coordinación entre profesionais a través de protocolos»⁶².
 - Investigación e recollida de datos⁶³.
 - Participación das organizacións de mulleres e feministas, «especialmente as que acompañan procesos de mulleres vítimas e superviventes de violencias sexuais»⁶⁴.
- Obrigas específicas:
 - Prevención, atención, protección e reparación:
 - A partir do Convenio de Istanbul, as administracións locais deberían desenvolver polo menos as seguintes liñas de actuación:
 - «Colaboración coas comunidades autónomas para impulsar programas de educación locais dirixidos a transformar as raíces das violencias sexuais (masculinidade non violenta, fomento da autonomía das mulleres, educación afectivo-sexual) ao longo do ciclo da educación formal e “non regulada”»⁶⁵.
 - «Elaboración de campañas municipais dirixidas a toda a sociedade, especialmente a homes e nenos, para contribuír activamente á eliminación dos estereotipos vinculados á “cultura da violación” que contribúan á prevención das violencias sexuais»⁶⁶.
 - «Desenvolver campañas de información dirixidas a mulleres de todas as idades, que inclúan información sobre os seus dereitos e os recursos dispoñibles en caso de sufrir violencias sexuais»⁶⁷.
 - «Medidas eficaces para facer que os espazos públicos sexan seguros, libres de acoso e accesibles a todas as mulleres e nenas, en particular mediante a promoción e o apoio de

⁶² *Ibidem*, p. 177.

⁶³ *Ibidem*, p. 178.

⁶⁴ *Idem*.

⁶⁵ *Ibidem*, p. 179.

⁶⁶ *Idem*.

⁶⁷ *Idem*.

medidas baseadas na comunidade, coa participación de grupos de mulleres»⁶⁸.

- «Detección de posibles vítimas de violencias sexuais, especialmente entre a poboación que ten menos ferramentas e posibilidades reais para pedir axuda e denunciar as violencias»⁶⁹.
- «Os concellos deben contar con servizos de atención integral especializada que aseguren o acompañamento e a reparación das vítimas de violencias sexuais»⁷⁰.
- Para a asistencia e reparación, contar con aloxamentos temporais seguros ou solucións de habitacións. Tamén está ligada a garantir a non repetición da violencia e a seguridade das mulleres⁷¹.
- En canto á protección, as entidades locais participan no mantemento da seguridade pública nos seus concellos a través da Policía Local, e recoméndase a cooperación deste corpo na resposta ás violencias sexuais, requirindo que «as policía locais obteñan a debida formación para actuar nos ámbitos de intervención citados nas recomendacións internacionais»⁷².

Todas estas obrigas locais deben ter en conta que as mulleres son titulares de dereitos e as institucións, garantes destes; que os servizos deben estar dispoñibles e ser accesibles e de calidade; así como que no diagnóstico, actuación e avaliación deben participar as vítimas ou superviventes, as organizacións e os movementos feministas⁷³. En canto á participación, a LOGILS establece como un dos seus principios reitores que «no deseño, aplicación e avaliación dos servizos e políticas públicas previstos nesta lei orgánica, garantírase a participación das vítimas de violencias sexuais e das entidades, asociacións e organizacións do movemento feminista e da sociedade civil, incluídas as organizacións sindicais e empresariais, con especial atención á participación das mulleres dende unha óptica interseccional»⁷⁴.

A maiores, gustaríanos sinalar que o Eixo 7 (Recomendacións a CC. AA., entidades locais e outras institucións) do Pacto de Estado inclúe medidas para que a Administración local poida levar a cabo actuacións dirixidas á promoción da igualdade entre mulleres e homes, así como contra a violencia que se exerce sobre as mulleres, xa que é a administración máis próxima á cidadanía e, polo tanto, ás vítimas desta violencia. Coa súa aprobación no 2018, ordenouse a adopción das modificacións legais oportunas para que a Administración local puidese levar a cabo actuacións de promoción da

⁶⁸ *Ídem*.

⁶⁹ *Ibidem*, p. 180.

⁷⁰ *Ídem*.

⁷¹ *Ibidem*, p. 181.

⁷² *Ibidem*, p. 181 e 182.

⁷³ *Ibidem*, p. 193 e 194.

⁷⁴ «Lei orgánica 10/2022, de 6 de setembro...», *op. cit.*, artigo 2.

igualdade entre homes e mulleres, así como contra a violencia de xénero, xa que se trata da administración máis próxima á cidadanía e, polo tanto, ás vítimas⁷⁵. Deste xeito, o Real decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, modificou a Lei de bases de réxime local para engadir a letra o) ao artigo 25.2. e indicar que «o concello exercerá en todo caso como competencia propia, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas: Actuacións de promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero»⁷⁶.

b. SERVIZOS PROPIOS DE ATENCIÓN, INTERVENCIÓN E PROTECCIÓN DE MULLERES VÍTIMAS OU SUPERVIVENTES DE VIOLENCIAS SEXUAIS

Os servizos propios que atenden as mulleres vítimas ou superviventes de violencias sexuais que identificamos poderían clasificarse en tres grupos:

- (1) Os servizos que atenden a violencia sexual dentro da parella ou exparella, é dicir, nos servizos sobre violencia de xénero entendida de acordo coa LOMPIVX.
- (2) Os servizos que abordan as violencias sexuais dentro das violencias machistas, incluídas as formas ou manifestacións desta violencia que van máis aló da exercida pola parella ou exparella.
- (3) Os servizos específicos sobre violencias sexuais fóra da parella ou exparella, entre os que algúns se enfocan máis na agresión sexual (antes da LOGILS tamén abuso sexual) ou na trata con fins de explotación sexual, prestando menos atención á MXF, o MF, o acoso sexual ou as violencias dixitais sexuais, o que non significa que non atendan ou poidan atender estas manifestacións de violencia sexual⁷⁷.

En canto aos do grupo 3, destaca o Centro de Crise contra a Violencia Sexual Pilar Estébanez do Concello de Madrid (Fundación ASPACIA), o primeiro destas características en toda España, ao prestar un servizo especializado 7/24/365.

No tocante á MXF e ao MF, aínda que localizamos varios protocolos para combater estas formas de violencia sexual, constatamos que a maioría dos recursos non adoitan contar con especialización específica sobre estas violencias. Mesmo a partir das respostas obtidas no cuestionario e a través das entrevistas, identificamos que moi poucos casos de MXF e MF están chegando aos recursos, o que non significa que non se estean a producir (a falta de datos sobre estas formas de violencia sexual tamén a observamos nas estatísticas oficiais). No caso da MXF e do MF, como excepción ao que se acaba de sinalar, está o labor preventivo e

⁷⁵ Real decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

⁷⁶ Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

⁷⁷ No que se refire ao acoso sexual, a nivel máis estatal, identificamos o Observatorio de acoso sexual e por razón de xénero de CCOO: <https://observatorioacoso.ccoo.es/>

formativo que realiza o Concello de Bilbao; sobre a MXF, o traballo realizado por Médicos do Mundo en Madrid e UNAF; e en relación cos MF, destaca o labor da asociación Valentes e Acompañadas de Xirona/Salt⁷⁸.

Pola súa banda, os servizos propios de atención a mulleres vítimas ou superviventes de violencias sexuais adoitan atender casos de violencias sexuais dixitais. Neste sentido, un número importante de casos de violencias sexuais adoitan ter un compoñente dixital, existindo tamén casos exclusivamente de ciberviolencia sexual. En canto aos recursos específicos sobre esta forma de violencia sexual, atopamos o importante traballo que desenvolve Fembloc, unha liña de atención e de apoio fronte ás violencias dixitais dirixida por asociacións e expertas⁷⁹. Destaca tamén, dende a Deputación de Sevilla, o Servizo de atención psicolóxica individualizada e directa a mulleres e menores vítimas de violencia machista en concellos de menos de 20 000 habitantes, que presta asistencia psicolóxica individualizada a mulleres vítimas de violencia de xénero, sexual e ciberviolencia de xénero que residan en municipios de menos de 20 000 habitantes da provincia de Sevilla. E como un servizo do Cabido de Gran Canaria, que consideramos único en todo o territorio por centrarse só na ciberviolencia machista, abordando as violencias sexuais, existe Opciónate, o Servizo Insular de Prevención e Atención as Ciberviolencias Machistas (SIPACM) que, como mencionamos, abrirá ao público en setembro de 2023, aínda que xa leva realizados labores de prevención e asesoramento⁸⁰.

Agora ben, do cuestionario que realizamos ás entidades locais que contan con servizos propios de atención, intervención e protección de mulleres vítimas de violencias sexuais, incluídas as entidades pertencentes ao tecido asociativo, civil, social e universitario, así como a entidades que prestan servizos no ámbito local, e das entrevistas en profundidade que realizamos, obtivemos a seguinte información (tendo en conta a diversidade de servizos, programas e organizacións, así como o obxecto de traballo de cada unha):

- De acordo coas respostas ao cuestionario:
 - O 89 % respondeu que o espazo da súa entidade e organización era accesible para mulleres con diversidade funcional.
 - O 50 % afirmou contar con tradución e interpretación.
 - O 46 % manifestou contar con mediadoras interculturais.
 - Todas, menos unha, responderon que traballaban con perspectiva de xénero.

⁷⁸ No caso do MF, foi de grande utilidade o Mapa de entidades 2021 sobre os matrimonios forzosos da Fundación WASSU-UAB: <https://matrimoniosforzados.fundacionwassu.com/>

⁷⁹ Ver: <https://fembloc.cat/index.html>

⁸⁰ Este servizo ten por obxectivo dar resposta ás violencias machistas que teñen lugar no espazo online e que afectan a adolescentes, mulleres adultas, así como a nenos e nenas ao seu cargo na illa de Gran Canaria.

- Sobre se traballan cunha perspectiva interseccional, salvo dúas, as demais responderon que si.
- En canto ás profesionais que hai contratadas no servizo ou programa, como mínimo hai dúas. Nuns hai voluntarias e noutros non.
- En canto ao perfil do equipo, hai psicólogas, xuristas, avogadas, traballadoras sociais, educadoras sociais, técnicas de inserción social, técnicas de proxectos, pedagogas, xestoras administrativas e auxiliares de servizos sociais. En moita menor medida, mediadoras superviventes, mediadoras interculturais especializadas, sexólogas, antropólogas, especialistas en relacións internacionais, decolonialidade e antirracismo, especialistas en comunicación social, especialistas en ciberseguridade, sociólogas especializadas en migracións e igualdade, médicas especializadas en saúde sexual e reprodutiva, profesoras, xornalistas e promotoras da igualdade. Nos casos nos que tamén se atende a nenas e nenos, algunhas responderon que contaban con profesionais especializadas na infancia.
- En canto á relación da entidade ou organización con ATENPRO, algunhas responderon que si tiñan relación (cando os casos de violencias sexuais estaban dentro da violencia de xénero) e outras que non.
- Á pregunta de se consideran que en España os datos sobre violencias sexuais están recollidos de maneira axeitada e suficiente, a maioría respondeu que non, da seguinte forma:
 - Os datos sobre ciberviolencias sexuais non se están recollendo.
 - Gran parte dos casos de violencia sexual que non chegan a procesarse permanecen ocultos, especialmente aqueles que sofren poboacións máis vulnerables, como persoas con diversidade funcional ou migrantes.
 - É unha violencia que está moi oculta, os datos non se adoitan actualizar e non se recollen todos os datos relevantes para entender esta problemática.
 - Existe unha gran disparidade entre os datos oficiais e os que dispoñen as entidades especializadas.
 - As estatísticas oficiais non recollen a realidade da violencia sexual, moitas vítimas non acoden á Administración pública, hai manifestacións de violencia sexual que non se contabilizan e requírense variables nas investigacións realizadas por profesionais con perspectiva de xénero.
 - As violencias sexuais son moi amplas e só se contabilizan as denuncias.

- Recompílanse as que se coñecen exclusivamente a nivel xurídico.
 - Falta un rexistro unificado.
- Algunhas responderon que a recompilación é mellor que hai uns anos, pero que hai violencias que non se recollen o suficiente (por exemplo, a MXF) e outras que nalgúns lugares de España si porque había unha terminoloxía compartida e espazos de coordinación.
 - Sobre a cantas mulleres adoitan atender nun ano, algunhas das respostas foron as seguintes: 300 aproximadamente; 161; 150 mulleres e unhas 65 nenas ou nenos; máis de 2500; 296 mulleres e nenas e nenos; entre 100 e 150; entre 30 e 40; 1381; 1291 mediante atención telefónica e 595 mediante atención presencial; 100; 900; máis de 2000 mulleres; aproximadamente 300; e entre 400 e 420 de nova entrada e entre 500 e 600 en seguimento.
 - Respecto a cantas mulleres españolas e a cantas estranxeiras atenden, algunhas das respostas foron as seguintes: en 2022, 123 españolas e 38 estranxeiras; en 2022, 137 españolas e 25 estranxeiras; arredor do 93 % son estranxeiras; 154 mulleres españolas; un 80 % españolas; o 100 % son estranxeiras; 88 españolas e 1293 de orixe estranxeira; en 2022, o 59,83 % españolas; 75 % españolas e 25 % estranxeiras; 65 % españolas e o resto estranxeiras; todas de orixe inmigrante; e un 80 % españolas.
 - Sobre a cantas mulleres migrantes en situación administrativa irregular atenderon no último ano (2022), algunhas das respostas foron as seguintes: ningunha; non rexistran a situación irregular ou regular, xa que non consideran que se trate dun dato importante para a prestación do servizo; non recompilaron ese dato; 2; a maioría; 6; 15; 10; 537; 30 %; dato non recollido; 2; de 15 a 30 mulleres, varias delas accederon á regularización na intervención ou durante a mesma; 1; 42; 14; 10; 64 mulleres con 4 fillas e fillos; 5 %; e non rexistran ese dato porque atenden independentemente da situación administrativa.
 - En canto ao número de mulleres con diversidade funcional que atenderon no último ano (2022), algunhas das respostas foron as seguintes: ningunha, non recollen este dato, 10, 7, 12 e 20.
 - Algunhas atenden a nenas, nenos e adolescentes, e outras só a mulleres maiores de idade.
 - Sobre a cantas mulleres trans atenderon no último ano (2022), as respostas foron dende ningunha ata 1 nas que menos e 66 para as que máis (contextos de prostitución).

- No tocante á idade das mulleres que atenden, algunhas das respostas foron as seguintes: maiores de idade e en prevención menores a partir dos 12 anos; a franxa máis común é de 26 a 35 anos, seguida da de 36 a 45 anos; a maioría das mulleres atendidas están entre os 26 e os 55 anos; a nivel xurídico, de 18 a 60 anos, nalgunhas ocasións maiores; de calquera idade, dende os 2 aos 64 anos, a maioría está entre os 21 e 30 anos; entre 15 e 45; máis atendidas entre 21 e 30 anos; entre 4 e 82 anos; entre 17 e 30; franxa de 35 a 45 anos; de 18 a 65; entre 18 e 24 anos, o menor número a partir dos 64; entre 40 e 49 anos; unha media de 37 anos; e a partir dos 16, de todas as idades.
- As respostas a se as mulleres que atenden denuncian foron variadas: aproximadamente o 50 %; 106; 75; de 180, denunciaron 106; 65 %; moi poucas, é difícil denunciar aos pais (MF); en 2022, 3 mulleres denunciaron trata e no que vai de 2023, 6, as mulleres normalmente non queren denunciar; 1 de cada 10; dato non recollido; descoñecen ese dato; preto do 50 %; na actualidade ningunha; 7 mulleres en 2022 estiveron en proceso de denunciar trata con fins de explotación sexual; de 123 mulleres atendidas, 33 denunciaron; o 80 %; o 21 % de 118 mulleres; non teñen o dato; e o 30 %.
- Sobre se as mulleres que denuncian o procedemento, este adoita concluír con condena, algunhas das respostas indícanse a continuación: non contan co dato; non; non é habitual, o número de procedementos arquivados é importante; máis do 85 % se contamos que chegan a un xuízo oral cerca do 95 %; dado que se trata de procesos moi longos, na maioría dos casos non vemos a resolución porque xa non seguen en intervención con nós; ningunha denuncia nin na MXF nin no MF; 10 %; non temos datos concluíntes; moitas veces; e somos conscientes dun alto índice de sentencias por trata en moitos dos casos que acompañamos.
- Respecto de se consideran que as mulleres atendidas se senten reparadas, algunhas das respostas foron as seguintes: non; xudicialmente ou socialmente, non; non se pode saber; pregunta cunha resposta con moitos matices dependendo do que se entenda por reparación; si; os procesos de reparación das vítimas de trata e explotación sexual non sempre son satisfactorios; non podemos responder a esa pregunta; é difícil valorar se en xeral as mulleres que son atendidas se senten reparadas; non todas; algunhas, moitas están en proceso; non se senten reparadas xa que as condenas son poucas e a reparación económica, inexistente; poucas; o servizo está no inicio da súa posta en marcha; dentro dos límites da intervención integral que se presta; case nunca; valoran positivamente a intervención, sentindo un antes e un despois, aínda que queda un longo camiño; séntense apoiadas, non reparadas; iníciase o proceso de reparación, sendo imposible debido aos tempos que ten o centro que este obxectivo se cumpra na súa totalidade; non; aínda non podemos chegar a esa conclusión; moitas veces; non, en moitos casos o proceso foi revitimizante para

elas e non se senten reparadas; non temos datos respecto diso; si; non a nivel xudicial, precisan reparación a nivel psicolóxico; non temos un indicador para medilo; e si, a maioría.

- Á pregunta de cantas e cantos familiares ou persoas próximas ás vítimas ou superviventes adoitan atender nun ano, algunhas das respostas foron: 20; só se fan atencións puntuais de orientación, non son obxecto do servizo; este dato non se recolle; 0; 32; por desgraza, esta necesidade non se pode cubrir pola elevada demanda de atención e a falta de persoal técnico; non atenden de forma xeral porque adoitan ser os vitimarios; non atenden os familiares; ao redor de 90; 5 persoas indirectas; moi poucas; 3 ou 4 por muller; 15; só ás súas fillas e fillos ou persoas dependentes, en 2022 foron 18 nenas ou nenos; 8; 60; 50; non ten o dato; poucos; e entre 100 e 120.
- Sobre a definición de violencia sexual que empregan, algunhas das respostas foron a da LOGILS; a da ONU e a do Convenio de Istambul; a das leis autonómicas; a do Código Penal, a de Palermo e Istambul; non se estableceu, e moitas respostas incidiron nunha definición que inclúe a falta de consentimento.
- Dos cuestionarios respondidos, o 93 % atenden as violencias sexuais fóra da parella ou exparella e o 7 % non.
- Entre as formas de violencia sexual que atenden (tendo en conta que algunhas entidades atenden diversas formas de violencia sexual e outras, algunha ou algunhas exclusivamente) atópanse as violencias sexuais cometidas no ámbito dixital; todas; todas excepto a trata con fins de explotación sexual; as incluídas na normativa estatal e autonómica; agresión sexual, acoso sexual e violencias sexuais cometidas no ámbito dixital; trata con fins de explotación sexual e ás veces MF; todas as recollidas no Código Penal; MF; todas agás as do ámbito dixital; trata, explotación sexual, MXF, MF, probas de virxindade, crimes de honra, etc.; trata con fins de explotación sexual e calquera outra que se produza no contexto da prostitución; trata con fins de explotación sexual en prostitución, trata con fins de servidume/escravitude sexual en beneficio do propio tratante, trata para explotación na pornografía e trata para MF; e agresión sexual, acoso sexual, trata de mulleres con fins de explotación sexual, explotación sexual, MXF e MF.
- Á pregunta sobre se atenderon casos de violacións múltiples e, de ser así, cantos nun ano, as respostas foron: non; ese dato non se pode proporcionar; 1 ou 2 casos ao ano; si, o ano pasado 5 mulleres e 2 mulleres menores de idade; 6; si, no contexto da prostitución, sen estar cuantificadas; e un 20 % ou 30 % dos casos.
- Respecto a se atenderon casos de violencia sexual no traballo doméstico, e de ser así, cantos nun ano, as respostas foron: non; ciberviolencia si, aínda non contamos con datos; non recolleemos ese dato; si, pero sen datos; 1; 2; 4; 20; non tivemos;

atopámolo coas mulleres que acompañamos, é un medio de captación; e atendemos algúns casos de trata con fins de explotación laboral no servizo doméstico que se superpuxeron con delitos de violencia sexual.

- As formas de violencia sexual das que reciben máis casos (que depende da forma de violencia sexual á que atendan) son: ciberacoso sexual, pornovinganza, *bodyshaming*, fotopenes, *deepfaking*, *slutshaming*; agresións sexuais; violencia sexual na parella, por descoñecidos e no exercicio da prostitución; tocamientos ou agresións sexuais con penetración por parte do entorno da vítima; trata con fins de explotación sexual e explotación sexual; abusos sexuais, un número importante foron sufridos na infancia; agresións sexuais por parte de coñecidos ou coñecidos recentes, mulleres menores de 40 anos; MF; agresións e violacións no contexto da prostitución; MXF; MF; agresións; violación; en 2022 os abusos sexuais na infancia son o grupo máis numeroso de violencia sexual fóra da parella; acoso sexual no traballo; e agresión sexual por parte dunha persoa coñecida, descoñecida, na infancia ou recente por un coñecido. Das formas de violencia sexual das que reciben menos casos, as respostas indicaron (que depende da forma de violencia sexual que atendan): acoso; violencia dixital; violacións múltiples; MXF; MF; e trata con fins de explotación sexual.
- En canto a que forma de violencia sexual consideran que as mulleres identifican máis, das que puideron facilitar esta información, a maioría son agresións sexuais e agresións sexuais con violencia física. E as que menos, a ciberviolencia, a violencia psicolóxica, a violencia sexual intrafamiliar, a violencia sexual a menores, o acoso na rúa, a explotación sexual, a que se produce no ámbito da parella, o MF, os feminicidios con compoñente sexual, o acoso sexual no traballo, a violación no ámbito da parella, a exercida en contextos de prostitución, a MXF, a verbal, a violencia institucional e a violencia nas relacións de noivado entre adolescentes, como a presión para manter relacións.
- O 100 % das que responderon ao cuestionario afirmaron que coñecen e utilizan o Convenio de Istambul, así como o marco da CEDAW e do Comité CEDAW no traballo que realizan.
- Sobre se están aplicando a LOGILS, o 85 % respondeu que si.
- Á pregunta de se incorporan a debida dilixencia, o 75 % respondeu que si.
- A partir da información que obtivemos nas entrevistas:
 - Debido á maneira en que se entendeu a violencia de xénero en España, especialmente dende a LOMPIVX, deseñáronse un número importante de recursos ou servizos a partir deste enfoque. Neste sentido, é moi importante seguir avanzando cara a comprensión de que a violencia sexual contra as

mulleres, ao ser unha manifestación de violencia por razón de xénero, é unha forma de discriminación e unha vulneración dos dereitos humanos.

- Non se recollen datos de maneira unificada sobre as diferentes formas de violencia sexual: agresión sexual, acoso sexual, trata con fins de explotación sexual, MXF, MF e violencias sexuais dixitais. Tampouco se recolle a información tendo en conta unha perspectiva de xénero e interseccional que permita ver, por exemplo, se existen formas de violencias sexuais que están afectando de forma desproporcionada a mulleres estranxeiras, con diversidade funcional ou de determinadas idades, para así contar cun diagnóstico para deseñar e executar as medidas e accións para a atención e intervención en violencias sexuais.
- Debido á especialización que require o traballo con violencias sexuais contra as mulleres, os recursos que abordan a violencia sexual dentro da violencia por razón de xénero exercida pola parella ou exparella tamén deben contar cunha formación especializada.
- As violencias sexuais requiren especialización, entendéndolas como unha forma de violencia por razón de xénero e discriminación, así como unha vulneración dos dereitos humanos. Ademais, cada forma de violencia sexual (agresión, acoso, trata con fins de explotación sexual, MXF, MF e violencias dixitais) require a súa propia especialización.
- Segue sendo necesario incorporar en maior medida as obrigas locais en materia de violencias sexuais, que veñen dadas non só polos marcos normativos estatais e autonómicos, senón tamén polo marco internacional e europeo de protección dos dereitos humanos.
- Os servizos locais non están illados, senón que forman parte dun contexto no que participan diferentes axentes e institucións. Para respectar, garantir e protexer os dereitos das vítimas ou superviventes de violencias sexuais, é necesario traballar para evitar a revitimización e fortalecer a comprensión do vínculo que existe entre a erradicación das violencias sexuais e o dereito á igualdade e á non discriminación, incluída a interseccional, de todas as mulleres. Neste sentido, cómpre continuar co traballo na comprensión de que as vítimas ou superviventes de violencias sexuais son titulares de dereitos e as entidades locais, garante destes, polo que sempre hai que colocar no centro as vítimas ou superviventes, así como os seus dereitos e necesidades.
- É necesario un protocolo marco sobre a atención, intervención e protección de mulleres vítimas ou superviventes de violencias sexuais.
- A maioría dos servizos contan con protocolos internos de atención nos casos de violencias sexuais, pero hai algúns que non, e é importante que todos poidan

contar con eles (protocolos internos de atención, atención urgente ou intervención en crise), sen perder a flexibilidade que se require nestes casos para adaptarse ás vítimas ou superviventes.

- Non existe un mapa institucional sobre os recursos e servizos locais existentes para a atención, intervención e protección das mulleres vítimas e superviventes de violencias sexuais.
- Resulta necesario revisar e actualizar os procedementos de actuación e información dos concellos en casos de violencias sexuais para adaptalos ao Convenio de Istambul e á LOGILS.
- Para calquera acción local ou medida para atender e erradicar as violencias sexuais, deberíase contar coa participación efectiva das organizacións de mulleres e feministas, en particular das que acompañan as mulleres vítimas e superviventes de violencias sexuais.
- Malia que a maioría dos recursos ou servizos indican que hai que traballar cunha perspectiva de xénero e interseccional, aínda hai que esforzarse para incorporar a perspectiva interseccional nas violencias sexuais contra as mulleres, xa que non todas as mulleres afrontarán os mesmos riscos, impactos e necesidades fronte ás violencias sexuais.
- Salvo algunhas excepcións, os servizos que traballan con nenos, nenas e adolescentes precisan fortalecer a perspectiva da infancia.
- Nos recursos aínda non se incorporou unha perspectiva que loite contra o antixitanismo, cunha formación específica sobre a discriminación interseccional que sofren as mulleres e nenas xitanas.
- Non todos os recursos ou servizos contan con mediadoras interculturais ou promotoras comunitarias e, en menor medida, contan con superviventes de violencias sexuais.
- Aínda non se adaptaron todos os recursos ou servizos para que as súas instalacións e o acceso a eles estean a disposición das mulleres con diversidade funcional.
- Son necesarios recursos especializados para atender a MXF e o MF cunha perspectiva de xénero, interseccional e intercultural. Cando as vítimas de MF foxen dos seus contextos para evitar que as casen, non teñen onde ir. Así mesmo, cómpre a especialización en MXF e MF, que implica coñecer as súas causas e as particularidades que poden existir en función da comunidade. No caso da MXF,

aínda non se comprende que esta forma de violencia sexual teña un impacto integral na vida das mulleres.

- No caso da MXF, unha boa práctica detectada é o traballo de base coa comunidade e con mediadoras interculturais.
- Requírese especialización nos casos de trata con fins de explotación sexual que incorpore as dinámicas en función do país de procedencia e dos medios cambiantes que empregan as redes.
- Na trata con fins de explotación sexual, unha boa práctica identificada é a inclusión de superviventes nos equipos de traballo e de forma transversal nas entidades.
- No caso das ciberviolencias sexuais, hai que ter en conta que moitos casos de violencias sexuais poden ter un compoñente dixital, e que tamén hai casos que son exclusivamente de ciberviolencias sexuais.
- É necesaria unha formación en seguridade dixital e autodefensa feminista para poder ofrecer pautas ás mulleres vítimas ou superviventes de violencias sexuais.
- Existen casos que non están chegando aos recursos ou servizos, ou que están chegando en menor medida, nalgunhas ocasións pola barreira idiomática, pola falta dunha interpretación especializada, pola idade (por exemplo, os casos de mulleres maiores), pola forma ou característica da manifestación da violencia sexual ou pola falta de información accesible para todas as mulleres ou de dispoñibilidade de recursos (por exemplo, no ámbito rural).
- Existen servizos que teñen lista de agarda para poder atender as vítimas ou superviventes.
- A formación especializada en violencias sexuais implica formación en perspectiva de xénero, interseccionalidade, interculturalidade, antirracismo, igualdade e non discriminación, mitos da violación, prexuízos e estereotipos de xénero, estándares internacionais e europeos, trauma, emerxencia e crise, evitar a revitimización e dereitos da infancia. Tamén é moi importante o perfil e a experiencia das profesionais que vaian atender estes casos. A formación tamén debe ter en conta o traballo con casos prácticos de diversas formas de violencia sexual.
- A formación debe ter en conta o impacto que as violencias sexuais e o compoñente da violencia psicolóxica teñen na saúde mental. Por exemplo, en casos de ciberviolencias sexuais pode non haber contacto físico, pero si pode haber violencia psicolóxica que, en moitas ocasións, está oculta. Así, as violencias sexuais dixitais teñen un compoñente psicolóxico, tendo en conta tamén que está

conectada co físico e que o que afecta psicolóxicamente tamén afecta fisicamente (o corpo).

- Existe unha conexión entre as violencias machistas e entre as violencias sexuais, polo que se está afrontando ou afrontou algunha forma de violencia sexual, seguramente afrontou ou afronta outra de violencia machista ou violencia sexual. Por exemplo, moitas vítimas de trata con fins de explotación sexual foron vítimas de MF e nos casos de MF hai agresións sexuais.
- A primeira intervención é moi relevante, é o primeiro contacto coas vítimas ou superviventes, no que non deben sentirse xulgadas nin responsabilizadas. Desta primeira intervención pode depender que a muller volva contactar co servizo ou continúe en contacto con este.
- Nunha primeira chamada adoita facerse a valoración do risco tendo en conta que, nas violencias sexuais, non é o mesmo se o agresor é un coñecido ou un descoñecido. A avaliación do risco vai depender da forma de violencia sexual e de quen é o agresor, tendo en conta os riscos específicos nos casos nos que as violencias sexuais se producen no ámbito familiar.
- Identificamos un número importante de casos de mulleres que acoden aos servizos por violencia sexual sufrida durante a infancia.
- É necesario contar cun protocolo de atención telefónica que teña en conta diversas situacións que se poidan presentar de cada forma ou manifestación de violencia sexual.
- O acompañamento psicolóxico con perspectiva de xénero especializado en violencias sexuais é fundamental para a atención das vítimas ou superviventes e para a súa recuperación.
- Hai que ter en conta a urxencia e a resposta inmediata que requiren algúns casos de violencias sexuais.
- Un servizo de atención, intervención e protección de calidade para as mulleres vítimas ou superviventes de violencias sexuais debe contar con recursos técnicos, humanos e económicos suficientes, que inclúan tamén o tempo para poder atender a cada vítima ou supervivente da forma máis axeitada.
- Para prestar un servizo de calidade é moi importante o coidado das profesionais e dos equipos, e hai que prestar especial atención ás implicacións adicionais de traballar con casos de violencias sexuais e estar en contacto directo coas vítimas ou superviventes desta vulneración dos dereitos humanos.

- Cada recurso debe ter claridade sobre o que pode e non pode ofrecer ás mulleres para non crear falsas expectativas sobre o que se ofrece.
- Existen servizos, como o Centro de Crises de Asturias, que pola súa especialización e singularidade, aínda que é un servizo autonómico, presta servizos a nivel local desprazándose aos lugares de Asturias nos que sexa necesario por estar alí as vítimas ou superviventes.
- Non todos os servizos teñen un sistema de avaliación nin recollen a avaliación das mulleres ás que atenden.
- É fundamental non só contar con servizos, senón avalialos e que na devandita avaliación participen as vítimas ou superviventes atendidas e as organizacións de mulleres e feministas, con especial atención á súa diversidade, tendo en conta en particular aquelas que traballan pola erradicación das violencias sexuais.
- Unha boa práctica do sistema de avaliación que identificamos consiste na realización dunha avaliación anual na que as mulleres atendidas polo servizo respondan a un cuestionario de forma anónima e tamén se realice de forma anual unha avaliación externa por profesionais especializadas para ver o impacto do servizo na vida das vítimas ou superviventes e valorar a atención recibida e o traballo realizado polo servizo.
- Detectamos a necesidade de que dende o ámbito local se promova e fomente o traballo en rede das entidades e organizacións feministas e de mulleres que acompañan casos de violencias sexuais.
- Ampliar ATENPRO, incluíndo as violencias sexuais, pode contribuír a que vítimas ou superviventes destas violencias se sintan máis seguras ao contar co dispositivo. As casuísticas reais trasladadas polos recursos entrevistados como factibles para o apoio e acompañamento das mulleres vítimas ou superviventes de violencias sexuais por parte de ATENPRO responden a situacións nas que existe unha percepción de perigo por parte da muller, unhas veces obxectiva e outras subxectiva. Entre estas, destacan:
 - A muller vítima ou supervivente atopou o agresor pola súa localidade de residencia. Ela estaba con outras persoas, pero ten medo de que algún día poida estar soa e que lle faga algo.
 - O agresor foi condenado, pero aínda non ingresou en prisión porque recorreu a sentenza. A muller vítima ou supervivente ten medo de saír soa pola rúa de noite (que é cando se produciu a agresión).
 - O agresor rematou o período de prisión preventiva e vive no mesmo concello que a muller.

- A familia e os amigos do agresor perseguen e insultan a muller vítima ou supervivente.
 - O agresor ten familiares no seu bloque de vivendas e ten medo a atopalos. Evita ir soa ao portal, saír pola noite, poñerse un vestido, etc.
 - O agresor vive no mesmo concello ou preto e pode atopalo en calquera momento, polo que a muller ten medo e íllase ou evita ir soa.
 - A muller ten medo de ir soa á casa.
 - O agresor coñece o seu domicilio, o lugar onde se produciu o ataque, e atérraa a idea de que algún día poida volver.
 - Mulleres vítimas ou superviventes que non teñen orde de afastamento cando saen do xulgado da declaración.
 - Unha vítima de trata con fins de explotación sexual que escapou da rede.
 - Unha vítima de MF que escapou da súa familia para non casar.
 - Unha adolescente explotada sexualmente no sistema de protección.
 - A muller vítima que recibe presións por parte do agresor e da súa contorna para que retire a denuncia.
 - Tamén coñecemos casos de violencia sexual contra nenas, nenos e adolescentes por parte de familiares, que querían ser usuarios e usuarias de ATENPRO, pero non foi posible por como está enfocado o servizo na actualidade.
- A experiencia do Servizo 016 resulta interesante, xa que incorporaron psicólogas e traballadoras sociais, así como a figura de responsable de formación e calidade.

c. PROPOSTAS PARA MELLORAR AS ACCIÓNS DE INTERVENCIÓN E PREVENCIÓN EN MATERIA DE VIOLENCIAS SEXUAIS

A partir do marco internacional e europeo de protección dos dereitos humanos, con especial atención ás obrigas locais en materia de violencias sexuais; o diagnóstico da situación das violencias sexuais en España; das respostas aos cuestionarios e das entrevistas realizadas, establecemos as seguintes propostas para mellorar as accións de intervención e prevención en materia de violencias sexuais:

- Continuar traballando coas administracións locais nun cambio de paradigma en catro sentidos:

(1) A comprensión e a interiorización das obrigas locais en materia de violencias sexuais dadas polo marco internacional e europeo para a protección dos dereitos humanos.

(2) A comprensión de que as violencias sexuais son unha forma ou manifestación de violencia por razón de xénero contra as mulleres e, polo tanto, constitúe unha forma de discriminación e unha vulneración dos dereitos humanos das mulleres.

(3) A comprensión de que as vítimas ou superviventes de violencias sexuais son titulares de dereitos e as entidades locais son as que os garanten, polo que sempre hai que colocar no centro as vítimas ou superviventes de violencias sexuais, así como os seus dereitos e necesidades.

(4) A formación das persoas que interveñen e atenden os casos de violencias sexuais é unha obriga, e debe basearse na perspectiva de xénero, na interseccionalidade, na interculturalidade, na igualdade e na non discriminación, atendendo as características de cada forma de violencia sexual, o antirracismo, a non revictimizante, os prexuízos e os estereotipos de xénero, os mitos da violación, a perspectiva da infancia, o trauma e as normas internacionais e europeas para a protección dos dereitos humanos, con especial atención á CEDAW, á súa Recomendación Xeral n.º 35 e ao Convenio de Istambul, o Convenio do Consello de Europa sobre a loita contra a trata de seres humanos (Convenio de Varsovia) e o Convenio sobre Ciberdelincuencia (Convenio de Budapest). A formación debe ter en conta o impacto que teñen na saúde mental as violencias sexuais e o compoñente da violencia psicolóxica que ten a violencia sexual dixital.

- Ofrecer formación que contribúa a detectar as formas de violencia sexual presentes en cada caso, xa que adoita existir unha conexión entre as formas de violencia sexual —e tamén de violencias machistas—.
- Crear un mecanismo que unifique a recollida de datos das diferentes formas de violencia sexual: agresión sexual, acoso sexual, trata con fins de explotación sexual, MXF, MF e violencias sexuais dixitais. Este mecanismo debería ter en conta a definición da LOGILS sobre violencias sexuais e ter unha perspectiva de xénero e interseccional. Para a súa creación debería contarse coa opinión e suxestións das organizacións de mulleres e feministas que acompañan os casos de violencias sexuais. Así mesmo, o mecanismo debería contemplar a forma na que os servizos locais de atención, intervención e protección das violencias sexuais poden recoller estes datos e crear unha ferramenta con este fin. Os datos son fundamentais para poder avaliar e mellorar as políticas públicas.
- Para a prevención local en casos de violencias sexuais, é necesario ter en conta as particularidades de cada forma, manifestación ou ámbito desta violencia, e realizar un traballo conxunto coas comunidades autónomas, elaborando campañas municipais con

perspectiva de xénero e interseccional dirixidas a toda a sociedade, especialmente a homes, mozos e nenos, para contribuír activamente na eliminación dos estereotipos vinculados á «cultura da violación», así como campañas de información dirixidas a mulleres de todas as idades e en diferentes idiomas con información sobre os seus dereitos e recursos dispoñibles.

- Diseñar e desenvolver un Protocolo marco de atención, intervención e protección das mulleres vítimas ou superviventes de violencias sexuais, que debe ter como eixo central a obriga de dilixencia debida, así como unha perspectiva de xénero e interseccional, e prestar especial atención á coordinación entre administracións e entre profesionais. O protocolo debería contar cun mecanismo de avaliación e ter en conta as particularidades de cada forma de violencia sexual.
- Crear un mapa institucional sobre os recursos e servizos locais existentes para a atención, intervención e protección das mulleres vítimas e superviventes de violencias sexuais, que debe actualizarse con frecuencia e ser accesible en diferentes medios, idiomas e para mulleres con diversidade funcional.
- Garantir que os servizos locais de atención, intervención e protección para vítimas ou superviventes de violencias sexuais contan cun protocolo de actuación contra as violencias sexuais que recolla as obrigas locais establecidas polo Convenio de Istambul e o marco internacional para a protección dos dereitos humanos, con especial atención á dilixencia debida e á coordinación entre administracións e entre profesionais. O protocolo debería contar cun mecanismo de avaliación e abordar cada forma de violencia sexual, tendo en conta as particularidades de cada unha. Hai que ter en conta que, aínda que é necesario contar con protocolos, é importante non perder a flexibilidade que se require nos casos de violencias sexuais para adaptarse ás vítimas ou superviventes.
- Asegurar que os servizos locais contan con protocolos internos de atención, atención de urxencia e intervención en crise.
- Revisar e actualizar os procedementos de actuación e información dos concellos en casos de violencias sexuais para adaptalos ao Convenio de Istambul e á LOGILS.
- Reforzar os recursos especializados para as vítimas ou superviventes de MXF, MF e violencias sexuais dixitais.
- Ofrecer formación ás profesionais dos servizos locais, sobre as violencias sexuais en xeral e, en concreto, sobre as súas diferentes formas, manifestacións e ámbitos, así como as particularidades de cada unha, podendo contar coa experiencia de superviventes, expertas e organizacións que acompañan estes casos.

- As traducións e as intérpretes deben estar dispoñibles e, preferentemente, serán presenciais e especializadas. Darase a opción ás vítimas ou superviventes de que poidan decidir se prefiren unha muller intérprete, xa que poden sentirse máis cómodas para falar da violencia sexual que afrontaron.
- Os servizos locais deben contar con mediadoras interculturais, que son clave para que máis mulleres cheguen aos recursos, evitar a revitimización e se sintan acompañadas durante o proceso, contribuíndo tamén ao inicio do seu proceso de reparación.
- Os servizos locais que atendan os casos de violencias sexuais deberían incluír nos seus equipos mulleres superviventes de violencias sexuais e contar tamén con mulleres diversas para que máis mulleres acudan aos servizos e se sintan mellor identificadas, como por exemplo, contar con mulleres racializadas, de distintas orixes ou mulleres con diversidade funcional. Estes servizos deben contar con referentes para outras mulleres e levar a cabo un traballo de base e comunitario para difundir os seus servizos e contribuír á erradicación das violencias sexuais.
- Eliminar as barreiras ou obstáculos que impiden que algunhas vítimas ou superviventes de violencias sexuais poidan acceder aos servizos. Neste sentido, as mulleres deben poder acceder aos servizos ou recursos independentemente de se queren denunciar ou non, así como independentemente da súa situación migratoria. Os servizos locais deben adaptarse ás vítimas ou superviventes de todas as formas de violencia sexual, e non ás vítimas ou superviventes quen se adaptan ao servizo.
- Resulta necesario que os servizos locais que traballan con nenas, nenos e adolescentes contén cunha perspectiva da infancia.
- Os servizos deben fortalecer a perspectiva interseccional, que é diferente á múltiple, xa que non todas as mulleres van afrontar os mesmos riscos, impactos e necesidades ante as violencias sexuais.
- Todos os servizos locais que atendan casos de violencias sexuais deben integrar o tema das ciberviolencias, xa que é un compoñente que pode aparecer nos casos de violencias sexuais. Así mesmo, deben contar cunha formación en seguridade dixital e autodefensa feminista para poder dar as pautas necesarias ás vítimas ou superviventes de violencias sexuais.
- Ter en conta as superviventes que así o desexen e as organizacións de mulleres e feministas, en particular aquelas que acompañan as mulleres vítimas e superviventes de violencias sexuais, para que participen de forma eficaz no deseño, execución e avaliación de medidas e accións de intervención, atención e erradicación das violencias sexuais.
- Tomar medidas específicas para atender as violencias sexuais contra as mulleres maiores, concretamente as de máis de 65 anos.
- Fortalecer os servizos con recursos humanos, técnicos e económicos para que poidan prestar un servizo de calidade. Isto tamén contribuiría a eliminar as listas de agarda. As listas de agarda amosan a necesidade destes servizos e a alta demanda dos mesmos, polo que é unha obriga que se contén con servizos especializados e que sexan accesibles.

- Sería moi importante que todos os servizos locais que atenden a mulleres vítimas ou superviventes de violencias sexuais contasen con psicólogas expertas en violencias sexuais para que lles poidan prestar acompañamento psicolóxico. Do mesmo xeito, sería moi positivo incluír o traballo con grupos de mulleres que sufriron violencias sexuais para aquelas que desexen participar nestes colectivos.
- Coidar ás e aos profesionais que traballan nos servizos locais obxecto deste estudo e que compoñen os equipos, prestando atención ás implicacións que ten o traballo con casos de violencias sexuais e o contacto directo coas vítimas ou superviventes.
- Impulsar e fomentar dende o ámbito local o traballo en rede.

d. PROPOSTAS DUN SISTEMA DE AVALIACIÓN

A partir do marco internacional e europeo de protección dos dereitos humanos, con especial atención ás obrigas locais en materia de violencias sexuais; do diagnóstico da situación das violencias sexuais en España; das respostas aos cuestionarios e das entrevistas realizadas; así como debido a que detectamos a importancia de non só contar con servizos locais que atendan ás mulleres vítimas ou superviventes de violencias sexuais, senón tamén de avalialos, realizamos as seguintes propostas para un sistema de avaliación que garanta a calidade dos servizos de atención, intervención e protección en materia de violencias sexuais que dependan das entidades locais e que implica a elaboración dun documento marco e o desenvolvemento de protocolos propios:

- Elaborar un **documento marco** para unificar criterios de avaliación dos servizos de atención, intervención e protección en materia de violencias sexuais que dependan das entidades locais que, como mínimo, debería:
 - Contar coa participación de entidades locais, expertas, vítimas e superviventes de violencias sexuais e de organizacións de mulleres e feministas, especialmente as que acompañan procesos de mulleres vítimas e superviventes de violencias sexuais.
 - Crear un mecanismo para recoller a valoración do servizo de atención, intervención e protección das mulleres vítimas ou superviventes de violencias sexuais e a experiencia das vítimas ou superviventes co servizo, tendo en conta as mulleres que falan diferentes idiomas, as mulleres que teñen diversidade funcional e adaptándoo á infancia cando corresponda.
 - Considerar unha avaliación externa cada dous anos por parte de profesionais que teñan perspectiva de xénero, interseccional, da infancia e con experiencia traballando coas violencias sexuais.

- Construír os indicadores unificados sobre a avaliación a partir do *Catálogo de referencia de políticas y servicios en materia de violencia contra las mujeres conforme a los estándares internacionales de derechos humanos*.
- Estar acorde coa LOGILS, en particular coa Disposición adicional quinta: Avaliación e seguimento da actividade das institucións en materia de violencia contra as mulleres que sinala que: «O Goberno, as comunidades autónomas, as entidades que forman parte da Administración local, así como o Ministerio Fiscal e o Poder Xudicial, no marco das súas competencias, elaborarán informes cuatrienais do cumprimento das medidas en materia de violencia contra as mulleres, que se remitirán ás Cortes Xerais como medida de avaliación e rendición de contas sobre os procesos de aplicación da normativa e das políticas públicas e sobre o seu impacto na violencia contra as mulleres, con especial atención á rendición de contas por parte do conxunto das administracións públicas das medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero e dos fondos previstos no Pacto de Estado contra a violencia de xénero. A estes efectos, as administracións públicas competentes recollerán datos estatísticos, homoxéneos e de maneira permanente sobre a actuación institucional en materia de prevención, detección, atención integral, protección, xustiza e reparación, incorporando tanto a información de todas as administracións públicas como das organizacións especializadas na asistencia ás vítimas, ademais da relativa aos procesos penais en materia de violencia contra as mulleres»⁸¹.
- Que cada servizo de atención, intervención e protección en materia de violencias sexuais dependentes das entidades locais debería contar cun **protocolo propio** que, como mínimo, debería ter en conta:
 - O documento marco que unifica os criterios de avaliación suxeridos previamente.
 - Unha perspectiva de xénero e interseccional que, no seu deseño e aplicación, coloque no centro as vítimas ou superviventes de violencias sexuais.
 - Describir indicadores específicos para a monitorización e mellora dos circuitos propostos no protocolo.
 - Ser accesible para as mulleres que falan diferentes idiomas, para as mulleres con diversidade funcional e, no caso das nenas e dos nenos, debe adaptarse.
 - Ter en conta a opinión das mulleres vítimas ou superviventes de violencias sexuais atendidas polo servizo local. Para iso pódese crear un sistema que recolla a opinión das vítimas ou superviventes de forma anónima deseñando un cuestionario que se podería facer en liña, garantindo que se fai con seguridade e que a información está protexida. Do mesmo xeito, as profesionais poden

⁸¹ «*Lei orgánica 10/2022, de 6 de setembro...*», *op. cit.*, disposición adicional quinta.

preguntar ás mulleres se consideran que se pode mellorar algo no servizo e incorporar este punto á ficha, expediente ou rexistro de cada caso. Cada ano, poderíase designar unha persoa para que reúna información e a comparta co equipo, e que a supervisora tome as medidas adecuadas para incorporar as melloras.

- Incluir unha avaliación externa que sexa realizada por unha profesional experta, con perspectiva de xénero e interseccional, e que ademais dunha avaliación do servizo, teña en conta a opinión das vítimas ou superviventes atendidas e das profesionais que traballan no mesmo. Esta avaliación externa debería realizarse cada dous anos.
- Contar coa participación de organizacións feministas e de mulleres que acompañan os casos de violencias sexuais.
- Como parte da avaliación, incorporar a supervisión das profesionais e equipos para valorar se existe desgaste emocional e/ou sobrecarga laboral, se hai espazos para a desconexión, se é necesario xerar un espazo semanal para que falen dos casos e establecer a forma na que se atenderán as posibles necesidades detectadas.
- Como parte da avaliación, ter en conta se existe formación continua para as profesionais e se se avalía o impacto destas formacións e de que xeito.
- Dar publicidade dos informes das avaliacións e integralos nas memorias públicas de traballo dos servizos, establecendo a forma en que as melloras se incorporan ao servizo.

9. INCORPORACIÓN DAS VIOLENCIAS SEXUAIS AO SERVIZO ATENPRO

Para desenvolver a incorporación das violencias sexuais a ATENPRO, imos comezar establecendo o contexto no que se produce dita incorporación (a); para continuar, sinalaremos suxestións xerais para a inclusión das violencias sexuais en ATENPRO (b); seguiremos coas suxestións específicas (c) centradas nunha proposta de protocolo de atención ás violencias sexuais (i) e nas propostas de medidas concretas que favorezan a supervisión técnica e a formación continua e especialización do equipo profesional que asista as usuarias de ATENPRO, vítimas ou superviventes do obxecto de estudo (ii), prestando especial atención a un itinerario formativo (1) e a un sistema de avaliación (2).

a. CONTEXTO

Como expuxemos no punto sobre o Servizo ATENPRO (*supra.*), os Pregos e o Protocolo de actuación no marco dos cales se presta este servizo son de 2012 e non están actualizados. Da mesma maneira, ATENPRO actualmente só presta o seu servizo ás vítimas de violencia de xénero entendida na LOMPIVX, é dicir, a que exerce a parella ou exparella. Polo que, para adaptar este servizo ás formas de violencia contra as mulleres estipuladas no Convenio de

Istanbul, que van máis aló da que exerce unha parella ou exparella, incluídas as violencias sexuais contra as mulleres, estase levando a cabo un proceso de ampliación e mellora integral de ATENPRO.

Esta ampliación e mellora integral enmárcase dentro das liñas de investimento do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia: inversión 4 do Compoñente 22 (C22.I4). O Plan de Recuperación, a través dos seus trinta compoñentes, inclúe reformas transformadoras e investimentos que reforzan os cambios normativos, modificación e revisión de procedementos administrativos ou actuacións concretas das distintas administracións. No compoñente 22 (Plan de choque para a economía dos cuidados e reforzo das políticas de inclusión) é onde se centra —entre outros retos e obxectivos—, o reforzo da loita contra a violencia machista para estender e facer accesibles os servizos de atención integral a través do Plan España te protege contra la violencia machista⁸². A finalidade deste compoñente é estender, mellorar, ampliar e facer accesibles os servizos de atención integral a todas as formas de violencia sobre as mulleres. O Plan está dotado cun orzamento total de 153 361 560 euros, que xestiona o Ministerio de Igualdade, e ten en conta tres liñas de actuación: (1) a mellora, dixitalización e ampliación do servizo 016; (2) a modernización e ampliación de ATENPRO e dos dispositivos telemáticos; e (3) a creación de centros de atención integral 24 horas con 66 millóns de euros.

En canto a ATENPRO, o BOE publicou o 23 de novembro de 2021 o Real decreto 1042/2021, polo que se regula a concesión directa dunha subvención á FEMP que establece os termos de como debe realizarse a modernización e ampliación dos servizos de atención e protección para mulleres vítimas de violencia machista. Para acadar este obxectivo, a modernización e ampliación dos dispositivos ATENPRO, está prevista a realización das seguintes actuacións: mellora integral do servizo para a atención; mellora tecnolóxica dos equipos de xestión e extensión do número de usuarias, ampliando a todas as formas de violencia contra as mulleres —esta implementación levarase a cabo mediante unha subvención nominativa á FEMP—, e a mellora integral do servizo de dispositivos de control das medidas de protección das mulleres vítimas co obxectivo de estendelo a todas as formas de violencia contra as mulleres, dándolles maior cobertura, maior tecnoloxía e menor vitimización secundaria.

b. SUXESTIÓNS XERAIS PARA A INCLUSIÓN DAS VIOLENCIAS SEXUAIS NO SERVIZO ATENPRO

En base ao establecido sobre as características de ATENPRO e a súa situación actual, tendo en conta o contexto de ampliación e mellora; das obrigas en materia de violencias sexuais dadas polo marco internacional e europeo de protección dos dereitos humanos, con especial atención ás obrigas locais, e sobre a aproximación e intervención da Administración local en materia de violencias sexuais, tendo en conta as respostas aos cuestionarios e entrevistas que

⁸² Ver: <https://planderecuperacion.gob.es/politicas-y-componentes/componente-22-plan-de-choque-para-economia-de-cuidados-y-refuerzo-de-politicas-de-inclusion>

levamos a cabo, realizamos as seguintes suxestións xerais para a inclusión das violencias sexuais en ATENPRO:

- Número de vítimas ou superviventes de violencias sexuais que poderían ser usuarias de ATENPRO: debido á forma na que actualmente se recollen en España os datos sobre as violencias sexuais, á que nos referimos en varias ocasións nesta investigación, así como as características das violencias sexuais en xeral e, en particular, de cada forma ou manifestación desta violencia, non podemos dar un número sobre cantas mulleres poderían ser atendidas por ATENPRO. Cremos que isto vai depender tamén de varios factores, como da difusión da inclusión das violencias sexuais en ATENPRO, para que se empece a solicitar a alta no servizo; as novas entidades locais que se adhiran ao servizo con esta incorporación, e a maneira en que se implemente a acreditación das violencias sexuais estipulada na LOGILS.
- Novos pregos e protocolo: debido a que dende 2012 pasaron máis de dez anos, resulta necesario elaborar novos pregos e un protocolo que se adapten a todos os cambios normativos estatais, autonómicos, internacionais e europeos que se sucederon dende entón⁸³. Debería prestarse especial atención á CEDAW; as Recomendacións xerais n.º 19, 28 e 35 do Comité CEDAW, entre outras; ao Convenio de Istambul e ás recomendacións do GREVIO no seu *Primeiro informe de avaliación a España* (2020); ao Convenio de Varsovia e ás recomendacións do GRETA a España; á Estratexia estatal de loita contra a violencia machista 2022-2025; ao Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero; ao *Catálogo de referencia de políticas y servicios en materia de violencia contra las mujeres conforme a los estándares internacionales de derechos humanos*; á LOGILS; á LOPIVI, aos cambios na LOMPIVX dende 2012; á LOGILS e á Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo. Os pregos deben incluír a avaliación (que abordaremos máis adiante); a formación obrigatoria e continua especializada en violencias sexuais e en cada forma de violencia sexual: agresión sexual, acoso sexual, trata con fins de explotación sexual, MXF, MF e violencias sexuais cometidas no ámbito dixital (que tamén detallaremos máis adiante); a supervisión e coidado do equipo que conforma ATENPRO; considerar a posibilidade de incluír psicólogas e traballadoras sociais, así como contar coa figura de responsable de formación e calidade; en todo momento situar ás vítimas ou superviventes de violencias sexuais no centro do servizo como titulares de dereitos, e estipular que, en canto se produza algunha novidade ou avance normativo relacionado coas violencias sexuais, será necesario actualizar o Protocolo de actuación para incluílos. O Protocolo debería incluír un apartado sobre a coordinación, tendo en conta os «centros de crise» que se están abrindo e que se abrirán para a atención especializada e integral o 7/24/365 das vítimas ou superviventes de violencias sexuais.

⁸³ Como parte desta investigación, tivemos coñecemento de que se está a traballar nun novo protocolo.

- Reconsideración, modificación e adaptación dos requisitos: consideramos que esixir ás vítimas de violencias sexuais que non manteñan unha relación de convivencia co home que as agride é un requisito que non se achega á realidade nin á complexidade das diferentes formas de violencia sexual (exercida por coñecidos, descoñecidos, familiares, etc.), polo tanto débese eliminar e ofrecer este servizo independentemente de se a muller mantén ou non a relación de convivencia. Da mesma maneira, o requisito de participación en programas especializados de violencia sexual tamén debería eliminarse por non axustarse á realidade das diferentes formas ou manifestacións da violencia sexual. Ademais, hai que ter en conta que neste momento non existen recursos especializados suficientes para atender as distintas formas de violencia sexual, que serían necesarios para este aspecto.
- Acreditación como vítimas de violencias sexuais: debido a que a LOGILS permite a acreditación das vítimas de violencia sexual máis aló do ámbito xudicial (artigo 37) mediante informe dos servizos sociais, dos servizos especializados en igualdade e contra a violencia de xénero, dos servizos de acollida destinados a vítimas de violencias sexuais da Administración pública competente, ou da Inspección de Traballo e da Seguridade Social, nos casos obxecto de actuación da inspectora; por sentenza ditada na orde xurisdiccional social; ou por calquera outro título, sempre que así estea previsto nas disposicións normativas de carácter sectorial que regulen o acceso a cada un dos dereitos e recursos, así como que no caso de vítimas menores de idade, e para os mesmos efectos, a acreditación poderá realizarse ademais mediante documentos sanitarios oficiais de comunicación á Fiscalía ou ao órgano xudicial, ATENPRO deberá tomar estas acreditacións como válidas para atender as vítimas ou superviventes de violencias sexuais que así estean acreditadas.
- Consideración da incorporación de atención psicolóxica especializada: dada a importancia que ten o acompañamento psicolóxico para as vítimas ou superviventes de violencias sexuais, sería conveniente que ATENPRO valorase a incorporación de psicólogas especializadas en violencias sexuais ao equipo, o que implica unha perspectiva de xénero, para prestar este acompañamento cando as mulleres o soliciten. O acompañamento que se ofrece dende ATENPRO debe diferenciarse da intervención terapéutica que debe realizarse dende os recursos especializados e específicos. Neste sentido, tal e como coincidiron as expertas e dende os servizos entrevistados, o acompañamento ten un compoñente psicosocial que se centra en acompañar a muller vítima ou supervivente, poñer nome ás cousas, non deixala soa, lexitimar os seus sentimentos e reforzar a toma de decisións que tomou ou está tomando. Mentres que o labor terapéutico céntrase en ir abordando o suceso traumático e a forma en que este produciu secuelas psicolóxicas para abordalas.
- Participación das organizacións de mulleres e feministas, especialmente as que acompañan procesos de mulleres vítimas e superviventes de violencias sexuais e de sobreviventes de violencias sexuais: para mellorar e ampliar ATENPRO, deberíase levar a

cabo un proceso participativo que teña en conta as experiencias e opinións das organizacións de mulleres e feministas, especialmente aquelas que acompañan procesos de mulleres vítimas e superviventes de violencias sexuais e de sobreviventes de violencias sexuais, con especial atención ás diversidade.

- Colocar as vítimas ou superviventes de violencias sexuais no centro do servizo: ten que ver con aplicar un enfoque de dereitos humanos. Colocar no centro as vítimas ou superviventes de violencias sexuais debe ser o punto de partida e o enfoque transversal de ATENPRO para o que é necesario escoitar as vítimas ou superviventes e ter en conta as súas voces, experiencias, desexos, necesidades, expectativas, propostas e preferencias durante o tempo que estean no servizo. Neste sentido, é ATENPRO quen debe adaptarse ás vítimas ou superviventes, e non que sexan elas as que se adapten ao servizo. É a súa voz e experiencia a que ten o protagonismo á hora de coñecer cales son as súas necesidades, expectativas, propostas e preferencias no proceso de apoio, recuperación e reparación. O papel que ocupan as mulleres vítimas ou superviventes debe pasar dun lugar estanco de vitimización a outro máis activo de recuperación e apoderamento⁸⁴.
- Perspectiva de xénero e interseccional: a inclusión das violencias sexuais en ATENPRO debe levarse a cabo aplicando en todo momento unha perspectiva de xénero e interseccional tendo en conta que as violencias sexuais son unha forma de violencia por razón de xénero contra as mulleres e, polo tanto, unha forma de discriminación e unha vulneración dos dereitos humanos. Estas perspectivas teñen en conta que non todas as mulleres teñen dereito a unha vida libre de violencias sexuais e que non todas as mulleres teñen as mesmas experiencias, riscos e impactos fronte ás violencias sexuais debido á intersección dos diferentes sistemas de opresión ou eixes de desigualdade que provoca que algunhas mulleres afronten certos obstáculos para exercer o seu dereito a unha vida libre de violencias sexuais, estereotipos de xénero específicos sobre elas e discriminación interseccional. Tamén implica a eliminación dos prexuízos e estereotipos de xénero e os mitos da violación que adoitan responsabilizar ou culpar as mulleres das violencias sexuais que outros exercen contra elas. Así mesmo, considera que o perfil das vítimas ou superviventes de violencias sexuais non é homoxéneo nin único e, dentro deste, existen mulleres cunhas circunstancias persoais e sociais que deben terse en conta de forma explícita á hora de definir os requisitos de acceso e atención de ATENPRO, xa que son susceptibles de sufrir situacións de discriminación interseccional. Referímonos a mulleres vítimas ou superviventes con diversidade funcional, mulleres migradas (especialmente as que están nunha situación administrativa irregular), mulleres pertencentes ao colectivo LGTBIQA+, mulleres racializadas, as que teñen crenzas relixiosas e/ou culturais diferentes ás predominantes na sociedade española, as que se atopan en situación de pobreza extrema como as mulleres sen fogar, as que están ingresadas en centros por razóns de

⁸⁴ Ver o artigo 2 da LOGILS: «Para os efectos da presente lei orgánica, serán os principios reitores da actuación dos poderes públicos os seguintes: g) Apoderamento. Todas as políticas que se adopten en execución desta lei orgánica situarán os dereitos das vítimas no centro de todas as medidas, adoptando un enfoque centrado na vítima e dirixíndose en particular a respectar e promover a autonomía das vítimas e a dar ferramentas para apoderarse na súa situación particular, así como a evitar a revitimización e a vitimización secundaria».

saúde, protección social ou cumprimento de medidas policiais e xudiciais, entre outras. A perspectiva interseccional, neste sentido, é clave á hora de poder facer de ATENPRO un servizo accesible, inclusivo e universal.

- **Perspectiva da infancia:** para os casos nos que se atendan nenas, nenos e adolescentes é fundamental contar cunha perspectiva da infancia que coñeza os dereitos da infancia e da adolescencia e os requirimentos recollidos na LOPIVI, así como a dinámica propia das violencias sexuais e as particularidades diferenciadas que existen nestas violencias en comparación coas persoas adultas, de xeito que se incorpore a perspectiva e opinións das propias nenas, nenos e adolescentes, diferenciándoos por tramos de idade e se garanta que o seu interese superior sexa considerado de maneira fundamental⁸⁵. Neste sentido, as e os profesionais que atendan estes casos en ATENPRO deberán ser persoal especializado con formación en materia de dereitos da infancia e da adolescencia, así como en violencias sexuais contra nenas, nenos e adolescentes. Ademais, deberán adoptarse todas as medidas de coordinación necesarias entre todos os axentes implicados para evitar a vitimización secundaria de nenas, nenos e adolescentes.
- **Especialización:** a atención ás violencias sexuais requiren unha especialización polas características que teñen estas violencias, ademais de que cada forma de violencia sexual (agresión sexual, acoso sexual, trata con fins de explotación sexual, MXF, MF e violencias sexuais cometidas no ámbito dixital) require unha especialización específica.
- **Inclusión de superviventes de violencias sexuais:** sería moi relevante que ATENPRO inclúa no equipo superviventes das diferentes formas ou manifestacións de violencia sexual. Ademais de ser un traballo alternativo para algunhas vítimas ou superviventes, pode axudar a que máis mulleres accedan ao servizo e teñan unha mellor experiencia.
- **Inclusión de mediadoras interculturais:** polas características dalgunhas formas ou manifestacións da violencia sexual, é moi importante que se incorporen ao equipo mediadoras interculturais.

⁸⁵ O artigo 11 da LOPIVI estipula: «Dereito das vítimas a ser escoitadas da Lei orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral da infancia e da adolescencia contra a violencia:

21. Os poderes públicos garantirán que as nenas, nenos e adolescentes sexan oídos e escoitados con todas as garantías e sen límite de idade, asegurando, en todo caso, que este proceso sexa universalmente accesible en todos os procedementos administrativos, xudiciais ou doutra índole relacionados coa acreditación da violencia e reparación das vítimas. O dereito dos nenos e adolescentes a ser oídos só poderá restrinxirse, de maneira motivada, cando sexa contrario ao seu interese superior.

2. Asegurarase unha preparación e especialización de profesionais apropiada, metodoloxías e espazos para garantir que a obtención do testemuño das vítimas menores de idade se realice con rigor, tacto e respecto. Prestarase especial atención á formación profesional, metodoloxías e adaptación do medio para a escoita das vítimas en idades temperás.

3. Os poderes públicos adoptarán as medidas necesarias para impedir que se poidan considerar enfoques teóricos ou criterios sen aval científico que supoñan interferencias ou manipulación adulta, como a denominada síndrome de alienación parental».

- Percepción de seguridade das mulleres vítimas ou superviventes de violencias sexuais: no caso das mulleres vítimas ou superviventes de violencias sexuais, os sentimentos de medo, ansiedade, culpa e a percepción de inseguridade e perigo son factores moi presentes tras a violencia sexual, como por exemplo, tras unha agresión sexual. Polo tanto, ademais da valoración do risco nestes casos, hai que incorporar unha valoración da alta vulnerabilidade das mulleres vítimas ou superviventes. O obxectivo principal de ATENPRO non é só a prevención de novas agresións e situacións de calquera forma de violencia contra as mulleres vítimas para que, cando se produzan, minimizar as súas consecuencias, senón, principalmente, facer que as mulleres vítimas ou superviventes de violencias sexuais se sintan seguras e acompañadas tras a agresión mentres dura o proceso de superación e recuperación integral da violencia sufrida para recuperar as rendas das súas vidas. ATENPRO debe facilitar este proceso de atención e apoio as 24 horas do día e os 365 días do ano, de aí a importancia de facilitar o contacto tanto coa muller como o dela coa súa rede de apoio. A posibilidade dunha intervención, tanto inmediata como regular, coa mobilización dos recursos de atención necesarios en cada caso contribúe á recuperación integral da muller vítima. Como expresaron algunhas expertas nas entrevistas, o sentimento de inseguridade das mulleres moitas veces ten que ver coa forma en que se producen as violencias sexuais e non tanto coa sensación de que o agresor volverá a agredila. É dicir, rompeuse a súa crenza no funcionamento normal das relacións humanas e do ambiente seguro. A atención de ATENPRO, nestes casos, pode contribuír a proporcionar seguridade e tranquilidade non só dende a consecución dunha seguridade obxectiva que busque minimizar os riscos e perigos para ela (nos casos en que poida producirse unha nova agresión), senón tamén contribuíndo a unha percepción de seguridade subxectiva relacionada co seu propio proceso de afrontamento e recuperación. Para conseguilo, é imprescindible que —ante calquera necesidade relacionada coa súa situación de violencia sexual— o apoio, información, asesoramento e acompañamento se realice de forma individualizada e con profesionais especializados. Outro aspecto a ter en conta nesta percepción de seguridade por parte da vítima ou supervivente é o papel que xoga o seu entorno e o que a muller precisa deste. Non podemos ignorar que hai vínculos familiares, de parella, laborais, de amizade... que encobren violencias, vínculos coa parella, vínculos laborais, cambios de traballo, etc. En consecuencia, neste obxectivo de ATENPRO de contribuír a crear unha rede social de apoio no seu entorno habitual, cómpre valorar se é segura e se a apoia ou lle fai máis dano. En todo caso, a creación desta rede debe evitar que as mulleres vítimas ou superviventes teñan que abandonar o seu entorno e a súa vida dunha forma non elixida, senón para ter esa seguridade lexítima. En consecuencia, as medidas de protección ás vítimas ou superviventes deben complementarse con aquelas que poñen o foco nos agresores.
- Supervisións profesionais orientadas ao coidado e autocoidado do persoal: as profesionais que traballan con mulleres vítimas ou superviventes de violencias sexuais están expostas a situacións que poden afectar á súa saúde física, psicolóxica e emocional. Hai unha coincidencia maioritaria entre as profesionais entrevistadas na necesidade de que esa

supervisión técnica non sexa só dos casos, senón que se trate dunha supervisión, dun acompañamento e dun coidado delas como profesionais. Cada día están en contacto directo coas situacións de violencias sexuais que viven as mulleres, podendo sufrir desgaste e esgotamento profesional (máis coñecido como *burnout*, contaminación temática e traumatización vicaria). Os equipos tamén poden sufrir o que se coñece como «traumatización dos equipos», que fai referencia ao efecto de reproducir no grupo de traballo as dinámicas do círculo de violencia⁸⁶. Desta maneira, ante as implicacións que ten o traballo con vítimas ou superviventes de violencias sexuais e o impacto que este traballo pode ter nas profesionais que prestan este servizo, así como para garantir a súa calidade, consideramos que é indispensable que se adopten distintas medidas para supervisar, coidar e para o autocoidado do persoal. Estas medidas, con perspectiva de xénero, ademais de ser obrigatorias, deberán ser facilitadas pola entidade prestadora e, en consecuencia, incluídas nos pregos de contratación e orzamentos de ATENPRO. O coidado dos equipos é responsabilidade das institucións e organizacións das que depende ATENPRO e, polo tanto, os espazos de autocoidado, así como os estilos de liderado e formación sobre a importancia do mesmo, son aspectos imprescindibles que se deben recoller nos pregos e no novo protocolo non só para garantir a calidade do servizo, senón para atender o esgotamento e o desgaste profesional que experimentan as traballadoras dun servizo destas características dende unha perspectiva de prevención de riscos profesionais.

- Grupo asesor externo especializado: debido a que haberá casos complexos de violencias sexuais, propoñemos a creación dun grupo asesor externo con expertas en cada forma de violencia sexual para que poidan apoiar e asesorar nos casos máis complexos.
- Fortalecer a seguridade dixital: as violencias sexuais poden e adoitan ter un compoñente dixital, polo que consideramos que a mellora de ATENPRO e a incorporación das violencias sexuais debe ter un forte enfoque de ciberseguridade a nivel interno e para poder dar pautas ou ferramentas ás vítimas ou superviventes e tomalas tamén para a valoración do risco. Poden darse casos nos que se teñan en conta distintos factores para avaliar o risco, pero sen ter en conta, por exemplo, que o agresor pode obter a localización da vítima ou supervivente. Polo tanto, as pautas de seguridade dixital serán fundamentais para o equipo e tamén para as mulleres que sexan atendidas polo servizo.
- Coordinación interinstitucional e entre profesionais: a coordinación é fundamental para a atención dos casos de violencias sexuais, polo que debería crearse un protocolo unicamente sobre este punto ou incluílo no novo protocolo de atención. Neste punto, deberían terse en conta a todas as organizacións e entidades especializadas en agresión sexual, acoso sexual, trata con fins de explotación sexual, MXF, MF ou violencias sexuais dixitais, así como a que se están creando recursos para a atención especializada e integral

⁸⁶ Ver: Aron A.M. e Llanos M.T. 2004. *Cuidar a los que cuidan. Desgaste profesional y cuidado de los equipos que trabajan con violencia. Sistemas familiares*, ano 20, n.º 1-2, p. 5-15.

a vítimas ou superviventes de violencias sexuais 7/24/365, cuxa coordinación con ATENPRO será fundamental.

- Protocolos operativos: cada unha das intervencións que se realicen dende ATENPRO deberán responder a protocolos específicos en función do tipo de chamada⁸⁷, especialmente cando estas dan resposta a unha situación de crise ou emerxencia. No caso das violencias sexuais, estes protocolos deberán ter en conta as características de cada forma de violencia sexual. Malia a necesidade destes protocolos, non debemos deixar de lado a flexibilidade que require traballar con vítimas ou superviventes de violencias sexuais para situalas sempre no centro.
- Difusión: dado que por agora ATENPRO está considerado un servizo só para vítimas ou superviventes de violencia de xénero no sentido da LOMPIVX, haberá que facer un labor de difusión sobre a incorporación das violencias sexuais a este servizo.
- Fortalecemento das entidades e organizacións con recursos: pola forma na que traballa ATENPRO, para que a inclusión das violencias sexuais no servizo sexa positiva, é necesario fortalecer con recursos humanos e económicos as entidades e organizacións que traballan coas violencias sexuais.
- Financiamento estable: na actualidade, este servizo finánciase mediante a concesión directa dunha subvención prevista nos Orzamentos Xerais do Estado a favor da FEMP para a teleasistencia móbil a mulleres vítimas de violencia de xénero. Esta periodicidade non garante a prestación do servizo, polo que debería contar cun financiamento estable e máis aínda se vai incluír a violencia sexual como parte da súa ampliación.

c. SUXESTIÓNS ESPECÍFICAS

i. Proposta de protocolo de atención ás violencias sexuais

Parécenos indispensable que, para incorporar as violencias sexuais, ATENPRO elabore un Protocolo de atención ás violencias sexuais que, como mínimo, debería:

- Contar para a súa elaboración coa participación de superviventes e de organizacións de mulleres e feministas, especialmente as que acompañan procesos de mulleres vítimas e superviventes de violencias sexuais.
- Ter unha perspectiva de xénero, interseccional e da infancia, así como dos dereitos humanos, situando no centro as vítimas ou superviventes de violencias sexuais como titulares de dereitos.

⁸⁷ (1) Chamadas das usuarias ao Centro de atención; (2) Chamadas de seguimento do Centro de atención a persoas usuarias; (3) Chamadas de emerxencia, e (4) Comunicacións de control técnico do servizo.

- Ter en conta as obrigas que dá o marco internacional e europeo de protección dos dereitos humanos en materia de violencias sexuais, con especial atención ao Convenio de Istambul e aos cambios normativos estatais, en particular á LOGILS.
- Incluír os prexuízos e estereotipos de xénero e mitos da violación presentes nas formas ou manifestacións da violencia sexual, e establecer a importancia da súa detección e erradicación para non responsabilizar nin culpar as vítimas ou superviventes.
- Establecer a especialización que requiren as distintas formas de violencias sexuais e contar cun apartado específico para abordar cada forma de violencia sexual: agresión sexual, acoso sexual, trata con fins de explotación sexual, MXF, MF ou violencias sexuais dixitais.
- Contar cun apartado de atención urxente e outro de atención en crise ás vítimas de violencias sexuais.
- Actualizarse en función das necesidades que se vaian detectando e das avaliacións que se vaian realizando.
- Establecer a coordinación institucional e ter como anexo un mapa de recursos para as vítimas ou superviventes das diferentes formas de violencia sexual.

ii. Propostas de medidas concretas que favorezan a supervisión técnica e a formación continua e especialización do equipo profesional que asiste as usuarias de ATENPRO vítimas do obxecto do estudo

Como medidas concretas, detectamos como fundamentais a formación e a avaliación, que desenvolvemos a continuación:

1. Itinerario formativo

Aínda que o actual Protocolo de actuación de ATENPRO (2012) menciona «persoal especificamente preparado» ou «persoal especializado», non establece cal debe ser a formación, se debe ser obrigatoria ou continua. Nas «Actuacións para a prevención integral da violencia de xénero» recollidas nos Orzamentos Xerais do Estado para 2022, márcanse cales son os obxectivos dunha das actuacións destinadas á «mellora da resposta institucional, coordinación e traballo en rede co fin de garantir ás mulleres o exercicio efectivo dos seus dereitos»⁸⁸. Entre estes, destácase a mellora da prestación de ATENPRO, ampliándoo ás vítimas de todas as formas de violencia contra as mulleres, incluídas as violencias sexuais, potenciando o papel que desempeñan as entidades locais na súa prestación, así como a formación do seu persoal. É na liña de actuación relativa á «Formación e sensibilización de

⁸⁸ *Presupuesto por programas y memoria de objetivos*. 2022. Tomo XX (Sección 30. Ministerio de Igualdade). Programa 232B. Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

profesionais» onde se fai máis expreso o obxectivo da necesidade dunha formación continua e integral e actualización da formación dos recursos humanos de ATENPRO, entre outros.

Pola súa banda, lembremos que o Convenio de Istambul establece no seu artigo 15 o relativo á formación de profesionais, sinalando o carácter sistemático da formación básica e continua daqueles profesionais que atenden as vítimas de calquera acto de violencia, incluídas as sexuais. A tal efecto, sinala que os estados impartirán ou reforzarán unha formación axeitada dos profesionais pertinentes, que debe incluír a prevención e detección da devandita violencia, a igualdade entre mulleres e homes, as necesidades e dereitos das vítimas e a prevención da vitimización secundaria. Ademais, deberán fomentar a inclusión dunha formación en materia de cooperación coordinada e interinstitucional co fin de permitir unha xestión global e axeitada das directrices nos asuntos de violencia incluídos no ámbito do Convenio, como as violencias sexuais.

Agora ben, o Título III sobre formación da LOGILS establece as medidas de formación necesarias para garantir a especialización dos profesionais que interveñen, directa ou indirectamente, na prevención, detección, reparación e resposta ás violencias sexuais, na atención ás vítimas que teñen relación directa cos agresores, con especial atención á formación do persoal que teña contacto directo e habitual con menores de idade. Esta especialización realizarase a través da formación inicial obrigatoria e da formación continua. Da mesma maneira, a LOPIVI promove e garante a formación especializada, inicial e continua, dos e das profesionais das administracións públicas que teñan contacto habitual con menores de idade, afondando en dous aspectos, o xurídico e o social, da sensibilización e concienciación.

Polo que dada a importancia que ten a formación e, polo tanto, a especialización nun servizo que atenderá a unha vítima ou supervivente de violencias sexuais, que ademais é unha obriga tal e como mantivemos ao longo deste estudo, consideramos que na súa inclusión das violencias sexuais, ATENPRO debería contar cun itinerario formativo que, como mínimo:

- Se estableza detalladamente no prego.
- Sexa obrigatorio e continuo, dando tempo ás profesionais para que poidan formarse.
- Conteña a formación inicial e a formación continua. Esta última poderase ir adaptando en función das necesidades que as profesionais vaian detectando.
- Se deseñe dende unha perspectiva de xénero e interseccional, tendo en conta tamén a perspectiva da infancia. A perspectiva interseccional debe abordar a intersección e interacción entre os diferentes sistemas de opresión ou eixes de desigualdade e o seu impacto na vida das mulleres que afrontan violencias sexuais, incluído o racismo e distinguindo o múltiple do interseccional, así como a discriminación interseccional da múltiple.

- Teña en conta que as violencias sexuais son unha forma de violencia por razón de xénero contra as mulleres e, polo tanto, unha forma de discriminación e unha vulneración dos dereitos humanos.
- Teña como punto de partida o dereito á igualdade e á non discriminación das mulleres, incluída a discriminación interseccional.
- Considere as características das violencias sexuais, o trauma, a crise, o impacto destas violencias na saúde mental, os dereitos sexuais e reprodutivos, a non revitimización, a detección e eliminación de prexuízos e estereotipos de xénero dende unha perspectiva interseccional, os mitos da violación e a reparación integral das vítimas ou superviventes.
- Conte cun módulo sobre o marco normativo estatal, autonómico e local, así como sobre o marco internacional e europeo de protección dos dereitos humanos, centrándose no dereito a unha vida libre de violencias sexuais para todas as mulleres, situando as vítimas ou superviventes destas violencias no centro, como titulares de dereitos. Suxírese que este módulo sexa deseñado e impartido por unha xurista feminista con experiencia traballando nas violencias sexuais. Este módulo debería incluír, como mínimo:
 - A CEDAW e as Recomendacións xerais do Comité CEDAW, ditames e observacións finais a España, ademais da información doutros convenios e comités no marco do sistema universal de protección dos dereitos humanos que aborden as violencias sexuais.
 - O marco do Consello de Europa, con especial atención ao Convenio de Istambul e ás recomendacións do GREVIO, así como a principal xurisprudencia na materia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos. Así mesmo, o relativo ao Convenio de Varsovia e ao GRETA, así como ao Convenio de Budapest e o de Lanzarote.
 - O marco da Unión Europea.
 - A LOGILS, a LOPIVI, a Lei orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, as leis que abordan as violencias sexuais nas CC. AA., a Estratexia estatal de loita contra as violencias machistas 2022-2025, o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e o *Catálogo de referencia de políticas y servicios en materia de violencia contra las mujeres conforme a los estándares internacionales de derechos humanos*.
- Conte cun módulo sobre o impacto que teñen na saúde mental as violencias sexuais, o trauma, a crise, a violencia psicolóxica e o acompañamento en casos de violencias sexuais, tendo en conta as distintas formas de violencia sexual: agresión sexual, acoso sexual, trata con fins de explotación sexual, MXF, MF e violencias dixitais sexuais. Suxírese que este

módulo sexa deseñado e impartido por unha psicóloga feminista con experiencia traballando nas violencias sexuais.

- Teña un módulo para cada forma de violencia sexual (agresión sexual, acoso sexual, trata con fins de explotación sexual, MXF, MF e violencias dixitais sexuais) realizado por expertas e organizacións que acompañan estes casos en cada unha das formas desta violencia.
- Inclúa as diferentes casuísticas das diversas formas de violencia sexual.
- Incorpore os dereitos das nenas, nenos e adolescentes e lles permita recoñecer o interese superior das nenas e nenos como unha consideración primordial.
- Inclúa a formación en seguridade dixital e en autodefensa feminista.
- Inclúa os materiais correspondentes.
- Teña un mecanismo de avaliación para as formacións recibidas.

O itinerario formativo pode ter en conta a experiencia inicial dalgúns servizos como os que cubriron o cuestionario e cos que realizamos as entrevistas en profundidade, e debe implicar non só o coñecemento ou aprendizaxe de normas, senón tamén o desenvolvemento de capacidades para recoñecer a discriminación e a discriminación interseccional que afrontan as mulleres na súa vida diaria e proporcionar ferramentas para identificar as causas, consecuencias e impactos que as violencias sexuais teñen na vida das mulleres, contribuíndo ao recoñecemento das consecuencias que ten o uso de prexuizos e estereotipos de xénero, así como os mitos da violación que adoitan responsabilizar ou culpar as mulleres vítimas ou superviventes de violencias sexuais que outras persoas exercen contra elas.

2. Sistema de avaliación

Como indicamos noutras partes deste estudo, a avaliación dos servizos que atenden as mulleres vítimas ou superviventes de violencias sexuais é fundamental para garantir a súa calidade e accesibilidade. Por este motivo, consideramos que a mellora e ampliación de ATENPRO, que incorporará as violencias sexuais, debe incluír un mecanismo propio de avaliación a partir dos pregos. Un sistema de avaliación que ademais permita avaliar e mellorar as políticas públicas. Para ATENPRO, propoñemos un sistema de avaliación que, como mínimo:

- Se inclúa nos pregos.
- Conte cun protocolo.

- Conteña a creación de indicadores establecendo obxectivos e a forma en que se considera que estes se cumpriron ou non. Isto vai depender do novo prego e do protocolo de actuación. Os indicadores deberán ser realistas e permitir medir se o obxectivo se cumpriu ou non.
- Abranga o seguinte:
 - A creación dun cuestionario de avaliación con preguntas abertas para que as vítimas ou superviventes de violencias sexuais poidan achegar de forma anónima o seu punto de vista sobre a súa experiencia en ATENPRO, cuestións positivas e áreas de mellora. O cuestionario debe ser accesible para todas as mulleres, tendo en conta as barreiras idiomáticas, as mulleres con diversidade funcional e adaptarse ás nenas e nenos.
 - A avaliación do desempeño das profesionais por parte das supervisoras. Avaliar o desempeño do traballo é unha ferramenta importante para motivar a calidade, eficacia e eficiencia no mesmo, así como para promover as competencias persoais e profesionais que se consideran desexables para o cumprimento dos obxectivos de ATENPRO. Ademais, a avaliación do desempeño representa un instrumento para incentivar o desenvolvemento profesional de todas as persoas traballadoras. A avaliación do desempeño será obrigatoria e anual, establecendo os obxectivos de desempeño e a forma de medilos ao inicio do período de avaliación e individualmente para cada traballador/a. As persoas con responsabilidades de supervisión, coordinación e xestión tamén deben ser avaliadas. Teranse en conta as respostas aos cuestionarios por parte das usuarias de ATENPRO, así como a asistencia á formación continua e a carga de traballo de cada profesional.
 - A xeración dun espazo semestral no que as profesionais poidan compartir as súas inquietudes sobre as posibles áreas de mellora de ATENPRO, que serán recollidas pola supervisora, que será a responsable de levalas a cabo.
 - A creación dunha caixa de correo anónima onde as profesionais poderán transmitir as súas preocupacións ou inquietudes para a mellora de ATENPRO.
 - A avaliación externa anual levada a cabo por profesionais especializadas para ver o impacto do servizo na vida das usuarias e avaliar a atención recibida e o traballo realizado, tendo en conta, ademais, os cuestionarios de avaliación contestados polas usuarias, as avaliacións de desempeño das supervisoras e o contido da caixa de correo anónima. Tamén incluírá a opinión das profesionais das entidades locais adheridas a ATENPRO e das organizacións de mulleres e feministas que acompañan casos de violencias sexuais.
- Valore a situación de benestar no equipo e detecte calquera necesidade de máis recursos económicos, humanos ou tecnolóxicos.

- Analice os motivos das baixas en ATENPRO.
- Inclúa unha análise da efectividade do protocolo de actuación e dos protocolos internos, así como formulando suxestións de mellora se fose preciso.
- Se inclúa a avaliación nas memorias anuais de ATENPRO xunto coas medidas que se levarán a cabo para mellorar o servizo.
- Leve un rexistro das chamadas e do seu seguimento para que a avaliación sexa efectiva.
- Ter en conta a opinión e experiencia actual das encargadas de ATENPRO (Cruz Vermella) sería positivo para a materialización do sistema de avaliación.

10. CONCLUSIONES

A atención e protección das mulleres vítimas e superviventes de violencias sexuais debe estar no centro de calquera intervención que se realice dende as administracións públicas. É obriga dos estados, e como parte da estrutura de gobernar tamén das administracións locais, adoptar as políticas públicas necesarias para loitar contra todas as formas de violencia sexual considerando que as vítimas ou superviventes son titulares de dereitos. Pola súa proximidade á función pública, as entidades locais teñen a responsabilidade directa de proporcionar servizos públicos comprensibles, axeitados e accesibles para protexer as mulleres das violencias por razón de xénero, que inclúen as violencias sexuais, e de garantir o seu proceso de recuperación e reparación integral. Este é un proceso longo e complexo que require da especialización e acompañamento das e dos profesionais que atenden as mulleres vítimas ou superviventes. Un proceso no que interveñen moitos factores, ademais de que as violencias sexuais son unha violencia moi estigmatizada na que se adoita culpar ou responsabilizar as mulleres.

Para a prevención local en casos de violencias sexuais, é necesario ter en conta as particularidades de cada forma, manifestación ou ámbito desta violencia (agresión sexual, acoso sexual, trata con fins de explotación sexual, MXF, MF e violencias sexuais no ámbito dixital), e realizar un traballo conxunto coas comunidades autónomas, elaborando campañas municipais con perspectiva de xénero e interseccional dirixidas a toda a sociedade, especialmente a homes, mozos e nenos, para contribuír activamente na eliminación dos estereotipos vinculados á «cultura da violación», así como campañas de información dirixidas a mulleres de todas as idades e en diferentes idiomas con información sobre os seus dereitos e recursos dispoñibles.

Na atención das violencias sexuais é fundamental a especialización e o perfil das e dos profesionais, así como a existencia de recursos suficientes e accesibles para todas as mulleres.

Entre as violencias sexuais, a trata con fins de exploración sexual, a MXF, o MF e as ciberviolencias sexuais requiren un maior grao de atención por parte dos recursos municipais, xa que non adoita haber recursos suficientes e/ou coa especialización concreta para abordar estas violencias. Así mesmo, débese prestar especial atención a aqueles grupos de mulleres con máis dificultades para acceder aos servizos como consecuencia da discriminación interseccional.

Á hora de analizar as cifras das violencias sexuais, cómpre ter presente que, ante as actuais carencias estatísticas das fontes oficiais que permitan ofrecer unha imaxe homoxénea e detallada desta realidade, as cifras adoitan ser unha aproximación. Na actualidade, España non conta cunha fonte oficial que recolla todas as formas de violencia sexual, xa que só adoitan recollese algunhas formas e cada cal segue a súa propia metodoloxía, sen que exista unha definición uniforme (algo que se resolve coa definición que ofrece a LOGILS), e sen que necesariamente se teñan en conta as distintas formas, manifestacións e ámbitos da violencia sexual ou as condutas que consideramos neste estudo. Polo que cómpre unha forma unificada de recoller e contar datos sobre todas estas formas de violencia sexual, deseñada e implementada dende unha perspectiva de xénero e interseccional, que permita dispoñer dos datos necesarios para avaliar as políticas públicas e melloralas.

A ampliación de ATENPRO supón un avance na protección das mulleres e vítimas de violencias machistas, tal e como están recollidas no Convenio de Istambul ratificado por España. Este ofrece acompañamento psicosocial e protección, o que fai que a sensación de seguridade aumente, promovendo espazos seguros e xerando un vínculo de confianza que permite intervencións eficaces e reparadoras as 24 horas do día, os 365 días do ano. Precisamente, ampliar ATENPRO, incluíndo as violencias sexuais, pode contribuír a que vítimas ou superviventes destas violencias se sintan máis seguras ao contar co dispositivo. As casuísticas reais trasladadas polos recursos entrevistados como factibles para o apoio e acompañamento das mulleres vítimas ou superviventes de violencias sexuais por parte de ATENPRO responden a situacións nas que existe unha percepción de perigo por parte da muller, unhas veces obxectiva e outras subxectiva. Para que esta inclusión teña éxito, consideramos que é fundamental a formación especializada e continua das profesionais de ATENPRO, dende unha perspectiva de xénero e interseccional, que teña en conta as superviventes destas violencias sexuais e que conte coa participación das organizacións de mulleres e feministas, en particular das que acompañan estes casos, así como deseñar e implementar un sistema de avaliación.

Un aspecto fundamental que detectamos nesta investigación é que os servizos locais que atendan os casos de violencias sexuais deberían incluír nos seus equipos mulleres superviventes de violencias sexuais e contar tamén con mulleres diversas para que máis mulleres acudan aos servizos e se sintan mellor identificadas, por exemplo, contar con mulleres racializadas, de distintas orixes ou mulleres con diversidade funcional. Estes servizos deben contar con referentes para outras mulleres e levar a cabo un traballo de base e comunitario para difundir os seus servizos e contribuír á erradicación das violencias sexuais.

